Historia do cabaleiro des Grieux e de Manon Lescaut

Antoine-François Prévost d'Exiles

Tradución de Emma Lázare

ATG
asociación de tradutores galegos

Historia do cabaleiro des Grieux e de Manon Lescaut

Antoine-François Prévost d'Exiles

Tradución de Emma Lázare

ADVERTENCIA DO AUTOR
das
Memorias dun home de calidade

Aínda que puiden incluír nas miñas Memorias as aventuras do cabaleiro des Grieux, pareceume que, non habendo unha relación necesaria con elas, o lector encontraría máis satisfacción en velas separadas. Un relato desa lonxitude interrompería durante demasiado tempo o fío da miña propia historia. Por moi lonxe que estea de pretender á calidade de escritor exacto, non ignoro que unha narración se debe descargar das circunstancias que a farían pesada e confusa. É o precepto de Horacio:

Ut jam nunc dicat jam nunc debentia dici
Pleraque differat, ac praesens in tempus omittat.[1]

Pero nin sequera é necesaria tan grave autoridade para probar verdade tan simple; pois o sentido común é a primeira fonte desta regra.

Se o público atopou algo de agradable e de interesante na historia da miña vida, atrévome a prometerlle que non quedará menos satisfeito deste engadido. Verá, na conduta do Señor des Grieux, un exemplo terrible da forza das paixóns. Teño que pintar un mozo cego, que se nega a ser feliz, para precipitarse voluntariamente nos máis extremados infortunios; que, tendo todas as calidades coas que se forma o máis brillante mérito, prefire, por elección, unha vida escura e vagabunda a todas as vantaxes da fortuna e da natureza; que prevé as súas desgracias, sen querer evitalas; que as sinte e que se ve oprimido por elas, sen aproveitar os remedios que se lle ofrecen sen cesar e que poden concluílas en todo momento; en fin, un carácter ambiguo, unha mestura de virtudes e vicios, un contraste perpetuo de bos sentimentos e de malas accións. Tal é o fondo do cadro que presento. As persoas de bo xuízo no verán unha obra desta natureza como un traballo inútil. A máis do pracer dunha lectura agradable, poucos acontecementos se atoparan aquí que non poidan servir para a instrución dos costumes; e, na miña opinión, instruír o público divertíndoo é facerlle un favor considerable.

Non se pode reflexionar sobre os preceptos da moral sen asombrarse de velos estimados e descoidados á vez; e un pregúntase pola razón desa singularidade do corazón humano, que lle fai apreciar as ideas de ben e de perfección, das que se afasta na práctica. Se as persoas dun certo orde de espírito e de educación queren examinar cal é a materia máis común das súas conversas, ou mesmo dos seus soños solitarios, halles ser doado observar que case sempre xiran en torno a consideracións morais. Os máis doces momentos da súa vida son aqueles que pasan, ou sós ou con algún amigo, conversando a corazón aberto sobre os atractivos da virtude, as dozuras da amizade, os medios de chegar á felicidade, as debilidades da natureza que nos apartan dela e os remedios que as poden curar. Horacio e Boileau sinalan este tema de conversación coma un dos máis fermosos trazos cos que eles compoñen a imaxe dunha vida feliz. Como acontece, logo, que se caia tan facilmente desas elevadas especulacións e que tan axiña se atope un ó nivel do común dos mortais? Estou enganado se a razón que vou aducir non explica ben esa contradición entre as nosas ideas e a nosa conduta; e o caso é que, como todos os preceptos da moral non son senón principios vagos e xerais, é moi difícil facer unha apreciación particular deles para o detalle dos costumes e das accións. Poñamos un exemplo sobre a cousa. As almas ben nacidas senten que a dozura e a humanidade son virtudes amables e levan en si a inclinación a practicalas; pero no momento de exercitalas a miúdo permanecen en suspenso. É realmente a ocasión?

Sábese ben cal ha ser a súa medida? Non se equivocará un sobre o seu obxecto? Cen dificultades nos deteñen. Témese ser vítima de engano ó querer ser benfeitor e liberal; ou pasar por débil ó parecer demasiado tenro e demasiado sensible; nunha palabra, excedernos ou non satisfacer abondo uns deberes que están encerrados dun xeito demasiado escuro nas nocións xerais de humanidade e de dozura. Nesa incerteza, só a experiencia ou o exemplo poden determinar razoablemente a inclinación do corazón. Agora ben, a experiencia non é unha vantaxe que lle sexa dada a todo o mundo posuír; depende das diferentes situacións nas que nos teña colocado a fortuna. Así que, a gran cantidade de persoas, só lles queda o exemplo para poder servir de regra no exercicio da virtude. E é precisamente á esa clase de lectores aos que obras coma esta poden ser de extrema utilidade, polo menos cando están escritas por persoas de honor e de sentido común. Cada feito que alí se narra supón un grao de luz, unha instrución que suple á experiencia; cada aventura é un modelo segundo o cal se pode un formar; só falta axustalo ás circunstancias nas que se encontra un. A obra toda é un tratado de moral, agradablemente reducido a exercicio.

Tal vez un lector severo se ofenda ó verme retomar a pluma, á miña idade, para escribir aventuras de fortuna e de amor; pero se a reflexión que acabo de facer é sólida, xustifícame; se é falsa, o meu erro será a miña escusa.

PRIMEIRA PARTE

Véxome obrigado a facer remontar ó meu lector ó tempo da miña vida no que atopei por primeira vez o cabaleiro des Grieux. Ocorreu uns seis meses antes da miña partida para España. Aínda que raramente saíse da miña soidade, a compracencia que sentía pola miña filla levábame ás veces a emprender pequenas viaxes, que abreviaba todo o que me era posible. Volvía eu un día de Rouen, a onde, a instancias súas, fora solicitar un litixio no Parlamento de Normandía, pola sucesión dunhas terras ás que eu lle deixara pretensións por parte do meu avó materno. Regresando por Evreux, onde durmín a primeira noite, cheguei ó día seguinte a cear a Pacy, que está a cinco ou seis leguas de alí. Sorprendeume, ó entrar naquel pobo, ver a todos os habitantes en axitación. Precipitábanse fóra das casas para correr en tropel ata porta dunha pousada ruín, diante da que se achaban dous carros cubertos. Os cabalos, que aínda estaban enganchados e que parecían fumegar de fatiga e de calor, mostraban que aqueles dous coches non facían senón chegar. Detívenme un momento para informarme de onde proviña o tumulto; pero pouca luz saquei dun populacho curioso, que non facía ningún caso das miñas preguntas e que seguía avanzando cara a pousada, empuxándose entre unha gran confusión. Por fin, apareceu na porta un arqueiro revestido dunha bandoleira e co mosquete ó ombro e aceneille coa man a que viñese onda min. Rogueille que me desvelara a causa daquel desorde. Non é nada, cabaleiro, dixo; é unha ducia de mulleres de vida alegre que levo, cos meus compañeiros, ata o Havre-de-Grâce, onde as faremos embarcar rumbo a América. Hai algunhas bonitas e iso parece ser o que excita a curiosidade destes bos campesiños. Tras aquela explicación, houbera seguido para diante, se non me detivesen as exclamacións dunha anciá que saía da pousada xuntando as mans, e berrando que aquilo era unha cousa bárbara, unha cousa que producía horror e compaixón. E logo, de que se trata?, díxenlle eu. Ai!, cabaleiro, respondeu, entrade e mirade se este espectáculo non é quen de fender o corazón! A curiosidade fíxome apear do cabalo, que lle deixei ó meu palafreneiro. Entrei con dificultade, furando entre a multitude e vin, en efecto, algo bastante conmovedor. Entre as doce mozas, que estaban encadeadas de seis en seis polo medio do corpo, había unha de aspecto e de cara tan pouco conformes coa súa condición, que noutras circunstancias a tomaría eu por unha

persoa de categoría. A súa tristeza e a sucidade dos seus vestidos afeábana tan pouco que a súa vista me inspirou respecto e compaixón. Ela intentaba, porén, volverse de costas, no que a cadea llo permitía, para subtraer a súa faciana ós ollos dos espectadores. O esforzo que facía para ocultarse era tan natural que parecía provir dun sentimento de modestia. Como os seis gardas que acompañaban aquela desgraciada banda estaban tamén no cuarto, collín o xefe á parte e pedinlle algunha luz sobre a sorte daquela fermosa moza. Só me puido dar algunha moi xeral. Sacámola do Hôpital[2], díxome, por orde do Señor Tenente Xeral de Policía. Non parece que a encerraran alí polas súas boas accións. Eu interrogueina varias veces polo camiño, ela obstínase en non responder nada. Pero, aínda que non recibín orde de tratala mellor cás outras, non deixo de ter algúns miramentos con ela, porque me parece que vale un pouco máis cas súas compañeiras. Aí hai un mozo, engadiu o arqueiro, que podería instruírvos mellor ca min sobre a causa da súa desgracia; seguiuna desde París, sen deixar nin un momento de chorar. Debe ser o seu irmán ou o seu amante.

Volvinme cara o recanto da habitación onde estaba sentado aquel mozo. Semellaba afundido nun soño profundo. Nunca vin imaxe máis viva da dor. Ía vestido con gran sinxeleza; pero, un home de alta nacenza e de educación distínguese a primeira vista. Achegueime a el. Levantouse; e descubrín nos seus ollos, na súa cara e en todos os seus movementos, un aire tan fino e tan nobre que me sentín naturalmente inclinado a desexarlle o ben. Non vos quero incomodar, dixen, sentando onda el. Quereriades satisfacer a curiosidade que teño por coñecer esa fermosa persoa, que non me parece feita para para o triste estado no que a vexo? Respondeume honradamente que non me podía informar de quen era ela sen se presentar el mesmo, e que tiña serias razóns para desexar seguir sendo descoñecido. Pero pódovos dicir, porén, o que estes miserables non ignoran, continuou, mostrando os arqueiros, é que a amo cunha paixón tan violenta que me fai o máis infortunado dos homes. Intenteino todo, en París, para conseguir a súa liberdade. As peticións, a habilidade e a forza fóronme inútiles; tomei o partido de seguila, así deba ela ir á fin do mundo. Embarcarei con ela, pasarei a América. Pero o que é do máis inhumano é que estes covardes vergalláns, engadiu referíndose ós arqueiros, non me queren permitir acercarme a ela. O meu plan era atacalos abertamente a unhas leguas de París. Asociárame con catro homes que me prometeran o seu socorro por unha suma considerable. Os traidores deixáronme só e marcharon cos meus cartos. A imposibilidade de vencer pola forza fíxome abandonar as armas. Propúxenlles ós

arqueiros que me permitiran polo menos seguilos, ofrecéndolles unha recompensa. A ansia de lucro fíxolles consentir. Quixeron que lles pagara cada vez que me concedían a liberdade de falar coa miña amante. A bolsa esgotóuseme en pouco tempo, e agora que estou seu un can, teñen a crueldade de rexeitarme brutalmente cada vez que dou un paso cara ela. Só hai un instante que, ousando aproximarme malia as súas ameazas, tiveron a insolencia de levantar contra min o fusil. Véxome obrigado, para satisfacer a súa avaricia e para poñerme en condicións de continuar o camiño a pé, a vender aquí un cabalo ruín que me serviu ata agora de montura.

Aínda que semellase facer aquel relato con bastante tranquilidade, deixou caer algunhas bágoas ó cabo. Aquela aventura pareceume das máis extraordinarias e das máis conmovedoras. Non o apremo, díxenlle, a que me desvele o segredo dos seus asuntos, pero se lle podo ser útil en algo, ofrézome de boa gana a axudalo. Por desgracia, repuxo el, no vexo a menor luz de esperanza. Téñome que someter a todo o rigor da miña sorte. Irei a América. Polo menos alí estarei libre con aquela que amo. Escribinlle a un amigo meu que me fará chegar algún socorro ó Havre-de-Grâce. Só teño dificultade para chegar ata aló e para procurarlle a esta pobre criatura, engadiu mirando tristemente a súa amante, algún alivio polo camiño. Pois ben, díxenlle eu, vou acabar coas vosas dificultades. Aí tedes algúns cartos que vos rogo que aceptedes. Sinto non poder servirvos doutra maneira. Dinlle catro luíses de ouro, sen que os gardas se decatasen, pois ben supoñía que, se sabían que contaba con esa suma, venderíanlle máis cara a súa axuda. Incluso me pasou pola cabeza a idea de tratar con eles para conseguirlle ó mozo amante a liberdade de falar continuamente coa súa amada ata o Havre. Aceneille o xefe para que se aproximara e propúxenllo. Pareceu avergoñado, malia o seu descaro. Cabaleiro, no é que que nos neguemos a deixalo falar con esa moza, dixo algo apurado, pero, se por el fora estaría todo o tempo onda ela; iso énos incómodo, é xusto que pague pola incomodidade. Vexamos, logo, o que faría falta para impedirvos sentila, díxenlle eu. Tivo a ousadía de pedirme dous luíses. Deillos ó instante: pero tede coidado, díxenlle, que non se vos escape algunha ruindade, pois voulle deixar a miña dirección ó mozo para que me poida informar, e contade con que teño poder abondo para facer que vos castiguen. Custoume seis luíses de ouro. A afabilidade e o vivo agradecemento cos que aquel mozo descoñecido me deu as grazas, acabaron de persuadirme de que era ben nacido, e de que merecía a miña xenerosidade. Díxenlle algunhas palabras á súa amante, antes de marchar. Respondeume cunha

modestia tan doce e tan encantadora que non puiden evitar, ó saír, facer mil reflexións sobre o carácter incomprensible das mulleres.

Tras volver á miña soidade, non souben da continuación daquela aventura. Pasaron cerca de dous anos, que ma fixeron esquecer completamente, ata que o azar fixo renacer a ocasión de informarme a fondo de todas as súas circunstancias. Chegaba eu de Londres a Calais co marqués de..., meu discípulo. Paramos, se ben recordo, no *Lion d'Or*, onde varias razóns nos obrigaron a pasar o día enteiro e a noite seguinte. Camiñando á tarde polas rúas, crin albiscar aquel mesmo mozo que atopara en Pacy. Ía moi mal vestido, e estaba moito máis pálido que a primeira vez que o vira. Levaba ó brazo unha vella maleta, pois non facía senón chegar á vila. Porén, como tiña unha fisionomía demasiado fermosa para non ser recoñecida facilmente, de seguida o identifiquei. Temos que abordar a ese home, díxenlle o marqués. A súa alegría foi máis viva do que se poida expresar, cando me recoñeceu á súa vez. Ah!, cabaleiro, exclamou bicándome a man, así que vos podo expresar unha vez máis o meu inmortal agradecemento! Pregunteille de onde viña. Respondeume que chegaba, por mar, do Havre-de-Grâce a onde regresara dende América pouco antes. Non me parecedes andar moi ben de diñeiro, díxenlle eu. Ide ó *Lion d'Or*, onde me albergo eu. Nun momento reúnome con vos. Volvín alí, en efecto, cheo de impaciencia por coñecer os detalles do seu infortunio e as circunstancias da súa viaxe a América. Tiven mil atencións con el e ordenei que non deixasen que lle faltara de nada. Non esperou a que eu o apremara para contarme a historia da súa vida. Cabaleiro, dixo, portádesvos tan nobremente comigo que me reprocharía coma unha ingratitude das máis baixas, ter algunha reserva con vos. Quérovos contar, non só os meus pesares e as miñas penas, senón tamén os meus desordes e as miñas máis vergonzosas debilidades. Estou seguro de que condenándome, non poderedes evitar apiadarvos de min.

Debo advertir aquí o lector de que escribín a súa historia inmediatamente despois de tela oído e de que, en consecuencia, pode estar seguro, de que nada é máis exacto e máis fiel que esta narración. Digo fiel ata na relación das reflexións e dos sentimentos que o mozo aventureiro expresaba coa maior gracia do mundo. Eis, pois, o seu relato, ó que non engadirei, ata a fin, nada que non sexa del.

Tiña eu dezasete anos e acababa os meus estudios de filosofía en Amiens, onde meus pais, que son dunha das mellores casas de P., me enviaran. Levaba unha vida tan sensata e ordenada, que os meus mestres me poñían como exemplo do colexio. Non é que eu fixese esforzos extraordinarios para merecer ese eloxio, pero son, por natureza, de temperamento doce e tranquilo: aplicábame ó estudio por inclinación e contábanseme como virtudes algunhas marcas de aversión natural polo vicio. O meu berce, o éxito nos estudios e algún atractivo exterior fixéranme coñecer e estimar de toda a xente honrada da vila. Rematei os exercicios públicos cunha aprobación tan xeral que o Señor Bispo, que asistía a eles, propúxome entrar no estado eclesiástico onde non deixaría, segundo el, de atraerme máis distinción ca na orde de Malta, á que a miña familia me destinaba. Xa me facían levar a cruz, co nome de Cabaleiro Des Grieux. Como chegaban as vacacións, preparábame para retornar a casa de meu pai, que me prometera enviarme axiña á Academia. A miña única pena, ó marchar de Amiens, era deixar alí un amigo ó que sempre estivera afectuosamente unido. Era uns anos máis vello ca min. Foramos educados xuntos, pero sendo os bes da súa casa moi mediocres, víase obrigado a abrazar a carreira eclesiástica, e quedar en Amiens atrás de min, para facer alí os estudios convenientes a tal profesión. Tiña mil boas calidades. Xa o coñeceredes polas mellores na continuación da miña historia, e sobre todo, por un celo e unha xenerosidade na amizade que superan os máis célebres exemplos da antigüidade. Se daquela eu houbese seguido os seus consellos tería sido sempre sensato e feliz. Se, polo menos, aproveitara os seus reproches no precipicio ó que as miñas paixóns me arrastraron, tería salvado algo do naufraxio da miña fortuna e da miña reputación. Pero non recolleu outro froito dos seus desvelos cá dor de velos inútiles e, ás veces, duramente recompensados por un ingrato ó que ofendían e que os consideraba inoportunos.

Xa puxera a data para a miña partida de Amiens. Ai! por que non a puxen un día antes? Houbera levado á casa de meu pai toda a miña inocencia. A véspera mesma do día en que debía marchar desa vila, paseando co meu amigo, que se chamaba Tiberge, vimos chegar a dilixencia de Arras, e seguímola ata a pousada onde paran eses coches. Non nos movía outro motivo cá curiosidade. Apeáronse algunhas mulleres, que de seguida se retiraron. Pero quedou unha, moi nova, que se detivo soa no patio, mentres que un home de idade avanzada, que semellaba servirlle de guía, se afanaba por facer sacar a súa equipaxe dos cestos. Pareceume tan encantadora que eu, que nunca pensara

na diferencia dos sexos, nin ollara para unha moza cun pouco de atención, eu, digo, a sabedoría e discreción do cal todo o mundo admiraba, atopeime inflamado de pronto ata o delirio. Tiña o defecto de ser excesivamente tímido e fácil de desconcertar; mais lonxe de quedar parado entón por esa debilidade, avancei cara a dona do meu corazón. Se ben ela era aínda máis nova ca min, recibiu as miñas atencións sen parecer turbada. Pregunteille que a traía por Amiens e se tiña algúns coñecidos alí. Respondeume inxenuamente que a mandaran alá seus pais para ser relixiosa. O amor, que só levaba un momento no meu corazón, xa me facía tan sagaz, que vin aquel propósito como un golpe mortal para os meus desexos. Faleille dunha maneira que lle fixo comprender os meus sentimentos, pois ela era ben máis experimentada ca min. Mandábana ó convento contra o seu gusto, para deter, sen dúbida, a súa inclinación ó pracer, que xa se declarara e que causou, en adiante, todos os seus pesares e mailos meus. Combatín a cruel intención dos seus pais con todas as razóns que o meu nacente amor e a miña elocuencia escolástica me puideron suxerir. Ela non simulou nin rigor nin desdén. Díxome, tras un momento de silencio, que demasiado vía ela que ía ser desgraciada, pero que esa parecía ser a vontade do Ceo, pois non lle deixaba ningún medio de evitala. A dozura das súas olladas, un encantador aire de tristeza ó pronunciar aquelas palabras ou, máis ben, o ascendente do meu destino que me arrastraba á miña perdición, non me permitiron vacilar un momento na miña resposta. Asegureille que, se quería fiarse do meu honor e da tenrura infinita que xa me inspiraba, empregaría a miña vida para librala da tiranía dos seus pais, e facela feliz. Mil veces me teño preguntado, ó pensar niso, de onde me viña entón tanta ousadía e tanta facilidade para expresarme; pero non se faría do amor unha divindade se non operase a miúdo prodixios. Engadín mil cousas persuasivas. A miña bonita descoñecida ben sabía que, á miña idade, non se engana; confesoume que, se eu vía algunha posibilidade de poder poñela en liberdade, crería serme debedora de algo máis caro cá vida. Repetinlle que estaba disposto a intentalo todo, pero que non tendo experiencia abondo para imaxinar así, de pronto, os medios de servila, me mantiña nesa intención xeral, que non podía ser de gran axuda nin para ela nin para min. Ó volver o seu vello Argos a reunirse con nós, as miñas esperanzas íanse malograr se non houbera tido ela suficiente enxeño como para suplir a esterilidade do meu. Sorprendeume, á chegada do seu acompañante, que me chamase seu curmán e que, sen parecer o menos desconcertada do mundo, me dixese que, xa que tiña a fortuna de atoparme en Amiens, remitía ó día seguinte a súa entrada no convento, a fin de ter o pracer de cear comigo. Entendín moi ben o sentido daquela argucia. Propúxenlle

aloxarse nunha pousada, o dono da cal, que se establecera en Amiens despois de ser moito tempo cocheiro do meu pai, estaba completamente entregado ás miñas ordes. Eu mesmo a conducín alí, mentres que o vello acompañante parecía rosmar algo, e que o meu amigo Tiberge, que non comprendía nada daquela escena, me seguía sen pronunciar palabra. Non oíra a nosa conversación. Quedara paseando polo patio mentres eu lle falaba de amor á miña fermosa namorada. Como receaba da súa prudencia, desfíxenme del por un recado do que lle pedín que se encargara. Así que, ó chegar á pousada, tiven o pracer de conversar a soas coa soberana do meu corazón. Axiña recoñecín que eu era moito menos neno do que cría. O corazón abríuseme a mil sentimentos de pracer dos que nunca tivera idea. Unha doce quentura propagóuseme por todas as veas. Achábame nunha especie de encantamento, que me arrebatou por algún tempo a liberdade da voz e que só se expresaba nos meus ollos. A Señorita Manon Lescaut, que así me dixo que a chamaban, pareceu moi satisfeita daquel efecto dos seus encantos. Crin percibir que ela non estaba menos emocionada ca min. Confesoume que me encontraba amable e que estaría encantada de serme debedora da súa liberdade. Quixo saber quen era eu, e ese coñecemento aumentou o seu afecto, porque sendo ela de extracción común, sentiuse afagada de ter conquistado un amante coma min. Falamos sobre os medios para ser o un do outro. Despois de moitas reflexións, non atopamos outro camiño co da fuxida. Cumpría burlar a vixilancia do acompañante, que era un home a ter en conta, aínda que non fose máis ca un criado. Quedamos en que eu mandaría preparar durante a noite unha cadeira de posta, e que volvería moi de mañá á pousada antes de que el acordara; que escapariamos en secreto e que iríamos dereitos a París, onde casariamos nada máis chegar. Eu tiña uns cincuenta escudos, que eran o froito dos meus pequenos aforros; ela tiña case o dobre. Imaxinamos, coma nenos inexperimentados, que aquela suma non se esgotaría nunca, e non contamos menos co éxito das nosas outras disposicións.

Despois de cear con máis satisfacción da que nunca sentira, retireime para executar o noso proxecto. Os meus arranxos foron tanto máis doados canto que, tendo disposto regresar ó día seguinte á casa do meu pai, a miña pequena equipaxe xa estaba preparada. Así que, non me deu traballo ningún mandar transportar o baúl e ordenar que me tiveran unha cadeira de posta lista para as cinco da mañá, que era a hora na que as portas da vila debían abrirse; porén, atopei un obstáculo do que non desconfiaba, e que houbo de de estragar enteiramente os meus plans.

Tiberge, se ben só me levaba tres anos, era un rapaz de mente madura e de conduta moi recta. Profesábame un afecto extraordinario. A vista dunha moza tan bonita como a Señorita Manon, o meu afán en acompañala e a ansia que tivera por desfacerme del afastándoo, provocáronlle algunhas sospeitas sobre o meu amor. Non se atrevera a regresar á pousada, onde me deixara, por medo a ofenderme coa súa volta; pero fora agardar por min ó meu aloxamento, onde o atopei ó chegar, aínda que xa foran as dez da noite. A súa presencia desgustoume. El ben se decatou da contrariedade que me causaba. Estou seguro, dixo sen disimulo, de que andades meditando algún plan que me queredes ocultar, véxoo na vosa actitude. Respondinlle, con bastante brusquidade, que non estaba obrigado a darlle conta de todos os meus plans. Non, repuxo, pero sempre me tratastes como amigo, e esta calidade supón un pouco de confianza e de abertura. Tanto me apremou e por tanto tempo para que lle descubrira o meu segredo que, como nunca tivera reservas con el, fíxenlle a enteira confidencia a miña paixón. Recibiuna cunha aparencia de descontento que me fixo estremecer. Arrepentinme sobre todo da indiscreción coa que lle descubrira o proxecto de fuxida. Díxome que era demasiado amigo como para non oporse a aquilo en todo o que puidera; que primeiro me quería representar todo o que el cría capaz de disuadirme, pero que, se despois eu non renunciaba a aquela miserable resolución, advertiría á persoas que, con seguridade, a poderían deter. Botoume un serio discurso, sobre aquilo, que durou máis dun cuarto de hora e que rematou outra vez coa ameaza de denunciarme, se non lle daba palabra de conducirme con máis cordura e razón. Eu estaba desesperado por terme traizoado de maneira tan inoportuna. Porén, como o amor me espertara en extremo o enxeño dende había dúas ou tres horas, decateime de que non lle descubrira que o meu plan se debía executar ó día seguinte, e resolvín enganalo valéndome dun equívoco: Tiberge, díxenlle, ata agora sempre vos considerei como un amigo, e quíxenvos probar con esta confidencia. É verdade que estou namorado, no vos enganei, pero no tocante á miña fuxida, non é en absoluto unha empresa como para combinala ó azar. Vide recollerme mañá ás nove; ensinareivos, se é posible, a miña amada, e vós xulgaredes se merece que eu dea ese paso por ela. Deixoume só, tras mil manifestacións de amizade. Empreguei a noite en poñer orde nos meus asuntos, e cando acudín contra a aurora á pousada da Señorita Manon, atopeina agardando por min. Estaba asomada á súa ventá, que daba á rúa, de maneira que, en canto me viu, veume abrir ela mesma. Saímos sen ruído. Ela non tiña outra equipaxe cá súa roupa interior, coa que eu mesmo carguei. A cadeira

estaba lista para partir; de inmediato nos afastamos da vila. Xa contarei máis adiante cal foi a conduta de Tiberge, cando se deu conta de que o enganara. O seu celo non se fixo menos ardente. Xa veredes a que excesos o levou, e cantas bágoas debería eu verter ó pensar en cal foi sempre a súa recompensa.

Démonos tanta présa en avanzar que chegamos a Saint-Denis antes da noite. Eu galopara ó lado da cadeira, cousa que a penas nos permitira conversar máis que ó cambiar de cabalos; pero cando nos vimos tan preto de París, é dicir, case en seguridade, paramos un tempo para repoñernos, pois non comeramos nada desde a nosa saída de Amiens. Por moi apaixonado que estivese eu por Manon, soubo convencerme de que ela non o estaba menos por min. Eramos tan pouco reservados nas nosas caricias, que non tiñamos a paciencia de agardar a estar sós. Os postillóns e o pousadeiro mirábannos con admiración e reparei en que estaban sorprendidos de ver dous nenos da nosa idade, que parecían amarse ata o furor. Os nosos proxectos de voda foron esquecidos en Saint-Denis; defraudamos os dereitos da igrexa e atopámonos desposados sen pensalo sequera. É seguro que, como eu son de natural tenro e constante, tería sido feliz para toda a vida, se Manon me fose fiel. Canto máis a coñecía, máis descubría nela novas calidades amables. O seu enxeño, o seu corazón, a súa dozura e a súa beleza formaban unha cadea tan forte e tan encantadora, que tería posto toda a miña felicidade en non saír dela xamais. Terrible mudanza! O que fai a miña desesperación puido ter feito a miña felicidade. Atópome como o máis desgraciado de todos os homes, por esa mesma constancia da que debería esperar a máis doce de todas as sortes, e as máis perfectas recompensas do amor.

Collemos un piso amoblado en París. Foi na rúa V... e, para desgracia miña, xunto a casa do Sr. de B..., célebre recadador da contribución. Pasaron tres semanas, durante as cales eu estivera tan enchido de paixón que pouco pensara na miña familia e na pena que meu pai debera sentir pola miña ausencia. Con todo, como a libertinaxe non formaba parte da miña conduta, e como Manon se comportaba tamén con moita moderación, a tranquilidade na que viviamos serviu para recordarme pouco a pouco a idea do deber. Resolvín reconciliarme, se era posible, co meu pai. A miña amante era tan amable que non dubidei en absoluto de que a el non puidese gustarlle, se atopaba eu o medio de facerlle coñecer a súa prudencia e o seu mérito: nunha palabra, gabeime de obter del a liberdade de desposala, desenganado da esperanza de poder facelo sen o seu

consentimento. Comuniqueille aquel proxecto a Manon, e fíxenlle ver que ademais dos motivos do amor e do deber, o da necesidade podía contar tamén algo naquilo, pois os nosos fondos estaban alterados en extremo e eu empezaba a retractarme da opinión de que eran inesgotables. Manon recibiu friamente aquela proposición. Porén, como as dificultades que opuxo a ela só proviñan do seu amor mesmo e do temor a perderme, se meu pai non aprobaba o noso proxecto despois de coñecer o lugar do noso retiro, non tiven a menor sospeita do golpe cruel que se preparaban a propinarme. Ante a obxección da necesidade, respondeu que aínda nos quedaba con que vivir unhas semanas e que, despois diso, ela atoparía recursos no afecto dalgúns parentes de provincias ós que lles ía escribir. Adozou a súa negativa con caricias tan tenras e apaixonadas que eu, que non vivía máis que nela, e que non tiña a menor desconfianza do seu corazón, aplaudín todas as súas respostas e todas as súas resolucións. Deixáralle a ela a disposición da nosa bolsa, e o coidado de pagar os gastos ordinarios. Pouco despois, reparei en que a nosa mesa estaba mellor provista, e en que ela se permitira algúns atavíos dun prezo considerable. Como non ignoraba que mal nos debían quedar doce ou quince dobróns, mostreille o meu asombro por aquel aumento aparente da nosa opulencia. Pediume, rindo, que non me preocupase. Non vos prometín, díxome, que eu atoparía recursos? Amábaa con demasiada simplicidade como para alarmarme facilmente.

Un día en que eu saíra pola tarde e a avisara de que ía estar fóra máis tempo que de costume, estrañeime de que, á volta, me fixeran agardar dous ou tres minutos á porta. Só nos servía unha rapaciña, que era máis ou menos da nosa idade. Cando veu abrir, pregunteille por que tardara tanto. Respondeume, algo apurada, que non me oíra petar. Eu só petara unha vez; díxenlle: e logo, se non me oístes, por que me viñestes abrir? Aquela pregunta desconcertouna tanto que, non tendo presencia de espírito abondo para responder, deu en chorar, asegurándome que non era culpa dela e que a señora lle prohibira abrir a porta ata que o Sr. de B... non saíra pola outra escaleira, que correspondía ó gabinete. Quedei tan confundido, que non tiven a forza de entrar na casa. Decidín baixar, co pretexto dun asunto, e ordeneille á cativa aquela que lle dixese á súa señora que eu regresaría nun momento, pero que non lle fixese saber que me falara do Sr. de B...

A miña consternación foi tan grande que, baixando a escaleira, ía vertendo lágrimas, sen saber aínda de que sentimento proviñan. Entrei no primeiro café, sentei a unha mesa e collín a cabeza entre as mans para examinar o que pasaba polo meu corazón. Non me atrevía a pensar no que acababa de oír. Quería consideralo como unha ilusión e, por dúas ou tres veces, estiven a piques de regresar á casa, sen mostrar que me dera conta de nada. Parecíame tan imposible que Manon me tivera traizoado, que temía ofendela sospeitando dela. Eu adorábaa, iso era seguro; non lle dera máis probas de amor cas que recibira dela; por que a había de acusar de ser menos sincera e menos constante ca min? Que razóns tería ela para enganarme? Só había tres horas que me colmara coas súas máis tenras caricias e que recibira as miñas con paixón; eu non coñecía mellor o meu corazón có seu. Non, non, proseguín, non é posible que Manon me traizoe. Non ignora que só vivo por ela. Demasiado ben sabe que a adoro. Esa non é unha razón para odiarme.

Con todo, a visita e a saída furtiva do Sr. de B... desconcertábanme. Recordaba tamén as pequenas adquisicións de Manon, que me parecían exceder as nosas riquezas presentes. Aquilo parecía ulir ás liberalidades dun novo amante. E aquela confianza que me mostrara nuns recursos que me eran descoñecidos! Custábame darlle a tantos enigmas unha explicación tan favorable como o desexaba o meu corazón. Por outra banda, case non a perdera de vista desde que estabamos en París. Ocupacións, paseos, diversións, sempre estiveramos o un ó lado do outro; Meu Deus! Un instante de separación houbéranos aflixido demasiado. Tiñamos que dicirnos sen cesar que nos amabamos; senón, teríamos morto de inquietude. Así que, case non podía nin imaxinar un só momento no que Manon puidese ocuparse de outro que non fora eu. Por fin, crin atopar a solución a aquel misterio. O Sr. de B..., dixen para min, é un home que fai grandes negocios e que ten moitas amizades; os pais de Manon serviríanse dese home para facerlle chegar algún diñeiro. Se cadra xa recibiu algún del; hoxe veu traerlle aínda máis. Seguro que mo ocultou por xogo, por sorprenderme agradablemente. Quizá me tería falado diso se eu regresase coma de costume, en lugar de vir aquí aflixirme; polo menos, non mo ocultará, cando llo comente eu mesmo. Tan fortemente me enchín daquela opinión, que tivo a forza de reducir moito a miña tristeza. Volvín ó instante á casa. Biquei a Manon coa miña tenrura habitual. Ela correspondeume moi ben. Ó primeiro, estiven tentado de descubrirlle as miñas conxecturas, que eu vía como máis que seguras; retívenme, coa esperanza de que tal vez se lle ocorrera a ela previrme,

contándome todo o que pasara. Servíronnos a cea. Sentei á mesa cun aire moi alegre; pero á luz da candea que estaba entre ela e eu, crin percibir tristeza no rostro e nos ollos da miña querida amante. Aquel pensamento inspirouma tamén a min. Reparei en que as súas olladas se fixaban en min dun xeito distinto ó acostumado. Non podía distinguir se era amor ou compaixón, aínda que me pareceu que era un sentimento doce e lánguido. Mireina coa mesma atención; e quizá non tivese ela menos dificultade en xulgar a situación do meu corazón polas miñas miradas. Non pensabamos nin en falar nin en comer. Por fin, vin caer unhas bágoas do seus fermosos ollos: pérfidas bágoas! Ah, Deuses!, exclamei, chorades, miña querida Manon; estades aflixida ata o pranto e non me decides unha soa palabra das vosas penas. Só me respondeu con algúns suspiros que aumentaron a miña inquietude. Levanteime tremendo. Conxureina, con toda a vehemencia do amor, a que me descubrise a causa das súas bágoas; eu mesmo as derramei, enxugando as súas; estaba máis morto ca vivo. Un bárbaro teríase apiadado das miñas mostras de dor e do meu temor. Mentres estaba así, totalmente ocupado dela, oín o ruído de varias persoas que subían a escaleira. Petaron suavemente á porta. Manon deume un bico e, escapando dos meus brazos, entrou rapidamente no gabinete, que pechou de contado tras de si. Figureime que, estando un pouco desarranxada, quería esconderse ós ollos dos estraños que petaran. Fun abrirlles eu mesmo. Mal non abrira, vinme agarrado por tres homes, que recoñecín como lacaios de meu pai. Non me trataron con violencia; pero dous deles agarráronme polos brazos, mentres o terceiro me rexistrou os petos, dos que sacou un pequeno coitelo, que era o único ferro que tiña comigo. Pedíronme perdón pola necesidade en que se vían de faltarme ó respecto; dixéronme con naturalidade que actuaban por orde do meu pai, e que o meu irmán maior agardaba por min embaixo nunha carroza. Estaba tan turbado que me deixei conducir sen resistirme e sen responder. O meu irmán, efectivamente, estaba esperándome. Metéronme na carroza xunto a el, e o cocheiro, que tiña as súas ordes, levounos a toda velocidade a Saint-Denis. O meu irmán abrazoume tenramente, pero non me falou, de maneira que tiven todo tempo que me facía falta para cavilar no meu infortunio.

Ó principio atopei tanta escuridade naquilo que non vía luz á máis mínima conxectura. Fora cruelmente traizoado. Mais, por quen? Tiberge foi o primeiro que me veu ás mentes. Traidor!, dicía eu, podes temer pola túa vida, se as miñas sospeitas se confirman. Non obstante, decateime de que el ignoraba o lugar onde eu residía e que,

por conseguinte, non o podían ter sabido por el. Acusar a Manon era algo do que o meu corazón non ousaba facerse culpable. Aquela tristeza extraordinaria coa que a vira como abatida, as súas lágrimas, o tenro bico que me dera ó retirarse, parecíanme, desde logo, un enigma; pero sentíame impulsado a interpretalo como un presentimento da nosa común desgracia e, ó mesmo tempo que me desesperaba polo accidente que me arrincaba a ela, tiña a credulidade de imaxinar que ela era aínda máis digna de compaixón ca min. O resultado da miña meditación foi o de convencerme de que algún coñecido me vira polas rúas de París e dera aviso ó meu pai. Esa idea consoloume. Contaba con librarme cuns reproches ou algún maltrato, que tería que soportar da autoridade paterna. Resolvín sufrilos con paciencia, e prometer todo o que me esixiran, para facilitarme a ocasión de regresar con máis prontitude a París e irlle devolver a vida e a alegría á miña querida Manon.

Chegamos, en pouco tempo, a Saint-Denis. O meu irmán, sorprendido polo meu silencio, imaxinou que era un efecto do medo. Púxose a consolarme, asegurándome que non tiña nada que temer da severidade do meu pai, con tal de que estivese disposto a volver docemente ó deber e a merecer o cariño que sentía por min. Fíxome pasar a noite en Saint-Denis, coa precaución de mandar durmir ós tres lacaios no meu cuarto. O que me causou moito pesar, foi verme na mesma pousada na que parara con Manon, indo de Amiens a París. O pousadeiro e os criados recoñecéronme, e adiviñaron ó mesmo tempo a verdade da miña historia. Oínlle dicir ó pousadeiro: ah!, pero se é aquel guapo cabaleiro que pasou hai unhas semanas cunha señorita á que quería tanto. Que encantadora era! Os pobres rapaces, como se acariciaban! Diaño, é mágoa que os separaran. Eu finxía non oír nada e deixeime ver o menos posible. O meu irmán tiña, en Saint-Denis, unha cadeira de posta para dous, na que partimos ó amencer, e chegamos á nosa casa ó día seguinte polo serán. El viu a meu pai antes ca min, para predispoñelo en favor meu, informándoo da dozura coa que me deixara levar, de sorte que fun recibido con menos dureza do que esperara. Contentouse con facerme algúns reproches xerais sobre a falta que cometera ausentándome sen o seu permiso. No tocante á miña amante, díxome que era merecedor do que me acababa de suceder, entregándome a unha descoñecida; que el tivera mellor opinión sobre a miña prudencia, pero que esperaba que aquela pequena aventura me faría máis xuizoso. Eu non tomei aquel discurso máis ca no sentido que concordaba coas miñas ideas. Agradecinlle a meu pai a súa bondade por perdoarme, e prometinlle adoptar unha conduta máis submisa e máis ordenada.

Triunfaba, no fondo do meu corazón, pois tal e como as cousas se ían arranxando, non dubidaba en absoluto de que tería a liberdade de escapar da casa, incluso antes da fin da noite.

Sentamos á mesa para a cea; burláronse de min pola conquista de Amiens, e pola fuxida con aquela fiel amante. Soporteino todo con bo humor. Mesmo estaba encantado de que me fose permitido falar do que me ocupaba continuamente o espírito. Pero unhas palabras que deixou escapar meu pai fixéronme prestar oídos coa maior atención: falou de perfidia e de servizo interesado, prestado polo Señor B... Quedei paralizado ó oírlle pronunciar aquel nome, e pedinlle humildemente que se explicara mellor. Tornouse cara meu irmán, para preguntarlle se non me contara toda a historia. Meu irmán respondeulle que eu lle parecera tan tranquilo durante a viaxe, que non crera que necesitase dese remedio para sandar da miña loucura. Notei que meu pai sopesaba se acabaría de explicalo ou non. Supliqueillo tan ardentemente, que me satisfixo, ou máis ben, me asasinou cruelmente co máis horrible de todos os relatos.

Preguntoume primeiro se sempre tivera a simpleza de crer que a miña amante me quería. Díxenlle atrevidamente que estaba tan seguro que nada me podía causar a mínima desconfianza. Ha, ha, ha!, exclamou rindo con todas as forzas, esa si que é boa! Es un bo infeliz e agrádame que teñas eses sentimentos. É grande mágoa, meu pobre Cabaleiro, facerte entrar na orde de Malta, tendo tanta disposición para marido paciente e cómodo. Engadiu mil burlas dese estilo sobre o que el chamaba a miña babecada e a miña credulidade. En fin, como eu permanecía en silencio, continuou dicíndome que, segundo o cálculo que podía facer desde a miña marcha de Amiens, Manon amárame aproximadamente doce días: pois, engadiu, sei que ti marchaches de Amiens o 28 do outro mes; estamos a 29 do presente; hai once que o Señor B... me escribiu; supoño que lle fixeron falta oito para establecer un perfecto coñecemento coa túa amante; así que, saca once e oito dos trinta e un días que van do 28 dun mes ata o 29 do outro, quedan doce, pouco máis ou menos. Aquí, as gargalladas recomezaron. Eu escoitaba todo co corazón tan sobresaltado, que temía non poder resistir ata o final daquela triste comedia. Saberás logo, continuou meu pai, xa que o ignoras, que o Señor B... ten ganado o corazón da túa princesa, pois búrlase de min, pretendendo persuadirme de que se cha quixo quitar foi por un celo desinteresado en servizo meu. É dun home coma el, que, por outra parte, non me coñece, de quen cómpre esperar sentimentos tan nobres!. Soubo

por ela que eras fillo meu, e para librarse das túas inoportunidades, escribiume dicindo o lugar da túa residencia e o desorde en que vivías, dándome a entender que cumpría man dura para domearte. Ofreceuse a facilitarme os medios de botarche man ó pescozo, e coa súa dirección e a da túa propia amante, teu irmán atopou o momento de collerte desprevido. Felicítate, agora, pola duración do teu triunfo. Sabes vencer bastante rápido, Cabaleiro, pero non sabes conservar as túas conquistas.

Non tiven forzas para soportar por máis tempo un discurso do que cada palabra me fendera o corazón. Levantei da mesa, e non dera catro pasos para saír da sala, cando caín ó chan, sen sentido e sen coñecemento. Volvéronmos con rápidos socorros. Abrín os ollos para derramar un torrente de bágoas, e a boca para proferir os máis tristes e os máis conmovedores laios. Meu pai, que sempre me amou tenramente, empregou todo o seu cariño en consolarme. Eu escoitábao, pero sen oílo. Boteime ós seus pes, conxureino, xuntando as mans, a que me deixara retornar a París para ir apuñalar a B... Non, dicía eu, el non ganou o corazón de Manon, violentouna; seduciuna cun encantamento ou cun veleno; se cadra forzouna brutalmente. Manon quéreme. Non o saberei eu ben? Ameazaríaa, puñal en man, para obrigala a abandonarme. Que non terá feito por arrebatarme unha amante tan encantadora! Oh, Deuses, Deuses! Será posible que Manon me traizoara, e que deixara de amarme!

Como seguía falando de volver de contado a París e incluso me levantaba a cada pouco para facelo, meu pai ben viu que, no estado en que me encontraba, nada sería capaz de determe. Levoume a un cuarto alto, no que deixou dous criados comigo para vixiarme. Eu non era dono de min. Tería dado mil vidas por estar só un cuarto de hora en París. Comprendín que, téndome declarado tan abertamente, non se me permitiría saír con facilidade do cuarto. Medín coa vista a altura das ventás; non vendo posibilidade ningunha de escapar por aquela vía, dirixinme sosegadamente ós meus dous criados. Comprometinme, con mil xuramentos, a facer un día a súa fortuna se aceptaban consentir na miña evasión. Preminos, aloumiñeinos, ameaceinos; pero aquela tentativa tamén foi inútil. Entón perdín toda esperanza. Resolvín morrer e boteime nunha cama, coa intención de non deixala máis que coa vida. Pasei a noite e o seguinte día nesa situación. Rexeitei a comida que me trouxeron ó outro día. Meu pai veume ver pola tarde. Tivo a bondade de calmar as miñas penas cos máis doces consolos. Ordenoume tan imperiosamente comer algo, que o fixen por respecto ás súas ordes.

Pasaron varios días, durante os cales non tomei nada, máis ca na súa presencia e por obedecerlle. El continuaba a aducir as razóns que podían devolverme á cordura e inspirarme desprezo pola desleal Manon. É certo que eu xa non a estimaba; cómo podería estimar á máis voluble e á máis pérfida de todas as criaturas? Pero a súa imaxe, os seus riscos encantadores que eu levaba no fondo do corazón, alí seguían subsistindo. Eu ben me decataba. Podo morrer, dicía; mesmo debería, despois de tanta vergoña e tanta dor; pero sufrirei mil mortes sen poder esquecer a ingrata Manon.

Meu pai estaba asombrado de ver que seguía tan fondamente afectado. Coñecía os meus principios de honor e, non podendo dubidar de que a súa traizón ma fixera desprezar, imaxinou que a miña constancia viña menos daquela paixón en particular ca dunha inclinación xeral polas mulleres. Aferrouse de tal xeito a aquela idea que, sen consultar máis cá súa tenra afección, veu un día explicarma. Cabaleiro, dixo, ata agora tiña planeado facerche levar a cruz de Malta; pero vexo que as túas inclinacións non van en absoluto por ese lado. Gústanche as mulleres bonitas. Son da idea de buscarche unha que te compraza. Explícame con naturalidade que opinas diso. Respondinlle que non facía distinción entre as mulleres, e que, despois da desgracia que me acababa de ocorrer, as detestaba a todas por igual. Heiche buscar unha, repuxo meu pai sorrindo, que se asemellará a Manon e que será máis fiel. Ah!, se me queredes ben, díxenlle eu, é ela a que me tedes que devolver. Estade seguro, meu querido pai, de que ela non me traizoou; ela non é capaz de tan negra e cruel covardía. É o pérfido B... o que nos engana, a vós a ela e a min. Se souberades o tenra e sincera que é, se a coñecesedes, amariádela vos mesmo. Sodes un neno, replicou meu pai. Como vos podedes cegar ata ese punto despois do que vos teño contado dela? Foi ela mesma a que vos entregou ó voso irmán. Deberiades esquecer ata o seu nome e aproveitar, se tedes sentido, a indulxencia que teño con vós. Eu recoñecía con claridade de máis que tiña razón. Era un impulso involuntario o que me facía tomar partido así pola miña infiel. Ai!, proseguín eu tras un momento de silencio, é ben verdade que son o desgraciado obxecto da máis covarde de todas as perfidias. Si, continuei, derramando lágrimas de despeito, ben vexo que non son máis ca un neno. A miña credulidade éralles doada de enganar. Pero ben sei o que teño que facer para vingarme. Meu pai quixo saber cal era o meu plan. Hei ir a París, díxenlle eu, heille poñer lume á casa de B... e heino queimar vivo coa pérfida Manon. Aquela arroutada fixo rir a meu pai e só serviu para facerme gardar máis estreitamente na miña prisión.

Pasei alí seis meses enteiros, durante o primeiro dos cales houbo poucos cambios nas miñas disposicións. Todos os meus sentimentos non eran máis ca unha alternancia perpetua de odio e amor, de esperanza ou de desesperanza, segundo a idea baixo a que Manon se ofrecese ó meu espírito. Tan pronto só consideraba nela a máis amable de todas as mozas, e languidecía co desexo de volvela ver; tan pronto non vía nela máis ca unha covarde e pérfida amante e xuraba mil veces non buscala senón para castigala. Trouxéronme libros, que serviron para devolverlle un pouco de tranquilidade á miña alma. Relín todos os meus autores; adquirín novos coñecementos; recuperei un gusto infinito polo estudio. Xa veredes de que utilidade me foi no sucesivo. As luces que lle debía ó amor fixéronme atopar claridade en gran número de pasaxes de Horacio e de Virxilio, que me pareceran escuros antes. Fixen un comentario amoroso sobre o cuarto libro da *Eneida*; destínoo a ver a luz, e gábome de que o público ha quedar satisfeito del. Ai!, dicía eu mentres o facía, era un corazón coma o meu o que necesitaba a fiel Dido.

Tiberge veume ver un día á miña prisión. Sorprendeume a emoción coa que me abrazou. Aínda non tivera probas do seu afecto que mo puideran facer ver coma outra cousa ca unha simple amizade de colexio, tal como se crea entre mozos que son máis ou menos da mesma idade. Encontreino tan cambiado e tan formado, desde os cinco ou seis meses que pasara sen velo, que a súa cara e o ton do seu discurso, inspiráronme respecto. Faloume como conselleiro sabio, máis que como amigo de colexio. Lamentou o extravío no que caera. Felicitoume pola miña curación, que el cría avanzada; en fin, exhortoume a aproveitar aquel erro de xuventude para abrir os ollos á vaidade dos praceres. Mireino con asombro. Deuse conta. Meu querido Cabaleiro, dixo, non vos digo nada que non sexa unha sólida verdade e do que non estea convencido por un serio exame. Eu tiña tanta inclinación coma vós á voluptuosidade, pero o Ceo dérame, ó mesmo tempo, o gusto pola virtude. Usei a miña razón para comparar os froitos da unha e da outra, e non tardei moito en descubrir as súas diferencias. A axuda do Ceo uniuse ás miñas reflexións. Concibín polo mundo un desprezo sen igual. Adiviñariades o que me retén nel, engadiu, e o que me impide correr cara a soidade? É unicamente a tenra amizade que sinto por vós. Coñezo a excelencia do voso corazón e do voso espírito; non hai nada bo do que non poidades ser capaz. O veleno do pracer fíxovos apartar do camiño. Que perda para a virtude! A vosa fuxida de Amiens causoume tanta dor, que

non tiven, desde aquela, un só momento de satisfacción. Xulgádeo polas dilixencias que me obrigou a facer. Contoume que, tras decatarse de que o enganara e que marchara coa miña namorada, montara a cabalo para seguirme; pero que, como eu lle levaba catro ou cinco horas de adianto, lle fora imposible alcanzarme; que chegara, porén, a Saint-Denis unha media hora despois da miña partida; que estando seguro de que pararía en París, pasara alí seis semanas buscándome inutilmente; que ía a todos os lugares onde presumía que podería atoparme e que, por fin, un día recoñecera a miña amante na Comédie[3]; que levaba un atavío tan impresionante que el imaxinara que lle debía aquela fortuna a un novo amante; que seguira a carroza ata a súa casa, e que soubera por un criado que a mantiñan as liberalidades do Señor B... Non parei aí, proseguiu. Volvín ó día seguinte, para saber por ela mesma que fora de vós; deixoume bruscamente en canto me oíu falar de vós e vinme obrigado a volver a provincias sen ningunha outra aclaración. Alí souben a vosa aventura e a consternación extrema que vos causou; pero non quixen vervos sen asegurarme de atoparvos máis tranquilo.

Así que vistes a Manon, dixen eu suspirando. Ai! Sodes máis afortunado ca min que estou condenado a non volvela ver xamais. Reprochoume aquel suspiro, que aínda indicaba debilidade por ela. Afagoume con tanta arte sobre a bondade do meu carácter e das miñas inclinacións, que fixo nacer en min, desde aquela primeira visita, un forte desexo de renunciar, coma el, a todos os praceres do século para abrazar o estado eclesiástico.

Gustei tanto daquela idea que, cando me encontrei só, xa non me volvín ocupar doutra cousa. Lembrei os discursos do Sr. Bispo de Amiens, que me dera o mesmo consello, e os felices presaxios que expresara en favor meu, se chegaba a seguir ese partido. A piedade tamén se mesturou nas miñas consideracións. Levarei unha vida xuizosa e cristiá, pensaba; ocupareime do estudio e da relixión, que non me permitirán pensar nos perigosos praceres do amor. Desprezarei o que o común dos mortais admira; e como sinto que o meu corazón non desexará máis que aquilo que estima, terei tan poucas preocupacións coma desexos. Formei sobre iso, por adiantado, un plan de vida apracible e solitaria. Nela incluía unha casa apartada, cun pequeno bosque e un regato de auga doce no fondo do xardín, unha biblioteca composta de libros escollidos, un pequeno número de amigos virtuosos e asisados, unha mesa limpa, pero frugal e moderada. Engadía un intercambio de cartas cun amigo que residiría en París e que me

informaría das novidades públicas, menos por satisfacer a miña curiosidade ca por rir das tolas axitacións dos homes. Non serei feliz?, engadía; non se cumprirán todas as miñas pretensións? Certo é que aquel proxecto colmaba completamente as miñas inclinacións. Pero, ó final de tan sabio arranxo, sentía que o meu corazón aínda agardaba por algo, e que, para non ter nada que desexar na máis encantadora soidade, cumpría estar nela con Manon.

Porén, como Tiberge continuaba facéndome frecuentes visitas con relación ó plan que el me inspirara, aproveitei a ocasión para propoñerllo a meu pai. Declaroume que a súa intención era deixar os seus fillos libres na elección da súa condición e que, calquera que fose a maneira en que eu quixese dispoñer de min, el non se reservaría máis có dereito de axudarme cos seus consellos. Deumos moi sabios, que tendían menos a desanimarme do meu proxecto, que a facermo abrazar con coñecemento. Aproximábase a renovación do curso escolástico. Tracei con Tiberge ir xuntos ó seminario de Saint-Sulpice, el para rematar os seus estudios de teoloxía e eu para comezar os meus. O seu mérito, que era coñecido do bispo da diocese, permitiulle obter daquel prelado un beneficio[4] considerable antes da nosa partida.

Meu pai, créndome completamente curado da miña paixón, non puxo ningunha dificultade en deixarme partir. Chegamos a París. O hábito eclesiástico ocupou o lugar da cruz de Malta, e o nome de abade Des Grieux o de cabaleiro. Aferreime ó estudio con tanta aplicación, que fixen uns progresos extraordinarios en poucos meses. Empregaba nel unha parte da noite e non perdía un momento do día. A miña reputación brillou tanto, que xa me felicitaban polas dignidades que non podía deixar de conseguir e, sen solicitalo, o meu nome foi inscrito na folla dos beneficios. A piedade tampouco quedaba descoidada; animábame por toados os exercicios. Tiberge estaba encantado do que vía como obra súa, e varias veces lle vin derramar lágrimas, felicitándose do que el chamaba a miña conversión. Que as resolucións humanas estean suxeitas a cambios é algo que nunca me causou asombro; unha paixón fainas nacer, outra paixón pódeas destruír; pero cando penso na santidade das que me conduciran a Saint-Sulpice e na alegría interior que o Ceo me facía saborear alí executándoas, horrorízome da facilidade coa que as puiden romper. Se é certo que os socorros celestiais teñen en todo momento unha forza igual á das paixóns, que me expliquen logo por que funesto ascendente se ve un arrastrado de pronto lonxe do seu deber, sen encontrarse capaz da menor resistencia,

e sen sentir o menor remordemento. Eu críame completamente liberado das debilidades do amor. Parecíame que tería preferido a lectura dunha páxina de san Agustín, ou un cuarto de hora de meditación cristiá, a todos os praceres dos sentidos, sen exceptuar os que me fosen ofrecidos por Manon. Porén, un instante desgraciado fíxome recaer no precipicio, e a miña caída foi tanto máis irreparable canto que, atopándome de pronto no mesmo grado de profundidade do que saíra, os novos desordes nos que caín leváronme ben máis lonxe cara ó fondo do abismo.

Pasara cerca dun ano en París, sen informarme sobre os asuntos de Manon. Ó primeiro custárame moito dominarme; pero os consellos sempre presentes de Tiberge, e as miñas propias reflexións, fixéranme obter a victoria. Os últimos meses descorreran tan tranquilamente que me cría a punto de esquecer eternamente aquela encantadora e pérfida criatura. Chegou o momento no que tiña que soster un exercicio público na Escola de Teoloxía. Fixen rogar a varias persoas de consideración que me honrasen coa súa presencia. O meu nome espallouse, así, por todos os barrios de París: chegou ata os oídos da miña infiel. Non o recoñeceu con certeza baixo o título de abade; pero un resto de curiosidade, ou se cadra algo de arrepentimento por me ter traizoado (nunca puiden desentrañar cal deses dous sentimentos) levouna a interesarse por un nome tan semellante ó meu; veu á Sorbona con algunhas outras damas. Estivo presente no meu exercicio e, sen dúbida, pouco lle custou recoñecerme.

Eu non tiven o menor coñecemento daquela visita. É sabido que, neses lugares, hai uns gabinetes particulares para as damas, nos que están ocultas detrás dunha celosía. Regresei a Saint-Sulpice, cuberto de gloria e cheo de adulacións. Eran as seis da tarde. Viñéronme avisar, un momento despois da miña volta, de que unha dama preguntaba por min. Fun ó locutorio ó instante. Deuses! Que sorprendente aparición! Alí atopei a Manon. Era ela, pero máis amable e máis radiante do que nunca a vira. Andaba polos seus dezaoito anos. As súas gracias excedían canto se poida describir. Era un aire tan fino, tan doce, tan atraínte, o aire mesmo do Amor. Toda a súa figura me pareceu un encantamento.

Quedei paralizado ante a súa visión e, non podendo conxecturar cal era a intención daquela visita, agardei, cos ollos baixos e tremendo, a que se explicase. A súa confusión foi, durante algún tempo, igual á miña, pero, vendo que o meu silencio

continuaba, puxo a man diante dos ollos, para ocultar unhas bágoas. Díxome, en ton tímido, que confesaba que a súa infidelidade merecía o meu odio; pero que, se era verdade que algunha vez eu sentira algo de tenrura por ela, tamén houbera moita dureza en deixar pasar dous anos sen preocuparme de saber da súa sorte, e que aínda había moita, ó vela no estado en que se encontraba na miña presencia, sen dicirlle unha palabra. O desorde da miña alma, ó escoitala, non podería describirse.

Sentou. Eu seguín de pé, co corpo un pouco de costas, sen ousar mirala directamente. Comecei varias veces unha resposta, que non tiven a forza de acabar. Por fin, fixen un esforzo para exclamar dolorosamente: pérfida Manon! Ah! Pérfida, pérfida! Ela repetiume, chorando amargamente, que non pretendía en absoluto xustificar a súa perfidia. Que pretendedes, logo?, volvín exclamar eu. Pretendo morrer, respondeu, se non me devolvedes o voso corazón, sen o que me é imposible vivir. Pois pídeme a vida, infiel!, proseguín eu vertendo tamén algunhas bágoas que en van me esforzaba por conter. Pídeme a vida, que é o único que me queda por sacrificarche; porque o meu corazón nunca deixou de ser teu. Mal acabara de pronunciar estas últimas palabras, cando se levantou arrebatada para vir abrazarme. Cubriume con mil caricias apaixonadas. Chamoume por todos os nomes que inventa o amor para expresar a máis viva tenrura. Eu aínda non respondía máis ca languidamente. Que mudanza, en efecto, da situación tranquila na que estivera, ós tumultuosos impulsos que sentía renacer! Estaba espantado. Estremecíame, como ocorre cando se encontra un de noite nun campo apartado: crese un transportado a un novo orde de cousas; ese presa dun horror secreto, do que un non se repón ata despois de ter observado longo tempo todas as inmediacións.

Sentamos o un xunto ó outro. Collinlle as mans entre as miñas. Ah, Manon!, díxenlle mirándoa con ollos tristes, non esperara a negra traizón coa que pagastes o meu amor. Éravos ben doado enganar un corazón do que vós erades a soberana absoluta, e que poñía toda a súa felicidade en agradarvos e obedecervos. Dicídeme agora se atopastes outros tan tenros e tan submisos. Non, non, a Natureza a penas os fai do mesmo tempero có meu. Dicídeme, polo menos, se algunha vez o botastes de menos. Que confianza podo ter nesta nova bondade que vos trae aquí hoxe para consolalo? Demasiado vexo que estades máis encantadora ca nunca; pero, en nome de todas as penas que padecín por vos, fermosísima Manon, dicídeme se seredes máis fiel.

Respondeume cousas tan conmovedoras sobre o seu arrepentimento, e comprometeuse á fidelidade con tantas declaracións e xuramentos, que me entenreceu ata un grado indicible. Querida Manon!, díxenlle eu cunha mestura profana de expresións amorosas e teolóxicas, es demasiado adorable para ser unha criatura. Sinto o corazón arrastrado por unha deleitación vitoriosa. Todo canto se di sobre liberdade en Saint-Sulpice é unha quimera. Vou perder fortuna e reputación por ti, ben o vexo; leo o meu destino nos teus fermosos ollos; pero, de que perdas non me consolará o teu amor? Os favores da fortuna non me impresionan; a gloria paréceme fume; todos os meus proxectos de vida eclesiástica eran loucas imaxinacións; en fin, todos os bens diferentes dos que espero contigo son bens desprezables, xa que non poderían aguantar un momento, no meu corazón, contra unha soa das túas olladas.

Prometéndolle, porén, un esquecemento total das súas faltas, quixen saber de que maneira se deixara seducir por B... Contoume que, ó vela na súa ventá, se apaixonara por ela; que se lle declarara como recadador xeral[5], é dicir, sinalándolle nunha carta que o pago sería proporcional ós favores; que ela capitulara ó principio, pero sen outro desexo que o de sacar del algunha suma considerable que nos puidese permitir vivir comodamente; que a cegara con tan magníficas promesas, que ela se deixara convencer gradualmente; que, con todo, eu debía xulgar o seu remordemento pola dor da que me deixara ver algunhas probas a véspera da nosa separación; que, malia a opulencia na que a mantivera, nunca gozara de felicidade con el, non só porque non encontraba nel, díxome, a delicadeza dos meus sentimentos e o engado das miñas maneiras, senón porque no medio mesmo dos praceres que lle procuraba sen cesar, ela levaba, no fondo do corazón, a lembranza do meu amor e o remordemento da súa infidelidade. Faloume de Tiberge e da confusión extrema que lle causara a súa visita. Unha puñalada no corazón, engadiu, houbérame alterado menos o sangue. Eu volvinme de costas, sen poder soster un momento a súa presencia. Seguiu contándome por que medios se informara da miña estancia en París, do meu cambio de condición e dos meus exercicios da Sorbona. Aseguroume que estivera tan axitada durante a disputa, que lle custara traballo non só conter as bágoas, senón os xemidos e mesmo os berros, que máis dunha vez estiveran a piques de estalar. En fin, díxome que fora a última en saír daquel lugar, para ocultar a súa turbación, e que, sen seguir máis có impulso do seu corazón e a impetuosidade dos seus desexos, viñera dereita ó seminario, coa resolución de morrer alí se non me encontraba disposto a perdoala.

Onde atopar un bárbaro que un arrepentimento tan vivo e tan tenro non conmovese? No que se refire a min, sentín naquel momento, que houbera sacrificado por Manon todos os bispados do mundo cristián. Pregunteille que nova orde xulgaba oportuno poñer nos nosos asuntos. Díxome que cumpría saír ó instante do seminario, e deixar para máis tarde o noso acomodo nun lugar máis seguro. Consentín a todas as súas vontades sen unha réplica. Entrou na súa carroza para ir esperarme á esquina da rúa. Eu escapei un momento despois, sen ser visto do porteiro. Montei onda ela. Pasamos por unha tenda de roupa usada. Recuperei os galóns e a espada. Manon correu cos gastos, pois eu estaba sen un pataco, e no temor de que encontrase obstáculo á miña saída de Saint-Sulpice, ela non quixera que volvese un momento ó cuarto para coller alí o meu diñeiro. O meu tesouro, por outra parte, era mediocre e ela demasiado rica polas liberalidades de B... como para desprezar o que me facía abandonar. Conversamos, na mesma tenda, sobre o partido que iamos tomar. Para facer valer máis o sacrificio que facía por min, deixando a B..., decidiu non ter a menor consideración con el. Quero deixarlle os mobles, díxome, son del; pero hei levar, como é de xustiza, as xoias e preto de sesenta mil francos que lle levo sacados nestes dous anos. Non lle din ningún poder sobre min, engadiu; así que, podemos quedar sen temor en París, collendo unha casa cómoda onde viviremos felizmente. Eu fíxenlle ver que, se non había perigo ningún para ela, habíao, e moito, para min, que non deixaría, antes ou despois, de ser recoñecido, e que estaría constantemente exposto á desgracia que xa padecera. Deume a entender que lamentaría moito deixar París. Eu tiña tanto medo de desgustala, que non había risco que non desprezase por agradarlle; con todo, atopamos un termo medio razoable, que consistiu en alugar unha casa nalgún pobo próximo a París, dende o que nos sería doado ir á cidade cando o pracer ou a necesidade nos chamaran aló. Escollemos Chaillot, que non está lonxe. Manon volveu de contado á súa casa. Eu funa esperar na porta pequena do xardín das Tullerías[6]. Regresou unha hora máis tarde, nunha carroza de alugamento, cunha moza que a servía e algúns baúis que contiñan a súa roupa e todo canto tiña de valioso.

Non tardamos nada en alcanzar Chaillot. A primeira noite aloxámonos na pousada, para darnos o tempo de buscar unha casa ou, polo menos, un apartamento cómodo. Atopamos, ó día seguinte, un do noso gusto.

A miña felicidade pareceume, ó principio, establecida dun xeito inquebrantable. Manon era a dozura e a compracencia mesmas. Tiña unhas atencións tan delicadas comigo, que me considerei pagado de sobra por todas as miñas penas. Como ámbolos os dous adquiríramos un pouco de experiencia, razoamos sobre a solidez da nosa fortuna. Sesenta mil francos, que representaban as nosas riquezas, non era unha suma que puidera estenderse tanto coma o curso dunha longa vida. Ademais, non estabamos dispostos a limitar demasiado os nosos gastos. A primeira virtude de Manon, non máis cá miña, non era a economía. Velaquí o plan que me propuxen: sesenta mil francos, díxenlle, pódennos manter dez anos. Dous mil escudos ó ano bastarán, se continuamos vivindo en Chaillot. Aquí levaremos unha vida honrosa, pero simple. Os nosos únicos gastos serán o mantemento dunha carroza e os espectáculos. Organizarémonos. A vos gústavos a Ópera: iremos dúas veces á semana. En canto ó xogo, limitarémonos tanto que as nosas perdas nunca pasarán de dous dobróns. É imposible que, no espacio de dez anos, non aconteza ningún cambio na miña familia; meu pai xa vai vello, pode morrer. Eu herdarei, e entón estaremos ó abrigo de todos os outros temores.

Aquel arranxo no tería sido a acción máis tola da miña vida, se foramos prudentes abondo como para acomodarnos a el constantemente. Pero as nosas resolucións non duraron máis dun mes. A Manon apaixonáballe o pracer; a min, ela. Ofrecíansenos, a cada momento, novas ocasións de gasto; e, lonxe de lamentar as sumas que ela empregaba ás veces con profusión, eu fun o primeiro en procurarlle todo o que cría que a podía compracer. Incluso a nosa vivenda de Chaillot comezou a facérselle unha carga. Aproximábase o inverno; todo o mundo regresaba á vila e o campo quedaba deserto. Propúxome volver a coller casa en París. Eu non consentín; pero, por satisfacela en algo, díxenlle que podiamos alugar alí un apartamento amoblado, e que pasariamos nel a noite cando nos cadrara saír demasiado tarde da asemblea á que iamos varias veces por semana; porque a incomodidade de regresar tan tarde a Chaillot era o pretexto que ela alegaba para querer deixalo. Permitímonos, así, dous aloxamentos, un na vila, e outro no campo. Aquel cambio provocou axiña o extremo desorde nos nosos asuntos, dando lugar a dous sucesos que causaron a nosa ruína. Manon tiña un irmán, que era garda de corps. Resultou, por desgracia, que estaba aloxado en París, na mesma rúa ca nós. Recoñeceu a súa irmá ó vela unha mañá asomada á ventá. Acudiu de contado á nosa casa. Era un home brutal e sen principios de honor. Entrou no noso dormitorio xurando horriblemente e, como coñecía unha parte das aventuras da súa

irmá, abafouna de inxurias e reproches. Eu saíra un momento antes, o que, sen dúbida, foi unha sorte para el ou para min, que non estaba disposto en absoluto a sufrir un insulto. Cando volvín á casa xa marchara. A tristeza de Manon fíxome xulgar que acontecera algo extraordinario. Contoume a desagradable escena que acababa de soportar, e as brutais ameazas do seu irmán. Sentín tal animosidade, que tería corrido, ó instante, á vinganza se ela non me detivera coas súas bágoas. Mentres comentaba con ela esa aventura, o garda de corps entrou no cuarto onde estabamos, sen facerse anunciar. Eu non o recibiría con tanta cortesía como o fixen se o coñecera; pero, tras saudarnos cun aire risoño, deulle tempo a dicirlle a Manon que viña presentarlle desculpas polo seu arrebato; que a crera no desorde, e que aquela opinión acendera a súa cólera; pero que, téndose informado de quen era eu por un dos criados, soubera de min cousas tan vantaxosas, que lle facían desexar vivir con nós. Se ben aquela información, que lle viña dun dos meus lacaios, tivese algo de estraño e de sorprendente, recibín o seu cumprido con amabilidade. Crin agradar a Manon. Parecía encantada de velo inclinado a reconciliarse. Retivémolo a cear. En poucos momentos volveuse tan familiar que, ó oírnos falar do noso regreso a Chaillot, empeñouse en acompañarnos. Houbo que deixarlle un sitio na nosa carroza. Aquilo foi unha toma de posesión, pois de seguida se acostumou a vernos con tanto pracer, que fixo da nosa casa a súa e converteuse, dalgún xeito, no amo de todo o que nos pertencía. A min chamábame irmán, e co pretexto da liberdade fraterna, deu en traer todos os seus amigos á nosa casa de Chaillot e en invitalos alí á nosa conta. Vestiuse magnificamente a expensas nosas. Incluso nos comprometeu a pagar todas as súas débedas. Eu pechaba os ollos ante aquela tiranía, por non desgustar a Manon, ata finxir que non me decataba de que, de vez en cando, sacaba dela sumas considerables. É certo que, sendo un gran xogador, tiña a lealdade de devolverlle unha parte cando a fortuna o favorecía; pero a nosa era demasiado mediocre para sufragar por moito tempo gastos tan pouco moderados. Eu estaba a piques de ter una explicación seria con el, para librarnos da súas inoportunidades, cando un funesto accidente me aforrou aquela penitencia, causándonos outra que nos afundiu inexorablemente.

Un día quedaramos a durmir en París, como nos acontecía con moita frecuencia. Pola mañá, a criada, que nesas ocasións quedaba soa en Chaillot, veume avisar de que, durante a noite, prendera o lume na miña casa, e que caro custara apagalo. Pregunteille se os mobles sufriran algún dano; respondeume que houbera tal confusión, causada pola

multitude de estraños que acudiran axudar, que non podía estar segura de nada. Tremín polo noso diñeiro, que estaba gardado nunha pequena arca. Corrín á presa a Chaillot. Dilixencia inútil: a arca xa desaparecera. Entón sentín que se pode amar o diñeiro sen ser avaro. Aquela perda penetroume cunha dor tan viva que pensei perder a razón. Comprendín de pronto a que novas desgracias me ía encontrar exposto; a indixencia era a menor. Coñecía a Manon; ben comprobara xa que, por moi fiel e moi unida que estivera a min na boa fortuna, non había que contar con ela na miseria. Gustábanlle demasiado a abundancia e os praceres para sacrificalos por min: perdereina!, exclamei. Malfadado Cabaleiro, vas perder outra vez todo o que amas! Aquel pensamento sumiume nunha turbación tan horrorosa, que dubidei por uns momentos se non faría mellor en rematar con todos os meus males pola morte. Non obstante, conservei a suficiente presencia de ánimo para querer examinar antes se non me quedaba algún recurso. O Ceo inspiroume unha idea, que detivo a miña desesperación. Crin que non me sería imposible ocultarlle a nosa perda a Manon e que, por industria ou por algún favor do azar, podería mantela con bastante dignidade como para impedirlle sufrir privacións. Calculei, dicía eu para consolarme, que vinte mil escudos nos bastarían durante dez anos. Supoñamos que xa pasaran os dez anos e que non sucedera na miña familia ningún dos cambios que eu esperaba. Que partido tomaría? Non o sei moi ben, pero, o que faría entón, que me impide facelo agora? Cantas persoas viven en París, que non teñen nin a miña intelixencia, nin as miñas calidades naturais e que, porén, lle deben o sustento ós seus talentos, tal e como os teñen? A Providencia, non ten arranxado as cousas con moita sabedoría?, engadía eu, reflexionando sobre os diferentes estados da vida. A maioría dos grandes e dos ricos son parvos: iso está claro para quen coñeza un pouco o mundo. Iso si, hai niso unha xustiza admirable: se unisen o enxeño ás riquezas, serían demasiado felices, e o resto dos homes demasiado miserables. As calidades do corpo e da alma concédenselles a estes últimos, como medios de escapar á miseria e á pobreza. Uns participan das riquezas dos grandes servindo ós seus praceres: engánanos; outros serven á súa instrución: tratan de convertelos en xente honrada; é raro, en verdade, que o consigan, pero ese non é o obxectivo da divina Sabedoría: sempre sacan algún froito dos seus coidados, que consiste en viviren á conta daqueles ós que instrúen; e, se mire por onde se mire, a estupidez dos ricos e dos grandes é unha excelente fonte de ingresos para os pequenos.

Aqueles pensamentos confortáronme un pouco o corazón e a cabeza. Resolvín ir primeiro consultar co Sr. Lescaut, o irmán de Manon. El coñecía perfectamente París e eu tivera ocasións abondo de recoñecer que non era nin dos seus bens nin da paga do rei de onde sacaba a maioría das súas ganancias. Mal me quedaban vinte dobróns que resultaran acharse, por sorte, no meu peto. Amoseille a bolsa, explicándolle a miña desgracia e os meus temores, e pregunteille se había para min outro partido que escoller entre o de morrer de fame, ou o de romperme a cabeza de desesperación. Contestoume que romper a cabeza era o recurso dos necios; en canto a morrer de fame, que había cantidade de xente intelixente que se vía reducida a iso, se non quería facer uso dos seus talentos; que era cousa miña examinar de que era capaz; que el me aseguraba a súa axuda e os seus consellos en todas as miñas empresas. Iso son vaguidades, señor Lescaut, díxenlle eu; as miñas necesidades demandarían un remedio máis inmediato, pois, que queredes que lle diga a Manon? A propósito de Manon, repuxo el, que é o que vos preocupa? Non tedes, con ela, o modo de acabar coas vosas preocupacións cando queirades? Unha muller coma ela deberíanos manter, a vós, a ela e a min. Cortoume a resposta que aquela impertinencia merecía, para continuar dicindo que me garantía, antes da noite, mil escudos a repartir entre nós, se quería seguir o seu consello; que coñecía un cabaleiro, tan liberal no capítulo dos praceres, que estaba seguro de que mil escudos non lle importarían nada por obter os favores dunha moza coma Manon. Pareino. Tiña mellor opinión de vós, respondín; figurárame que o motivo que tiverades para concederme a vosa amizade era un sentimento moi oposto a aquel no que vos encontrades agora. Confesoume, impudicamente, que sempre pensara igual e que, unha vez que a súa irmá violara as leis do seu sexo, aínda que a favor do home que el máis quería, non se reconciliara con ela máis que na esperanza de sacar partido da súa mala conduta. Foime doado xulgar que ata entón nos enganara. Con todo, por moita impresión que aquel discurso me causara, a necesidade que tiña del obrigoume a responderlle, rindo, que o seu consello era un último recurso que había que aprazar para un caso extremo. Rogueille que me descubrira algunha outra vía. Propúxome aproveitar da miña xuventude e da agraciada figura que recibira da natureza, para enlearme con algunha dama vella e liberal. Tampouco gustei daquel partido, que me faría infiel a Manon. Faleille do xogo, como do medio máis doado e máis conveniente á miña situación. Díxome que o xogo, en verdade, era un recurso, pero que requiría ser explicado; que lanzarse a xogar sen máis, coas esperanzas comúns, era o auténtico modo de rematar a miña perdición; que pretender exercer, eu só e sen apoios, os

pequenos medios que un home hábil emprega para corrixir a fortuna, era oficio perigoso de máis; que había unha terceira vía, que era a da asociación, pero que a miña xuventude lle facía temer que os señores Confederados xulgasen que en absoluto tiña aínda as calidades propias para a Liga[7]. Prometeume, non obstante, a súa mediación ante eles; e, cousa que non houbera esperado del, ofreceume algún diñeiro para cando me encontrase en apuros. A única mercé que lle pedín, naquelas circunstancias, foi que non lle dixera nada a Manon da perda que eu sufrira, nin do asunto da nosa conversación.

Saín da súa casa, aínda menos satisfeito que cando entrara; incluso me arrepentín de lle ter confiado o meu segredo. Non fixera por min nada que eu non puidese conseguir do mesmo modo, sen aquela confidencia, e temía mortalmente que faltase á promesa que me fixera de non lle descubrir nada a Manon. Tiña motivo tamén para recear, pola declaración dos seus sentimentos, que non concibise o plan de sacar partido dela, segundo os seus propios termos, sacándoa das miñas mans, ou, polo menos, aconsellándolle que me abandonara para unirse a algún amante máis rico e máis afortunado. Fixen mil reflexións sobre todo aquilo que só me levaron a atormentarme e a renovar a desesperación que sentira pola mañá. Veume varias veces á cabeza a idea de escribirlle a meu pai, e de finxir unha nova conversión, para obter del algunha axuda en diñeiro; pero lembrei, de contado, que, malia toda a súa bondade, me tivera estreitamente encerrado seis meses nunha prisión, pola miña primeira falta; estaba segurísimo de que, despois dun escándalo tal coma o que debera causar a miña fuxida de Saint-Sulpice, me trataría con moito máis rigor. En fin, aquela confusión de ideas produciu unha que me devolveu de golpe a calma ó espírito, e que me estrañei de non ter pensado antes, foi a de recorrer ó meu amigo Tiberge, no que estaba seguro de seguir atopando o meso fondo de entrega e amizade. Nada é máis admirable, nin fai máis honor á virtude, que a confianza coa que un se dirixe ás persoas das que se coñece perfectamente a probidade. Sente un que alí non corre ningún risco. Se non sempre están en disposición de ofrecer axuda, está un seguro de que obterá, polo menos, bondade e compaixón. O corazón, que un pecha con tanto coidado ó resto dos homes, ábrese naturalmente na súa presencia, como se abre a flor á luz do sol, da que non espera senón unha doce influencia.

Considerei como un efecto da protección do Ceo o terme lembrado tan a propósito de Tiberge, e resolvín procurar os medios de velo antes de rematar o día. Regresei de inmediato á casa para escribirlle unha nota e sinalarlle un lugar apropiado á nosa conversa. Recomendeille o silencio e a discreción, coma un dos máis importantes favores que podía facerme, dada a situación dos meus asuntos. A ledicia que me inspiraba a esperanza de velo borrou as trazas do desgusto que Manon non deixaría de percibir na miña cara. Faleille da nosa desgracia de Chaillot coma dunha bagatela que non a debía alarmar; e, sendo París o lugar do mundo no que ela se vía con maior pracer, non lle desagradou oírme dicir que tiñamos que vivir alí ata que se reparasen en Chaillot algunhas lixeiras consecuencias do incendio. Unha hora máis tarde, recibín a resposta de Tiberge que me prometía acudir ó lugar asignado. Alá corrín con impaciencia. Sentía, porén, unha certa vergoña en presentarme ante os ollos dun amigo, a soa presencia do cal debía ser un reproche polos meus desordes, pero a opinión que tiña sobre a bondade do seu corazón e o interese de Manon sustentaron o meu atrevemento.

Pedíralle que se encontrara no xardín do Palacio Real. Estaba alí antes ca min. En canto me viu, veume abrazar. Apertoume longamente entre os seus brazos, e sentín o meu rostro mollado coas súas bágoas. Díxenlle que só me presentaba ante el cheo de confusión, e que levaba no corazón o vivo sentimento da miña ingratitude; que a primeira cousa á que o conxuraba era a que me fixera saber se aínda me estaba permitido consideralo como amigo, despois de ter merecido, con tanta xustiza, perder a súa estima e o seu afecto. Respondeume, co ton máis cariñoso, que nada era capaz de facerlle renunciar a aquela condición; que as miñas propias desgracias e, se lle permitía dicilo, as miñas faltas e os meus desordes, redobraran o seu afecto por min; pero que era un afecto mesturado coa máis viva dor, como a que se sente por unha persoa querida, a quen se ve ir á súa perda sen poder socorrela.

Sentamos nun banco. Ai!, dixen, cun suspiro saído do fondo do corazón, a vosa compaixón ten que ser excesiva, meu querido Tiberge, se me asegurades que é igual ás miñas penas. Avergónzame mostrárvolas, pois confeso que a súa causa non é gloriosa, pero o efecto é tan triste que non fai falta quererme tanto como vos o facedes para conmoverse. Pediume, en sinal de amizade, que lle contase sen enmascarar nada, o que me ocorrera desde a miña marcha de Saint-Sulpice. Satisfíxeno; e lonxe de alterar en

algo a verdade, ou de diminuír as miñas faltas para facerllas encontrar máis escusables, faleille da miña paixón con toda a forza que esta me inspiraba. Presenteilla coma un deses golpes particulares do destino que se obstina na ruína dun miserable, e dos que lle é tan imposible defenderse á virtude como llo foi á prudencia prevelos. Representeille con vivas cores as miñas axitacións, os meus temores, a desesperación na que me sumía dúas horas antes de velo, e na que ía recaer, se era abandonado polos meus amigos tan desapiadadamente coma pola fortuna; en fin, tanto conmovín ó bo de Tiberge, que o vin tan aflixido pola compaixón como o estaba eu polo sentimento das miñas penas. Non se cansaba de abrazarme e de exhortarme a que me animase e me consolase, pero, como el seguía supoñendo que debía separarme de Manon, fíxenlle comprender claramente que era esa mesma separación a que eu vía como o máis grande dos meus infortunios, e que estaba disposto a sufrir, non só o último exceso da miseria, senón a morte máis cruel, antes ca recibir un remedio máis insoportable ca todos os meus males xuntos.

Explicádeme logo, díxome el: que clase de axuda podo eu darvos se vos rebelades contra todas as miñas proposicións? Eu non me atrevía a declararlle que era a súa bolsa o que necesitaba. Con todo, ao final comprendeuno, e confesando que cría entenderme, ficou algún tempo en suspenso, co aire de quen titubea. Non creades, repuxo axiña, que a miña irresolución procede dun menoscabo de celo e de amizade. Pero, a que alternativa me reducides, se vos teño que negar o único socorro que vos queredes aceptar, ou faltar ó meu deber concedéndovolo? Porque, non significa, acaso, participar no voso desorde o facervos perseverar nel? Porén, continuou tras reflexionar un momento, imaxino que é quizá o violento estado no que vos sume a indixencia, aquilo que non vos deixa liberdade abondo para escoller o mellor partido; cómpre ter o espírito tranquilo para apreciar a sabedoría e a verdade. Atoparei o medio de facervos chegar algún diñeiro. Permitídeme, meu querido Cabaleiro, engadiu abrazándome, poñervos soamente unha condición: que me informaredes do lugar onde vivides e que soportaredes que eu faga, polo menos, algúns esforzos por reconducirvos á virtude, que sei que amades e da que só vos aparta a violencia das vosas paixóns. Concedinlle sinceramente todo o que desexaba e rogueille que se compadecera da malignidade da miña sorte, que me facía aproveitar tan mal os consellos dun amigo tan virtuoso. Levoume ó instante onda un banqueiro coñecido del, que me adiantou cen dobróns contra un billete de empréstito seu, pois non tiña diñeiro ningún en efectivo. Xa dixen que non era rico. O seu beneficio valía mil escudos, pero, como era o primeiro ano que

o posuía aínda non cobrara nada das rendas: facíame aquel adianto sobre os seus froitos futuros.

Sentín todo o prezo da súa xenerosidade. Conmovinme, ata o punto de deplorar a cegueira dun amor fatal que me facía violar todos os deberes. A virtude tivo bastante forza, uns momentos, como para elevarse no meu corazón contra a miña paixón, e polo menos albisquei, naquel instante de luz, a vergonza e a indignidade das miñas cadeas. Pero ese combate foi lixeiro e durou pouco. A visión de Manon faríame precipitarme do ceo, e asombreime, ao volver encontrarme xunto a ela, de ter podido, por un momento, considerar vergonzoso un amor tan xusto por un obxecto tan encantador.

Manon era unha criatura dun carácter extraordinario. Nunca moza ningunha tivo menor apego polo diñeiro ca ela, pero non podía estar tranquila un momento, co temor de carecer del. Era pracer e pasatempos o que necesitaba. Nunca houbese querido tocar nin un céntimo, se se puidese un divertir sen que lle custara nada. Nin sequera se informaba do estado das nosas finanzas, con tal de poder pasar agradablemente o día, de sorte que, non sendo nin excesivamente dada ó xogo nin capaz de impresionarse polo fasto dos grandes gastos, nada era máis doado ca satisfacela, creándolle todos os días diversións ó seu gusto. Pero era unha cousa tan necesaria para ela, vivir así na diversión que, doutro xeito, non había que confiar nada no seu humor e nas súas inclinacións. Aínda que me amase tenramente, e que eu fose o único, como ela admitía de boa gana, que podía facerlle gustar perfectamente as dozuras do amor, estaba case seguro de que a súa tenrura non resistiría nada contra certos temores. Preferiríame a toda a terra cunha fortuna mediocre; pero eu non dubidaba en absoluto de que non me abandonase por algún novo B... cando só me quedasen constancia e fidelidade para ofrecerlle. Así que, resolvín axustar tanto os meus gastos particulares, que sempre estivese en disposición de cubrir os seus, e privarme de mil cousas necesarias antes que limitarlle a ela incluso o superfluo. O coche poñíame máis medo ca todo o resto; pois non parecía crible poder manter uns cabalos e un cocheiro. Desveleille a miña inquedanza ó Sr. Lescaut. Non lle ocultara que tiña recibido cen dobróns dun amigo. Repetiume que, se quería tentar o azar do xogo, non desesperaba de que, sacrificando graciosamente uns cen francos para obsequiar ós seus asociados, non puidese ser admitido, por recomendación súa, na Liga da Industria[7]. Vencendo algunha repugnancia, deixeime arrastrar por unha cruel necesidade.

O Sr. Lescaut presentoume, aquela mesma tarde, coma un parente de seu; engadiu que eu estaba tanto máis disposto a triunfar, canto que precisaba dos meirandes favores da fortuna. Con todo, para mostrar que a miña non era a miseria dun esmoleiro, díxolles que andaba coa idea de invitalos a cear. A oferta foi aceptada. Atendinos magnificamente. Falouse moito da xentileza da miña figura e das miñas felices disposicións. Sostiveron que se podía esperar moito de min, porque tendo na fisionomía algo que ulía a home honrado, ninguén desconfiaría dos meus artificios. En fin, déronlle as gracias ó señor Lescaut por lle ter procurado á Orde un novizo do meu mérito e encargáronlle a un dos cabaleiros que me dera, durante algúns días, as instrucións necesarias. O principal teatro das miñas fazañas debía ser o Hôtel de Transilvania, no que había unha mesa de faraón, nunha sala, e outros diversos xogos de cartas e dados na galería. Aquela academia traballaba en proveito do príncipe de R..., que vivía daquela en Clagny, e a maior parte dos seus oficiais eran da nosa sociedade. Direino, para vergoña miña? Aproveitei en pouco tempo as lección do meu mestre. Adquirín sobre todo moita habilidade, ao dar as cartas, en trocar unha por outra e, usando con pericia un longo par de puños, escamoteábaas coa lixeireza suficiente como para burlar os ollos dos máis hábiles e arruinar sen afectación cantidade de honrados xogadores. Aquela extraordinaria destreza apresurou tanto os progresos da miña fortuna que me vin, ás poucas semanas, dono de sumas considerables, ademais das que compartía de boa fe cos meus asociados. Entón, xa non temín descubrirlle a Manon a nosa perda de Chaillot e, para consolala, ao darlle aquela enfadosa noticia, aluguei unha casa amoblada, onde nos instalamos cun aquel de opulencia e de seguridade.

Tiberge non deixara, durante aquel tempo, de facerme frecuentes visitas. As súas lecciónsde moral non terminaban. Recomezaba sen cesar a representarme o dano que lle facía á miña conciencia, honor e fortuna. Eu recibía as súas advertencias amigablemente e, aínda que non tivese a máis mínima disposición a seguilas, agradecíalle o seu celo, porque coñecía a orixe. Ás veces burlábame del amablemente, mesmo en presencia de Manon, e exhortábao a non ser el máis escrupuloso ca gran número de bispos e outros clérigos, que saben conciliar moi ben unha amante cun beneficio. Mirade para aquí, dicíalle eu mostrándolle os ollos da miña, e dicídeme se non hai faltas que non estean xustificadas por tan fermosa causa. El tomábao con paciencia. Mesmo tivo bastante; pero cando viu que as miñas riquezas aumentaban e

que, non soamente lle restituíra os seus cen dobróns, senón que tendo alugado unha nova casa e dobrado os gastos, me ía afundir máis ca nunca nos praceres, cambiou enteiramente de ton e de maneiras. Laiouse do meu endurecemento; ameazoume cos castigos do Ceo e predíxome unha parte das desgracias que non tardaron en sucederme. É imposible, díxome, que as riquezas que serven para manter os vosos desordes vos viñeran por vías lexítimas. Adquirístelas inxustamente; hanvos ser arrebatadas de igual modo. O máis terrible castigo de Deus sería deixarvos gozar delas tranquilamente. Todos os meus consellos, engadiu, vos foron inútiles; ben podo prever que pronto vos serían importunos. Adeus, ingrato e débil amigo. Oxalá que os vosos criminais praceres se esvaezan coma unha sombra! Oxalá que a vosa fortuna e o voso diñeiro perezan sen remisión e quededes só e espido, para sentir a vaidade dos bens que vos embriagaron loucamente! Entón, atoparádesme disposto a amarvos e a servirvos, pero hoxe rompo todo trato con vos e detesto a vida que levades. Largoume aquela arenga apostólica no meu cuarto, ante os ollos de Manon. Levantouse para retirarse. Quixen retelo, pero detívome Manon, quen me dixo que era un tolo que había que deixar marchar.

O seu discurso non deixou de impresionarme algo. Fago fincapé así, nas diversas ocasións en que o meu corazón sentiu un retorno cara o ben, porque foi a ese recordo ó que lle debín, máis adiante, unha parte da miña forza nas máis desgraciadas circunstancias da miña vida. As caricias de Manon disiparon, nun momento, o pesar que me causara aquela escena. Continuamos levando unha vida composta de pracer e amor. O aumento das riquezas redobrou o noso afecto; Venus e a Fortuna non tiñan escravos máis ditosos e máis tenros. Deuses! Por que chamarlle ó mundo lugar de miserias se nel se pode gozar de tan encantadoras delicias? Mais, ai! a súa debilidade é a de pasar demasiado rápido. Que outra felicidade se podería ambicionar, se fosen de natureza a durar sempre? As nosas sufriron a sorte común, é dicir, a de durar pouco e a de ser seguidas por amargas pesadumes. Eu acadara ganancias tan considerables no xogo, que andaba pensando en investir unha parte dos cartos. Os criados non ignoraban os meus éxitos, sobre todo o meu axuda de cámara e a doncela de Manon, ante os cales falabamos a miúdo sen desconfianza. A moza aquela era bonita; o meu criado estaba namorado dela. Trataban con amos novos e simples, ós que imaxinaron poder enganar con facilidade. Concibiron o plan e executárono, de maneira tan infortunada para nós, que nos puxeron nunha situación da que nunca nos foi posible repoñérmonos.

O Sr. Lescaut invitáranos a cear un día, era case media noite cando retornamos á casa. Chamei polo meu criado e Manon pola súa doncela; non acudiron nin o un nin o outro. Dixéronnos que non foran vistos pola casa dende as oito e que saíran, despois de mandar carretar algunhas caixas, por orden miña, segundo dicían. Presentín unha parte da verdade, pero non concibín ningunha sospeita que non fose superada polo que vin ó entrar no meu dormitorio. Forzaran a pechadura do meu gabinete e levaran o diñeiro, con toda a miña roupa. Mentres reflexionaba, só, sobre aquel accidente, veu Manon, toda espavorecida, dicirme que fixeran idéntico saqueo nas súas habitacións. O golpe figuróuseme tan cruel que só un esforzo extraordinario da razón me impediu entregarme ós berros e ó pranto. O temor de comunicarlle a miña desesperación a Manon levoume a finxir tranquilidade. Díxenlle, bromeando, que xa me vingaría sobre algún inxenuo no Hôtel de Transilvania. Non obstante, ela pareceume tan sensible á nosa desgracia, que a súa tristeza tivo ben máis forza para aflixirme, da que tivera a miña finxida alegría para impedir o seu abatemento. Estamos perdidos!, dixo, cos ollos cheos de lágrimas. Esforceime en van por consolala con caricias; os meus propios choros traizoaban a miña desesperación e consternación. En efecto, estabamos tan absolutamente arruinados, que non nos quedaba nin unha camisa.

Decidín mandar buscar, de inmediato, o Sr. Lescaut. El aconselloume ir, naquel mesmo momento, onda o Tenente da Policía e o Gran Preboste de París. Alá fun, pero para maior desgracia miña; pois, a parte de que esa dilixencia e as que requirín daqueles dous oficiais da xustiza non produciron ningún resultado, deille tempo a Lescaut de falar coa súa irmá, e de inspirarlle, durante a miña ausencia, unha horrible resolución. Faloulle do Sr. de G... M... vello voluptuoso, que pagaba con prodigalidade os praceres, e fíxolle ver tantas avantaxes en poñerse a soldo del, que, co alterada que estaba pola nosa desgracia, accedeu a todo aquilo ó que el se empeñou en convencela. Tal honorable trato foi concluído antes do meu regreso, e a execución aprazada para o día seguinte, unha vez que Lescaut avisara o Sr. de G... M... Encontreino agardando por min na casa; pero Manon fórase deitar nas súas habitacións, e déralle orde ó lacaio de dicirme que, necesitando un pouco de descanso, me rogaba que a deixara soa aquela noite. Lescaut marchou, tras ofrecerme uns dobróns que aceptei. Eran case as catro cando fun para a cama e, como aínda pasei un bo anaco pensando nos medios de restablecer a miña fortuna, adormecín tan tarde que non puiden acordar máis cás once ou as doce da mañá. Erguinme axiña para irme informar sobre saúde de Manon;

dixéronme que saíra, unha hora antes, co seu irmán, que a viñera recoller nunha carroza alugada. Aínda que tal saída, acompañada de Lescaut, me parecese misteriosa, obrigueime a deter as miñas sospeitas. Deixei discorrer algunhas horas, que pasei lendo. Por fin, non sendo xa dono da miña inquietude, púxenme a pasear a grandes alancadas polos nosos cuartos. Vin, no de Manon, unha carta lacrada, que estaba sobre a mesa. Ía dirixida a min e a letra era da súa man. Abrina cun estremecemento mortal; estaba escrita nestes termos:

Xúroche, meu querido Cabaleiro, que ti es o ídolo do meu corazón e que non hai outro no mundo a quen eu poida amar da maneira en que te amo a ti; pero, non ves, miña pobre alma, que no estado ó que nos vemos reducidos, a fidelidade é unha virtude estúpida? Cres que pode haber moito amor cando falta o pan? A fame causaríame algunha confusión fatal; un día exhalaría o derradeiro suspiro, crendo exhalar un de amor. Adórote, conta con iso; pero déixame a min, por algún tempo, a administración da nosa fortuna. Desgraciado do que caia nas miñas redes! Traballo para facer ó meu Cabaleiro rico e feliz. Meu irmán informarate das novas da túa Manon, e de que chorou pola necesidade de abandonarte.

Despois daquela lectura, quedei nun estado que me sería difícil describir pois aínda hoxe ignoro que especie de sentimentos me axitaron. Foi unha desas situacións únicas, das que nunca ten un experimentado nada semellante a elas. Non sabería un explicárllelas ós demais, porque eles non se poden facer unha idea; e aínda custa caro desentrañalas un mesmo, porque, sendo únicas na súa especie, non se relacionan con nada na memoria e nin sequera se poden aproximar a ningún sentimento coñecido. Porén, fosen da natureza que fosen os meus, o certo é que neles debían entrar dor, despeito, celos e vergonza. E feliz de min, se non entrase aínda máis amor! Ela ámame, quero crerllo; pero acaso, exclamei, non tería que ser un monstro para odiarme? Que dereitos tivo ninguén xamais sobre un corazón que non teña eu sobre o seu? Que me queda por facer por ela, despois de todo o que lle sacrifiquei? E, porén, abandóname! E a ingrata crese a cuberto dos meus reproches dicíndome que non deixa de amarme! Que teme a fame. Deus de amor!, que sentimentos máis ordinarios! E que mala resposta á miña delicadeza! Non temín a fame, eu, que me expoño de tan boa gana por ela, renunciando á miña fortuna e ás dozuras da casa de meu pai; eu que me limitei ó imprescindible para satisfacer os seus pequenos antollos e caprichos. Que me adora, di

ela. Se me adorases, ingrata, ben sei por quen te deixarías aconsellar; non me terías abandonado sen me dicir adeus, polo menos. É a min a quen hai que preguntar que crueis penas se senten cando se separa un do que adora. Cumpriría ter perdido a cabeza para expoñerse a iso voluntariamente.

As miñas lamentacións foron interrompidas por unha visita que non esperaba. A de Lescaut. Verdugo!, dixen, botando man á espada, onde vai Manon? Qué fixeches dela? Aquel movemento aterrouno; respondeume que, se era así como o recibía cando viña darme conta do favor máis considerable que me puidese ter feito, se retiraría e non volvería poñer nunca os pés na miña casa. Corrín á porta da alcoba, que pechei coidado. Non imaxines, dixen volvéndome cara el, que me vas poder tomar por parvo outra vez e engaiolarme coas túas fábulas. Defende a túa vida ou fai que atope a Manon. Vaia!, que acalorado vos poñedes!, contestou el; é a única razón que me trae. Véñovos anunciar unha felicidade que nin imaxinades, e pola que, se cadra, recoñeceredes que me debedes algo. Quixen que mo aclarara inmediatamente.

Contoume que Manon, non podendo soportar o temor á miseria e, sobre todo, a idea de verse obrigada, de pronto, á reforma do noso modo de vida, lle rogara que lle procurase o coñecemento do Sr. de G... M... que tiña sona de home xeneroso. Non se gardou de dicirme que o consello viñera del, nin de que el preparara o camiño antes de conducila alí. Leveina esta mañá, continuou, e o bo do home quedou tan encantado coas súas gracias, que, de entrada, invitouna a facerlle compañía na súa casa de campo, a onde foi pasar uns días. Eu, engadiu Lescaut, que me decatei de seguida da vantaxe que iso podería representar para vós, expliqueille, habilmente, que Manon sufrira perdas considerables e tanto lle piquei a xenerosidade, que comezou por facerlle don de cen dobróns. Díxenlle que iso estaba ben para o presente, pero que o futuro lle ía traer á miña irmá grandes necesidades; que asumira, ademais, a custodia dun irmán máis novo, que quedara ó noso cargo trala morte dos nosos pais e que, se a cría digna da súa estima, non a deixaría sufrir por ese pobre rapaz que ela consideraba como a metade de si mesma. Este relato non deixou de conmovelo. Comprometeuse a alugar unha casa cómoda, para vós e para Manon, pois vós mesmo sodes ese pobre irmanciño orfo. Prometeu amoblarvos convenientemente e provervos, todos os meses, de catrocentas boas libras, que farán, se conto ben, catro mil oitocentas ó cabo de cada ano. Deixoulle a orde ó seu intendente, antes de marchar, de buscar unha casa e de tela lista ó seu

regreso. Entón volveredes ver a Manon, que me encargou abrazarvos mil veces por ela dicirvos que vos ama máis ca nunca.

Sentei, cavilando naquela estraña disposición do meu destino. Encontreime nunha división de sentimentos e, por conseguinte, nunha incerteza tan difícil de determinar, que fiquei longo tempo sen responder a cantidade de preguntas que Lescaut me facía, unha tras outra. Foi, nese momento, cando o honor e a virtude me fixeron sentir de novo o aguillón do remorso, e cando volvín a ollada, suspirando, cara Amiens, cara a casa do meu pai, cara Saint-Sulpice e cara todos os lugares onde vivira na inocencia. Que inmenso espazo me separaba daquel feliz estado! Xa non o vía máis ca de lonxe, coma unha sombra que aínda atraía a miña saudade e os meus desexos, pero demasiado feble para excitar os meus esforzos. Por que fatalidade, dicía eu, me volvín tan criminal? O amor é unha paixón inocente; como se tornou, para min, en fonte de miserias e desordes? Quen me impedía vivir tranquilo e virtuoso con Manon? Por que non casei con ela, antes de obter nada do seu amor? Acaso meu pai, que me amaba tan tenramente, non tería consentido se eu o premera con lexítimas instancias? Ah!, meu pai houbéraa querido el mesmo, coma unha filla encantadora, máis que digna de ser a muller do seu fillo; eu sería feliz co amor de Manon, co cariño do meu pai, coa estima da xente honrada, cos bens da fortuna e a tranquilidade da virtude. Funesto revés! Que infame papel se me ven propoñer aquí? O que!... Vou eu compartir... Pero, podo dubidar, se foi Manon quen o artellou, e se a perdo sen esta compracencia? Señor Lescaut, exclamei pechando os ollos, como para apartar tan penosas reflexións, se o fixestes por axudarme, agradézovolo. Puidestes ter escollido un camiño máis honrado; pero é un asunto concluído, non é? Así que, non pensemos máis ca en aproveitar os vosos desvelos e en executar o voso proxecto. Lescaut, a quen a miña cólera, seguida de un silencio tan longo, causara embarazo, ficou encantado ó verme tomar un partido tan diferente do que el, sen dúbida, temera; non era precisamente un valente e tiven as mellores probas no sucesivo. Si, si, apresurouse a responderme, fíxenvos un favor grandísimo e xa veredes como hamos sacar del máis proveito do que vos esperades. Concertamos de que maneira poderiamos previr as desconfianzas que o Sr. de G... podía concibir sobre a nosa fraternidade, ó verme máis grande e cun pouco máis de idade quizá do que el imaxinaba. Non encontramos outro xeito que o de adoptar diante del un aire simple e provinciano, e facerlle crer que eu tiña pensado entrar no estado eclesiástico e que para iso ía, todos os días, ó colexio. Resolvemos tamén que iría moi

mal vestido, a primeira vez que me fose concedido o honor de saudalo. Regresou á vila tres ou catro días máis tarde; conduciu el mesmo a Manon á casa que o intendente se coidara de preparar. Ela mandou avisar de inmediato a Lescaut do seu regreso, e tras avisarme este a min, fomos os dous á súa casa. O vello amante xa marchara.

Malia a resignación coa que me sometera ás súas vontades, non puiden reprimir o murmurio do meu corazón, ó vela de novo. Encontroume tristeiro e lánguido. A ledicia do reencontro non podía do todo coa dor da súa infidelidade. Ela, ó contrario, parecía entusiasmada polo pracer de volver a verme. Reprochoume a miña frialdade. Eu non puiden evitar deixar escapar os nomes de pérfida e infiel, que acompañei con outros tantos suspiros. Burlouse, ó primeiro, da miña simplicidade; pero, cando viu que as miñas olladas seguían dirixíndose tristemente cara ela, e o caro que me custaba dixerir un cambio tan contrario ó meu humor e ós meus desexos, entrou soa no seu gabinete. Seguina un momento despois. Atopeina bañada en pranto; pregunteille que llo causaba. Éche ben doado de ver, dixo, como queres que viva se a miña vista só serve para causarche ese aire sombrío e apesarado? Non me fixeches unha soa caricia, na hora que levas aquí, e recibiches as miñas coa maxestade do Gran Turco no Serrallo.

Escoitade, Manon, díxenlle eu abrazándoa, non podo ocultarvos que teño o corazón mortalmente aflixido. Xa non falo agora das alarmas nas que a vosa imprevista fuga me sumiu, nin da crueldade que tivestes en abandonarme sen unha palabra de consolo, despois de non pasar a noite no meu leito. O encanto da vosa presencia faríame esquecer moito máis. Pero, como credes que poida pensar sen suspiros e mesmo sen bágoas, continuei eu vertendo algunhas, na triste e desgraciada vida que queredes que leve nesta casa? Deixemos o meu berce e o meu honor a parte: xa non son razóns tan febles as que deben entrar en competencia cun amor coma o meu; pero ese mesmo amor, acaso non imaxinades que xeme ó verse tan mal recompensado, ou máis ben, tratado tan cruelmente por unha ingrata e dura amante?... Ela interrompeume: mirade, dixo, meu Cabaleiro, é inútil atormentarme con reproches que me fenden o corazón vindo de vós. Vexo o que vos fire. Eu esperara que consentiriades no proxecto que concibira para restablecer un pouco a nosa fortuna, e comecei a executalo sen a vosa participación por non ferir a vosa delicadeza; pero renuncio, xa que vós non o aprobades. Engadiu que non me pedía senón un pouco de compracencia, para o resto do día; que xa recibira douscentos dobróns do seu vello amante e que lle prometera traerlle

á noite un fermoso colar de perlas, con outra xoias, e ademais diso, a metade da pensión anual que lle prometera. Deixádeme soamente o tempo, dixo, de recibir os seus presentes; xúrovos que non se ha poder gabar dos favores que lle concedín, pois funos aprazando ata agora na cidade. É verdade que me bicou as mans máis dun millón de veces; é xusto que pague ese pracer, e non será moito prezo cinco ou seis mil francos, en proporción ás súas riquezas e á súa idade.

A súa resolución foime moito máis agradable cá esperanza das cinco mil libras. Tiven motivo para recoñecer que o meu corazón aínda non perdera todo sentimento de honor, xa que estaba tan satisfeito de escapar á infamia. Mais eu nacera para as alegrías curtas e as dores longas. A Fortuna só me librou dun precipicio para facerme caer noutro. En canto lle demostrei a Manon, con mil caricias, o feliz que me consideraba co seu cambio, díxenlle que había que explicarllo ó Sr. Lescaut, a fin de concertar as nosas nosas medidas. Ó primeiro, el rosmou algo; pero as catro ou cinco mil libras de diñeiro en metálico fixérono entrar alegremente nos nosos plans. Trazamos, pois, que nos encontrariamos todos a cear co Sr. de G... M..., e iso por dúas razóns: unha por darnos o gusto dunha escena agradable facéndome pasar por un escolar, irmán de Manon; a outra, por impedirlle a aquel vello libertino excederse demasiado coa miña amante, polo dereito que crería ter adquirido pagando tan xenerosamente por adiantado. Nós, Lescaut e máis eu, debiamos retirarnos cando el subise ó cuarto onde contaba con pasar a noite; e Manon, en lugar de seguilo, prometeunos saír e vir pasala comigo. Lescaut encargouse do coidado de ter unha carroza puntual á porta.

Chegada a hora cea, o Sr. de G... M... non se fixo esperar moito. Lescaut estaba coa súa irmá, na sala. O primeiro cumprido do ancián foi ofrecerlle á súa beldade un colar, uns brazaletes e uns pendentes de perlas, que ben habían valer mil escudos. Despois contoulle, en bos luíses de ouro, a suma de dúas mil catrocentas libras, que facían a metade da pensión. Aderezou o seu agasallo con gran cantidade de melindres ó estilo da antiga corte. Manon non lle puido negar algúns bicos; eran outros tantos dereitos que adquiría sobre o diñeiro que el lle poñía nas mans. Eu estaba á porta, onde era todo oídos, agardando que Lescaut me avisara para entrar.

Veume coller da man en canto Manon gardou o diñeiro e as xoias e, conducíndome ata o Sr. de G... M..., ordenoume facerlle a reverencia. Eu fixen dúas ou

tres das máis profundas. Desculpádeo, cabaleiro, dixo Lescaut, élle un rapaz moi novo. Está moi lonxe, como verá, de ter os modais de París; pero esperamos que un pouco de práctica o formará. Teredes o honor de ver ó señor por aquí a miúdo, engadiu volvéndose cara min; aproveitade de tan bo modelo. Parecín agradarlle ó vello amante. Deume tres palmadiñas na meixela, dicíndome que era un guapo mozo, pero que tiña que ser precavido en París, onde a mocidade se deixa arrastrar facilmente á libertinaxe. Lescaut aseguroulle que eu era de natureza tan formal, que non falaba máis ca de facerme cura e que todo o meu pracer consistía en montar pequenas capelas. Aseméllalle algo a Manon, proseguiu o ancián, alzándome o queixelo coa man. Eu respondín, cun aire simplón: cabaleiro, é que as nosas carnes tócanse moi de preto; por iso eu amo a miña irmá Manon como a min mesmo. Oídelo?, díxolle el a Lescaut, é listo. Mágoa que este neno non teña un pouco máis de mundo. Oh, señor!, repuxen eu, vin moito nas igrexas da nosa terra e creo que atoparei en París algúns ben máis parvos ca min. Mirade, engadiu el, isto é admirable para un rapaz provinciano. Toda a nosa conversa foi máis ou menos do mesmo gusto, durante a cea. Manon, que era moi riseira, houbo de estragalo todo, varias veces, coas súas gargalladas. Eu atopei a ocasión, ceando, de contarlle a súa propia historia e a mala sorte que o ameazaba. Lescaut et Manon tremían durante o meu relato, sobre todo cando facía o seu retrato ó natural; pero o amor propio impediulle recoñecerse e rematei o conto tan habilmente que el foi o primeiro en atopalo moi gracioso. Xa veredes que non me alarguei sen razón nesta ridícula historia. En fin, chegada a hora do sono, falou de amor e de impaciencia. Lescaut e eu retirámonos; conducírono ó seu cuarto e Manon, que saíra co pretexto dunha necesidade, veuse unir a nós á porta. A carroza, que nos estaba agardando tres ou catro casas máis abaixo, avanzou para recollernos. Afastámonos do barrio nun instante.

Aínda que ós meu propios ollos aquela acción fose unha verdadeira canallada, non era a máis inxusta que cría deber reprocharme. Tiña máis escrúpulos sobre o diñeiro que adquirira no xogo. Porén, aproveitounos tan pouco o un coma o outro, e o Ceo permitiu que a máis lixeira daquelas dúas inxustizas fose a máis rigorosamente castigada.

O Sr. de G... M... non tardou moito en decatarse de que o enganaran. Non sei se deu, aquela mesma noite, algúns pasos para descubrirnos, pero tivo crédito abondo para non dalos por moito tempo inútiles, e nós imprudencia abondo para contar de máis co

tamaño de París e coa distancia que había do noso barrio ó seu. Non só foi informado da nosa residencia e dos nosos asuntos presentes, senón que soubo quen era eu, a vida que levara en París, a antiga relación de Manon con B..., o engano que lle fixera, nunha palabra, todas as partes escandalosas da nosa historia. Entón, tomou a resolución de mandarnos arrestar e de tratarnos menos coma criminais que coma consumados libertinos. Aínda estabamos na cama, cando un exento da policía entrou no noso dormitorio con media ducia de gardas. Primeiro apoderáronse do noso diñeiro ou, máis ben, do do Sr. de G... M... e, obrigándonos a erguernos bruscamente, conducíronnos á porta, onde atopamos dúas carrozas, nunha das cales a pobre Manon foi levada sen explicacións, e eu arrastrado na outra ata Saint-Lazare[8]. Cómpre ter pasado por tales reveses para xulgar a desesperación que poden causar. Os nosos gardas tiveron a crueldade de non permitirme abrazar a Manon, nin dicirlle unha palabra. Ignorei durante moito tempo que fora dela. Sen dúbida foi unha sorte para min non sabelo ó principio, pois unha catástrofe tan terrible faríame perder o sentido e, se cadra, a vida.

Así que, a miña pobre amante foi arrebatada ante os meus ollos, e levada a un retiro que me horroriza nomear. Que destino para unha criatura tan encantadora, que ocuparía o trono do mundo se todos os homes tivesen os meus ollos e o meu corazón! Non a trataron barbaramente; pero encerrárona nunha estreita prisión, soa e condenada a cumprir todos os días unha certa tarefa, como condición necesaria para obter algo de comida repugnante. Só coñecín ese triste detalle moito despois, cando xa soportara eu mesmo varios meses de ruda e molesta penitencia. Como os meus gardas tampouco me advertiron do lugar ó que tiñan ordes de conducirme, só souben o meu destino á porta de Saint-Lazare. Naquel momento, preferiría a morte ó estado no que me crin a punto de caer. Tiña ideas terribles sobre aquela casa. O meu espanto aumentou cando ó entrar os gardas me rexistraron por segunda vez os petos, para asegurarse de que non me quedaban nin armas, nin medios de defensa. O superior apareceu ó instante; estaba avisado da miña chegada; saudoume con moita dozura. Padre, díxenlle eu, nada de indignidades; perderei mil vidas antes de sufrir unha. Non, non, cabaleiro dixo el; conducirédesvos con sensatez e hamos estar contentos o un do outro. Pediume que subira a un cuarto alto. Seguino sen resistencia. Os arqueiros acompañáronnos ata a porta e o superior, que entrou alí comigo, acenoulles para que se retiraran.

Así que son o voso prisioneiro!, dixen eu. E logo, Padre, que pretendedes facer comigo? Díxome que estaba encantado de verme adoptar un ton razoable; que o seu deber sería traballar por inspirarme o gusto da virtude e da relixión e, o meu, aproveitar as súas exhortacións e consellos; que, por pouco que quixera responder ás atencións que tería comigo, non encontraría máis ca pracer na miña soidade. Ah!, pracer!, repuxen eu; vós non sabedes, Padre, a única cousa que é capaz de facermo gustar! Seino, repuxo; pero espero que a vosa inclinación cambie. A súa resposta deume a entender que estaba instruído das miñas aventuras e, tal vez, do meu nome. Pedinlle que mo aclarara. Díxome con naturalidade que o informaran de todo.

Tal coñecemento foi o máis rudo de todos os meus castigos. Dei en verter un torrente de bágoas, con todos os sinais dunha horrible desesperación. Non me podía consolar dunha humillación que ía facer de min a burla de todos o meus coñecidos e a vergonza da miña familia. Pasei así oito días no máis profundo abatemento sen ser capaz de oír nada, nin de ocuparme doutra cousa que do meu oprobio. A lembranza mesma de Manon non engadía nada á miña dor. Polo menos non entraba nel máis ca coma un sentimento que precedera esta nova pena, e a paixón dominante da miña alma era a vergonza e a confusión. Poucas persoas hai que coñezan a forza deses particulares impulsos do corazón. O común dos mortais non é sensible máis que a cinco ou seis paixóns, no círculo das cales pasa a súa vida, e ás que se reducen todos os seus desasosegos. Sacádelles o amor e o odio, o pracer e a dor, a esperanza e o temor, non senten máis nada. Pero as persoas dun carácter máis nobre, poden ser conmocionadas de mil xeitos diferentes; semella que teñan máis de cinco sentidos e que poidan recibir ideas e sensacións que excedan os límites ordinarios da natureza; e como teñen un sentimento desa grandeza que os eleva por riba do común, non hai nada do que sexan máis celosas. De aí que sufran con tanta impaciencia o desprezo e a burla, e que a vergonza sexa unha das súas paixóns máis violentas.

Eu tiña esa triste vantaxe en Saint-Lazare. A miña tristeza pareceulle tan excesiva ó superior que, temendo as consecuencias, pensou que debía tratarme con moita dozura e indulxencia. Visitábame dúas ou tres veces ó día. Levábame a miúdo con el dar unha volta polo xardín, e o seu celo esgotábase en exhortacións e consellos saudables. Eu recibíaos con mansedume; mesmo lle mostraba agradecemento. De aí sacaba el a esperanza na miña conversión. Sodes dun natural tan doce e amable, díxome

un día, que non podo comprender os desordes dos que vos acusan. Dúas cousas me asombran: unha, como con tan boas calidades, vos puidestes entregar ó exceso da libertinaxe; a outra que aínda me admira máis, como recibides de tan bo grado os meus consellos e instrucións, despois de ter vivido varios anos no hábito do desorde. Se é arrepentimento, sodes un sinalado exemplo das misericordias do Ceo; se é bondade natural, tedes ao menos un excelente fondo de carácter que me fai esperar que non teremos necesidade de retervos aquí por moito tempo, para reconducirvos a unha vida honesta e ordenada. Compraceume moito verlle aquela opinión sobre min. Decidín mellorala cunha conduta que o satisfixese enteiramente, persuadido de que era o medio máis seguro de abreviar a miña prisión. Pedinlle libros. Sorprendeuse de que, deixándome a elección dos que quería ler, me determinase por algúns autores serios. Finxín dedicarme ó estudio coa máxima aplicación e dinlle así, en todas as ocasións, probas do cambio que el desexaba.

Porén, este só era exterior. Debo confesalo para vergonza miña, representei, en Saint-Lazare, o personaxe dun hipócrita. En lugar de estudar, cando estaba só, non me ocupaba máis ca de lamentarme do meu destino; maldicía a miña prisión e a tiranía que me retiña alí. Mal sentín algo de alivio pola parte daquel abatemento no que me botara a confusión, cando recaín nos tormentos do amor. A ausencia de Manon, a incerteza sobre súa sorte, o temor de non volvela ver xamais, eran o único obxecto das miñas tristes meditacións. Figurábama nos brazos de G... M..., pois era o primeiro pensamento que tivera; e, lonxe de imaxinar que lle daría o mesmo trato cá min, estaba convencido de que só me fixera afastar para posuíla tranquilamente. Así pasaba días e noites dunha duración que me parecía eterna. Non tiña outra esperanza có éxito da miña hipocrisía. Observaba coidadosamente o rostro e os discursos do superior, para asegurarme do que pensaba de min, e estudaba a maneira de agradarlle, como a un árbitro do meu destino. Foime doado recoñecer que era completamente do seu agrado. Xa non dubidei máis de que non estivese disposto a axudarme. Un día tiven a ousadía de preguntarlle se a duración da miña condena dependía del. Díxome que el non era en absoluto o amo da situación, pero que co seu testemuño, esperaba que o Sr. de G... M..., por solicitude do cal me mandara prender o Tenente xeral de Policía, consentiría en devolverme a liberdade. Podo confiar, repuxen eu con dozura, en que dous meses de prisión, que xa padecín, lle parezan expiación suficiente? Prometeu falarlle, se eu o desexaba. Rogueille encarecidamente que me concedera ese gran favor. Dous días despois, informoume de

que o Sr. de G... M... ficara tan conmovido por todo o ben que oíra sobre min, que non só parecía querer deixarme ver a luz do día, senón que incluso mostrara moito desexo de coñecerme máis particularmente, e que se propoñía visitarme na prisión. Aínda que a súa presencia non podía serme agradable, considereina como unha aproximación á miña liberdade.

Veu, efectivamente, a Saint-Lazare. Atopeille un aspecto máis serio e menos estúpido do que mostrara na casa de Manon. Díxome algunhas palabras de bo senso sobre a miña mala conduta. Engadiu, para xustificar aparentemente os seus propios desordes, que á fraqueza dos homes lle estaba permitido procurarse certos praceres que a natureza esixe, pero que a golfaría e os artificios vergonzosos merecían ser castigados. Escoiteino cun aire de submisión do que pareceu satisfeito. Nin sequera me ofendín de oírlle facer algunhas bromas sobre a miña fraternidade con Lescaut e Manon, e sobre as capeliñas das que supoñía, dixo, que debera facer gran número en Saint-Lazare, xa que achaba tanto pracer naquela piadosa ocupación. Pero, por desgracia para el e para min mesmo, escapóuselle dicirme que, sen dúbida, Manon tamén as tería feito, e moi bonitas, no Hôpital. Malia o estremecemento que o nome do Hôpital me causou, aínda lle puiden rogar, con suavidade, que se explicase. Pois, si!, repuxo, hai dous meses que aprende a cordura no Hôpital Général e desexo que teña sacado tanto proveito coma vostede en Saint-Lazare.

Aínda que tivese unha prisión eterna, ou a mesma morte presente á vista, non sería quen de dominar a miña demencia, ante aquela horrorosa nova. Boteime a el cunha rabia tan asañada que perdín niso a metade das miñas forzas. Tiven abondo, non obstante, para tiralo a terra e agarralo pola gorxa. Estrangulábao, cando o ruído da súa caída e algúns berros agudos que mal lle deixaba eu a liberdade de lanzar, atraeron o superior e varios relixiosos ó meu cuarto. Librárono das miñas mans. Eu mesmo case perdera forza e respiración. Oh, Deus!, exclamei, lanzando mil suspiros, xustiza do Ceo! Teño que vivir un só momento, despois de tal infamia? Quíxenme lanzar de novo sobre o bárbaro que me acababa de asasinar. Detivéronme. A miña desesperación, berros e lágrimas excedían todo o imaxinable. Fixen cousas tan asombrosas, que todos os presentes, que ignoraban a causa, mirábanse os uns ós outros con tanto horror coma sorpresa. O Sr. de G... M..., entre tanto, axustaba a perruca e a gravata e, indignado por tal maltrato, ordenáballe ó superior que me encerrara máis estreitamente ca nunca, e que

me corrixira con todos os castigos que se sabe son propios de Saint-Lazare. Non, señor, díxolle o superior; nós non actuamos desa maneira cunha persoa da clase do señor Cabaleiro. Ademais, el é tan tranquilo e tan honrado, que me custa traballo comprender que se deixara levar a ese exceso sen ter poderosas razóns. Aquela resposta acabou de desconcertar ó Sr. de G... M... Saíu dicindo que xa sabería el como dobregar ó superior, a min e a todos aqueles que ousaran resistirlle.

O superior, tras ordenarlles ós seus relixiosos que o acompañaran, quedou só comigo. Conxuroume a que o informase de contado sobre a orixe daquel desorde. Oh, Padre!, dixen eu, que continuaba chorando coma un neno, figúrese a máis horrible crueldade, imaxine a máis abominable de todas as barbaries, esa é a acción que o indigno G... M... tivo a covardía de cometer. Oh!, traspasoume o corazón. Nunca me reporei. Quérovolo contar todo, engadín saloucando. Vos sodes bo, habédesvos apiadar de min. Fíxenlle un relato abreviado da longa e invencible paixón que sentía por Manon, a situación florecente da nosa fortuna antes de que nos despoxaran os nosos propios criados, dos ofrecementos que G... M... lle fixera á miña amante, da conclusión do trato, e da maneira en que se rompera. Representeille as cousas, a verdade, do lado máis favorable para nós: velaí, continuei, de que fonte veu o afán do Sr. de G... M... pola miña conversión. Tivo influencias para encerrarme aquí por un puro motivo de vinganza. Perdóolle, Padre, mais iso non é todo: mandou secuestrar cruelmente a máis cara metade de min mesmo, meteuna, ignominiosamente, no Hôpital, tivo a impudicia de anunciarmo hoxe pola súa propia boca. No Hôpital, Padre! Oh, Ceo! A miña encantadora amante, a miña querida raíña no Hôpital, coma a máis infame de todas as criaturas! De onde sacarei eu forza abondo para non morrer de dor e de vergonza? O bo Padre, véndome naquel exceso de aflición, tratou de consolarme. Díxome que el nunca entendera a miña aventura da maneira que eu lla contaba; que soubera, en verdade, que eu vivía no desorde, pero que se figurara que o que obrigaba ó Sr. de G... M... a interesarse por min era algún vínculo de estima e de amizade pola miña familia; que só se explicara ante el dese xeito; que o que acababa de contarlle eu introducía moitos cambios no meu caso, e que non dubidaba en absoluto de que o relato fiel que tiña a intención de facerlle ó Tenente xeral de Policía, non puidese contribuír á miña liberdade. Preguntoume, despois, por que aínda non pensara en dar razón de min á familia, xa que eles non tomaran parte na miña catividade. Satisfixen aquela obxección con nalgúns argumentos tomados da dor que temera causarlle a meu pai e da vergonza

que sentiría eu mesmo. Por fin, prometeume ir ó instante onda o Tenente de Policía, aínda que non fose, engadiu, máis que para previr algo peor da parte do Sr. de G... M..., que saíu desta casa moi insatisfeito, e que goza de consideración suficiente como para ser temido.

Agardei pola volta do Padre con toda as inquedanzas dun desgraciado que se achega ó momento da súa sentencia. Era para min un suplicio indicible representarme a Manon no Hôpital. A parte da infamia daquel lugar, ignoraba de que maneira a trataban alí, e a lembranza dalgunhas particularidades que oíra sobre aquela casa de horror renovaba a cada momento os meus arrebatos. Estaba tan resolto a socorrela, a calquera prezo e polo medio que fora, que lle poñería lume a Saint-Lazare, se me fose imposible saír de alí doutro xeito. Así que reflexionei sobre as vías que debía emprender, se se daba o caso de que o Tenente Xeral de Policía continuase a reterme alí ó meu pesar. Puxen todo o meu enxeño a proba; recorrín todas as posibilidades. Non vin nada que me puidera asegurar unha evasión certa, e temín ser encerrado máis estreitamente, se acometía unha tentativa frustrada. Lembrei o nome dalgúns amigos dos que podía esperar axuda; pero, por que medio facelos sabedores da miña situación? En fin, crin ter forxado un plan tan hábil que podería resultar, e pospuxen o arranxalo aínda mellor para despois do regreso do Padre superior, se a inutilidade do seu trámite mo facía necesario. Non tardou en volver. Non apreciei, na súa cara, as mostras de ledicia que acompañan unha boa nova. Falei, dixo, co señor Tenente Xeral de Policía, pero foi demasiado tarde. O Sr. de G... M... foino ver ó saír de aquí, e tanto o predispuxo contra vós, que estaba a piques de enviarme novas ordes para confinarvos máis.

Porén, cando lle expliquei o fondo dos vosos asuntos, pareceu abrandarse moito e, rindo un pouco da incontinencia do ancián Sr. de G... M..., díxome que cumpría deixarvos aquí seis meses para satisfacelo; tanto máis, dixo, que esa estancia non podería servos inútil. Recomendoume que vos tratara cortesmente, e eu respóndovos de que non habedes ter queixa do meu trato.

Aquela explicación do bo superior foi longa abondo como para darme tempo a facer unha sabia reflexión. Concibín que me exporía a estragar os meus plans se lle mostraba demasiada ansia pola liberdade. Manifesteille, pola contra, que, na necesidade de quedar alí, era un doce consolo poder contar con parte da súa estima. Rogueille

despois, sen afectación, que me concedera unha gracia, que non tiña ningunha importancia para ninguén, e que axudaría moito á miña tranquilidade; era a de mandar avisar a un amigo meu, un santo eclesiástico que vivía en Saint-Sulpice, de que me encontraba en Saint-Lazare, e permitir que recibise algunha vez a súa visita. Aquel favor foime concedido sen deliberación. Tratábase do meu amigo Tiberge; non porque esperase del os socorros necesarios para a miña liberdade, senón porque quería que colaborase nela como un instrumento remoto, sen decatarse sequera. Nunha palabra, velaquí o meu plan: matinaba escribirlle a Lescaut e encargalo, a el e ós nosos amigos comúns, do coidado de liberarme. A primeira dificultade era facerlle chegar a carta; ese debía ser o papel de Tiberge. Pero, dado que el o coñecía como irmán da miña amante, temía que non quixera encargarse daquela comisión. A miña idea era meter a carta para Lescaut noutra carta que debía dirixir a un home honrado coñecido de meu, rogándolle que entregase rapidamente a primeira na súa dirección e, como era necesario que vise a Lescaut para poñérmonos de acordo nas nosas medidas, quería indicarlle que acudise a Saint-Lazare, e que solicitase verme baixo a identidade do meu irmán maior, que viñera expresamente a París para tomar coñecemento dos meus asuntos. Deixaba para máis tarde convir canda el os medios que nos parecesen máis expeditivos e máis seguros. O Padre superior mandou avisar a Tiberge de que eu desexaba falar con el. Aquel fiel amigo non me perdera de vista tanto como para ignorar a miña aventura; sabía que estaba en Saint-Lazare e quizás non o incomodara aquela desgracia, que el cría capaz de reconducirme ó deber. Acudiu inmediatamente ó meu cuarto. A nosa foi unha conversa moi amigable. Quixo informarse das miñas disposicións. Eu abrinlle o meu corazón sen reserva, excepto sobre os plans da miña fuxida. Ós vosos ollos, meu querido amigo, díxenlle, non quero parecer o que non son. Se pensastes atopar aquí un amigo sensato e ordenado nos seus desexos, un libertino emendado polos castigos do Ceo, nunha palabra, un corazón desligado do amor e desencantado das gracias da súa Manon, é que me xulgastes demasiado favorablemente. Volvédesme ver como me deixastes hai catro meses: sigo namorado e sigo sendo desgraciado por ese amor fatal, no que non me canso de buscar a miña felicidade.

Respondeume que a confesión que lle facía me volvía imperdoable; que se vían moitos pecadores que se embriagaban coa falsa felicidade do vicio ata preferila altamente á da virtude; pero que, polo menos, se aferraban a imaxes de felicidade e que eran vítimas da aparencia; aínda que, recoñecer, como eu facía, que o obxecto dos meus

desexos só servía para sentirme culpable e desgraciado, e para continuar precipitándome voluntariamente no infortunio e no crime, era unha contradición de ideas e de conduta que non lle facía honor á miña razón.

Tiberge, repuxen eu, que doado vos é vencer cando nada se opón ás vosas armas! Deixádeme razoar agora a min. Como podedes pretender que iso que vós chamades a felicidade da virtude estea exento de penas, de reveses e de inquietudes? Que nome lle daredes á prisión, ás cruces, ós suplicios e ás torturas dos tiranos? Diredes, como fan os místicos, que o que atormenta o corpo é unha felicidade para a alma? Non ousariades dicilo, é un paradoxo insostible. Logo esa felicidade, que tanto loades, está mesturada con mil penas ou, para falar con máis exactitude, non é máis ca un tecido de desgracias a través das cales se tende á felicidade. Agora ben, se a forza da imaxinación fai encontrar pracer neses mesmos males, porque poden conducir ó final feliz que se espera, por que tratades de contraditoria e insensata, na miña conduta, unha disposición tan semellante? Amo a Manon: tendo a vivir, a través de mil dolores, feliz e tranquilo xunto a ela. O camiño polo que ando é infortunado; pero, a esperanza de chegar a bo termo dulcifícao, e sentiríame máis que recompensado, por un momento pasado con ela, de todas as penas que soporto por alcanzalo. Así que, as cousas parécenme iguais, do voso lado e do meu; ou, se hai algunha diferencia, aínda é a favor meu, pois a felicidade que eu espero está próxima e a outra afastada; a miña é da natureza das penas, é dicir, sensible ó corpo, e a outra é dunha natureza descoñecida, que non é certa máis ca pola fe.

Tiberge pareceu espantado daquel razoamento. Retrocedeu dous pasos, dicíndome, con moita seriedade, que non só o que acababa de dicir fería o sentido común, senón que era un desafortunado sofisma de impiedade e de irrelixión: pois esa comparación, engadiu, do termo das vosas penas con aquel que propón a relixión, é unha idea das máis libertinas e das máis monstruosas.

Confeso, repliquei eu, que non é xusta; pero tede coidado, o meu razoamento non se basea sobre ela. Quíxenvos explicar o que vós vedes como unha contradición na perseveranza dun amor desgraciado, e creo ter probado moi ben que, se a hai, vós non vos saberiades salvar dela mellor ca min. Só con esa intención tratei as cousas de iguais, e aínda sosteño que o son. Responderedes que o termo da virtude é infinitamente

superior ó do amor? Quen se nega a aceptalo? Pero, é diso do que tratamos? Non se trata da forza que teñen, o un e a outra, para facer soportar as penas? Xulguémolo polo seu efecto. Cantos desertores da severa virtude se encontran e que poucos encontraredes do amor? Responderedes aínda que, se hai penas no exercicio do ben, non son infalibles e necesarias; que xa non se encontran nin tiranos nin cruces e que se ve a cantidade de persoas virtuosas levar unha vida doce e tranquila? Direivos que hai, igualmente, amores apracibles e afortunados e, cousa que volve constituír unha diferencia moi ó meu favor, engadirei que o amor, se ben engana con moita frecuencia, ao menos só promete satisfaccións e alegrías, mentres que a relixión pretende que un só espere unha práctica triste e mortificante. Non vos alarmedes, engadín, vendo o seu celo presto a desgustarse. A única conclusión á que quero chegar aquí é que non hai peor método para desgustar do amor a un corazón, que denigrar as súas dozuras e prometerlle máis felicidade no exercicio da virtude. Da maneira en que estamos feitos, o seguro é que a nosa felicidade consiste no pracer; desafío a quen se forme outra idea; agora ben, o corazón non necesita consultarse moito tempo para sentir que, de todos os praceres, os máis doces son os do amor. Logo se decata de que o enganan cando lle prometen outros máis encantadores noutra parte, e ese engano dispono a desconfiar das máis sólidas promesas. Predicadores, que queredes conducirme de novo á virtude, decídeme que é indispensablemente necesaria, pero non me ocultedes que é severa e ardua. Deixade ben claro que as delicias do amor son pasaxeiras, que están prohibidas, que serán seguidas de eternas penas e, o que seguramente me impresionará aínda máis, que canto máis doces e encantadoras sexan, máis magnífica será a recompensa do Ceo por tan gran sacrificio, pero confesade que, con corazóns como os que temos, aquí embaixo constitúen as nosas felicidades máis perfectas.

Aquel remate do meu discurso devolveulle o bo humor a Tiberge. Conveu en que había algo de razoable nas miñas ideas. A única obxección que engadiu foi preguntarme por que non participaba, polo menos, dos meus propios principios, sacrificando o meu amor á esperanza desa remuneración da que tiña unha idea tan elevada. Oh, querido amigo!, respondín, é aí onde recoñezo a miña miseria e a miña debilidade. Ai! si, é o meu deber actuar como razoo! Pero, acaso esa acción está no meu poder? Canta axuda non necesitaría eu para esquecer os encantos de Manon? Que Deus me perdoe, repuxo Tiberge, penso que temos aquí outro dos nosos xansenistas. Non sei o que son, repliquei eu, e non vexo moi claro o que hai que ser; pero demasiado percibo

a verdade do que eles din. Aquela conversa serviu cando menos para renovar a compaixón do meu amigo. Comprendeu que había máis debilidade ca malignidade, nos meus desordes. A súa amizade estivo mellor disposta, en adiante, a prestarme unhas axudas, sen as cales tería perecido, infaliblemente, de miseria. Non obstante, non fixen a máis mínima alusión ó proxecto que tiña de escapar de Saint-Lazare. Só lle pedín que se encargara da carta. Preparáraa antes de que el viñera e non me faltaron pretextos para aderezar a necesidade que tiña de escribir. Tivo a fidelidade de levala puntualmente, e Lescaut recibiu a súa, antes de rematar do día.

Veume ver ó día seguinte e pasou felizmente baixo o nome do meu irmán. A miña ledicia foi extrema ó velo no meu cuarto. Pechei coidadosamente a porta. Non perdamos nin un momento, díxenlle; dádeme primeiro noticias de Manon e despois un bo consello para romper os meus ferros. Aseguroume que non vira a súa irmá desde o día anterior ó da miña entrada en prisión, que non soubera da súa sorte e da miña máis que a forza de informacións e de dilixencias; que téndose presentado dúas ou tres veces no Hôpital, lle negaran a liberdade de falarlle. Malfadado G... M...!, exclamei eu, hasmo pagar caro!

No que concirne á vosa liberación, continuou Lescaut, évos unha empresa menos doada do que pensades. Onte pasamo-la tarde, dous amigos e máis eu, observando todas as partes exteriores desta casa e pensamos que, dado que as vosas ventás dan a un patio rodeado de edificios, como xa nolo indicarades, habería moita dificultade en sacarvos de alí. Ademais, estades no terceiro piso e aquí non podemos introducir nin cordas nin escadas. Así que, non vexo ningún recurso pola parte de fóra. Habería que idear algún artificio na casa mesma. Non, proseguín eu; examinei todo, sobre todo desde que a miña prisión é un pouco menos rigorosa, por indulxencia do superior. A porta do cuarto xa non ma cerran con chave, teño a liberdade de pasear polas galerías dos relixiosos; pero todas as escaleiras están defendidas por pesadas portas, que eles teñen moito coidado de manter cerradas de día e de noite, de maneira que é imposible que poida fuxir só con astucia. Agardade, continuei, despois de reflexionar un pouco sobre unha idea que me pareceu excelente, poderiades traerme unha pistola? Tranquilamente, díxome Lescaut; pero, queredes matar a alguén? Asegureille que tiña tan pouca intención de matar a alguén que nin sequera era necesario que a pistola estivese cargada. Traédema mañá, engadín, e non deixedes de encontrarvos pola noite, ás once, fronte á porta desta casa,

con dous ou tres dos nosos amigos. Espero poder reunirme con vós. Instoume en van a que lle explicara algo máis. Díxenlle que unha empresa, como a que eu estaba meditando, non podía parecer razoable máis que despois de lograrse. Pedinlle que abreviase a súa visita a fin de encontrar máis facilidade para volver a verme ó día seguinte. Admitírono con tan pouca dificultade coma a primeira vez. A súa actitude era seria, non habería quen non o houbera tomado por un home de honor.

Cando me encontrei provisto do instrumento da miña liberdade, xa case non dubidei máis do éxito do meu proxecto. Era estraño e atrevido; pero, de que non sería eu capaz cos motivos que me animaban? Desde que me estaba permitido saír do cuarto e pasear polas galerías, reparara en que o porteiro lle traía, cada noite, as chaves de todas as portas ó superior e que, despois, reinaba un profundo silencio na casa, o que significaba que todo o mundo se retirara. Eu podía ir sen obstáculos, por unha galería de comunicación, desde o meu cuarto ó daquel Padre. A miña resolución era collerlle as súas chaves, asustándoo coa pistola se poñía dificultades en darmas, e usalas para alcanzar a rúa. Esperei ese momento con impaciencia. O porteiro veu á hora acostumada, é dicir, un pouco despois das nove. Aínda deixei pasar unha hora, para asegurarme de que todos os relixiosos e os serventes estaban durmindo. Saín, por fin, coa miña arma e unha vela acendida. Primeiro petei suavemente á porta do Padre, para espertalo sen ruído. Oíume á segunda vez, e imaxinando, sen dúbida, que era algún relixioso que se encontraba mal e que necesitaba axuda, ergueuse para abrirme. Con todo, tivo a precaución de preguntar, a través da porta, quen era e que quería del. Tiven que dar o meu nome; pero finxín un ton queixoso, por facerlle entender que non me encontraba ben. Ah!, sodes vos, meu fillo, dixo abríndome a porta; e logo, que é o que vos trae tan tarde? Entrei no cuarto e, levándoo ó extremo oposto á porta, declareille que me era imposible permanecer máis tempo en Saint-Lazare; que a noite era un momento cómodo para saír sen ser visto, e que esperaba da súa amizade que consentira en abrirme as portas ou en prestarme as súas chaves para abrilas eu mesmo.

Aquel cumprido debeuno sorprender. Quedou un tempo mirando para min, sen responder. Como eu non o tiña para perdelo, tomei a palabra de novo para dicirlle que estaba moi agradecido por todas as súas bondades, pero que, sendo a liberdade o máis caro de todos os bens, sobre todo para min, a quen se lle arrebataba inxustamente, estaba resolto a conseguila aquela mesma noite, á calquera prezo; e por medo a que se

lle ocorrese elevar a voz para pedir socorro, fíxenlle ver unha boa razón para o silencio, que tiña baixo a camisa. Unha pistola!, dixo. Como!, meu fillo, querédesme quitar a vida para agradecer a consideración que tiven con vós? Deus non o queira, respondín eu. Sodes intelixente e razoable abondo para non poñerme nesa necesidade; pero quero ser libre e estou tan decidido que, se o meu proxecto falla pola vosa culpa, fágoo. Pero, meu querido fillo, repuxo el, pálido e asustado, que vos fixen eu? que razóns tedes para desexar a miña morte? Non!, repliquei eu con impaciencia. Non teño desexo ningún de matarvos, se queredes vivir. Abrídeme a porta e son o mellor dos vosos amigos. Vin as chaves, que estaban na súa mesa. Collinas e rogueille que me seguira, facendo o menor ruído que puidera. Non lle quedou máis remedio que decidirse. A medida que avanzabamos e que abría unha porta, repetíame cun suspiro: Ah!, meu fillo, ah!, quen o houbera pensado? Nada de ruído, Padre, repetía eu pola miña parte a cada momento. Por fin chegamos a unha especie de barreira, que está antes da gran porta da rúa. Xa me cría libre e estaba detrás do Padre, coa vela nunha man e a pistola na outra. Mentres que el se afanaba en abrir, un criado, que durmía nun cuartiño contiguo, ó oír o ruído dos ferrollos, érguese e asoma a cabeza pola porta. O bo Padre, aparentemente, creuno capaz de determe. Ordenoulle, con moita imprudencia, que acudise a socorrelo. Era un galopín grandón, que se abalanzou sobre min sen dubidar. Eu non andei con cumpridos; solteille o disparo no medio do peito. Mirade do que sodes a causa, Padre, díxenlle con bastante soberbia ó meu guía. Pero que isto non vos impida acabar, engadín empuxándoo cara a última porta. Non ousou negarse a abrila. Saín felizmente e atopei, a catro pasos, a Lescaut que agardaba por min con dous amigos, segundo a súa promesa.

Afastámonos. Lescaut preguntoume se non se oíra disparar un arma. É culpa vosa, díxenlle eu; por que ma traiades cargada? Con todo, dinlle as gracias por ter aquela precaución sen a cal, sen dúbida, quedaba en Saint-Lazare por moito tempo. Fomos pasar a noite a unha fonda, onde me repuxen un pouco da mala comida que se me dera desde había case tres meses. Non obstante, non puiden abandonarme a ese pracer. Sufría mortalmente en Manon. Hai que librala, díxenlles ós meus tres amigos. Eu só quixen a liberdade con vistas a iso. Pídovos a axuda da vosa habilidade; en canto a min, darei por iso ata a vida. Lescaut, a quen non lle faltaba nin enxeño nin prudencia, fíxome ver que había que ir con coidado; a miña evasión de Saint-Lazare e o infortunio que me ocorrera ó saír, causarían infaliblemente ruído; que o Tenente Xeral de Policía me había mandar buscar, e que tiña o brazo longo; en fin, que se non quería verme

exposto a algo peor que S(aint)-Lazare, conviña permanecer oculto e encerrado por algúns días, para deixarlle ó primeiro lume dos meus inimigos o tempo de apagarse. O seu consello era prudente, pero habería que selo tamén para seguilo. Tanta lentitude e precaución non concordaban coa miña paixón. Toda a miña condescendencia reduciuse a prometerlle que pasaría o día seguinte a durmir. Pechoume no seu cuarto, onde permanecín ata a noite.

Empreguei unha parte dese tempo en idear proxectos e recursos para socorrer a Manon. Estaba ben convencido de que a súa prisión era aínda máis impenetrable do que o fora a miña. Non era cuestión de forza e de violencia, cumpría artificio; pero, a mesma deusa da invención non sabería por onde empezar. Vin tan pouca luz que deixei unha mellor consideración dos plans para cando tivese algunhas informacións sobre a organización interna do Hôpital.

Tan pronto como a noite me devolveu a liberdade, rogueille a Lescaut que me acompañara. Trabamos conversación cun dos porteiros, que nos pareceu un home de bo xuízo. Finxín ser un forasteiro que oíra falar con admiración do Hôpital Général e do orde que alí se observa. Interrogueino sobre máis mínimos detalles e, de circunstancias en circunstancias, fomos dar nos administradores, dos que lle pedín que me dixera os nomes e as calidades. As súas respostas sobre este último punto déronme unha idea da que, de contado, me felicitei e que non tardei en poñer en marcha. Pregunteille, como cousa esencial para o meu plan, se aqueles señores tiñan fillos. Díxome que non me podía dar conta certa, pero que, en canto ó Sr. de T., que era un dos principais, el lle coñecía un fillo en idade casadeira, que viñera varias veces ó Hôpital co seu pai. Aquela certeza bastábame. Cortei, case ó instante, a conversa e informei a Lescaut, segundo volviamos á súa casa, do plan que concibira. Imaxino, díxenlle, que o Sr. de T... fillo, que é rico e de boa familia, terá certo gusto polos praceres, como á maior parte dos mozos da súa idade. Non poderá ser inimigo das mulleres, nin ridículo ata o punto de negar os seus servizos para un asunto galante. Formei o proxecto de facerlle interesarse pola liberade de Manon. Se é un bo home e ten sentimentos, hanos conceder a súa axuda por xenerosidade. Se non é capaz de deixarse conducir por ese motivo, algo ha fará, ao menos, por unha moza amable, aínda que non sexa máis que coa esperanza de ter parte nos seus favores. Non quero diferir o velo para máis tarde que mañá, engadín. Síntome tan consolado con este proxecto que me parece de bo augurio. O propio

Lescaut estivo de acordo en que había verosimilitude na miña idea, e en que podiamos esperar algo por aquela vía. Pasei a noite menos tristemente.

Chegada a mañá, vestinme o máis dignamente que me foi posible no estado de indixencia en que me encontraba, e fíxenme conducir nun coche alugado ata a casa do Sr. de T... Quedou sorprendido de recibir a visita dun descoñecido. Parecéronme de bo augurio a súa fisionomía e a súa educación. Expliqueime ante el con naturalidade e, para estimular os seus sentimentos naturais, faleille da miña paixón e do mérito da miña amante como de dúas cousas que non podían ser igualadas máis ca unha coa outra. El díxome que, aínda que nunca vira a Manon, oíra falar dela, polo menos se se trataba da que fora amante de G... M... o vello. Non dubidei de que non estivera informado da miña participación naquela aventura e, para gañalo cada vez máis, facendo un mérito da miña confianza, conteille o detalle de todo o que nos sucedera a Manon e a min. Xa vedes, cabaleiro, continuei, que o interese da miña vida e do meu corazón están agora entre as vosas mans. A unha non me é máis preciosa co outro. Non teño reservas con vós porque estou informado da vosa xenerosidade e a semellanza das nosas idades faime esperar que tamén a haberá nas nosas inclinacións. Pareceu moi sensible a aquela mostra de apertura e de candor. A súa resposta foi a dun home que ten mundo e sentimentos; cousa que o mundo non sempre dá e que fai perder a miúdo. Díxome que elevaba a miña visita ó rango dos seus éxitos galantes, que consideraría a miña amizade como unha das máis felices adquisicións e que se esforzaría en merecela polo ardor dos seus servizos. Non prometeu devolverme a Manon, porque só tiña, segundo me dixo, unha influencia mediocre e pouco segura; pero ofreceuse a procurarme o pracer de vela, e de facer todo o que estivera no seu poder para devolvela ós meus brazos. Quedei máis satisfeito con aquela incerteza da súa influencia do que quedaría cunha seguridade plena de cumprir todos os meus desexos. Encontrei, na moderación dos seus ofrecementos, unha mostra de franqueza que me encantou. Nunha palabra, prometinme todo da súa mediación. A soa promesa de facerme ver a Manon faríame emprender por el o que fose. Mostreille algo destes sentimentos, dunha maneira que o convenceu tamén de que eu non era de natureza ruín. Abrazámonos con cariño e quedamos amigos, sen outra razón cá bondade dos nosos corazóns e unha sinxela disposición que impulsa a un home amable e xeneroso a querer a outro home que se lle asemella. El levou as mostras da súa estima ben máis aló, pois, tendo combinado as miñas aventuras e xulgando que ó saír de S(aint)-Lazare non debía andar moi acomodado, ofreceume a súa bolsa e apremoume a

aceptala. Eu non a aceptei, pero díxenlle: xa é abondo, meu querido cabaleiro. Se, con tanta bondade e amizade, me facedes volver a ver a miña querida Manon, quédovos vinculado para toda a vida. Se me devolvedes plenamente esa querida criatura, non crerei tervos pagado nin derramando todo o meu sangue por servirvos.

Non nos separamos ata despois de convir o momento e o lugar no que debiamos encontrarnos. Tivo a amabilidade de non atrasalo máis que para aquela mesma tarde. Agardei por el nun café, ó que veu reunirse comigo aí polas as catro, e emprendemos xuntos o camiño cara o Hôpital. Tremíanme os xeonllos ó atravesar os patios. Poder do amor!, dicía eu, así que vou volver a ver o ídolo do meu corazón, o obxecto de tantos choros e inquietudes! Ceo! Conservádeme vida abondo para chegar ata ela e dispoñede despois da miña fortuna e dos meus días; non teño outra gracia que pedirvos.

O Sr. de T... falou con algúns dos porteiros da casa que se afanaron en ofrecerlle todo o que dependera deles para a súa satisfacción. Mandou que lle mostraran a sección onde Manon tiña o seu cuarto e conducíronnos alí cunha chave dun tamaño terrible, que serviu para abrir a súa porta. Pregunteille ó criado que nos conducía e que era o encargado de servila, de que maneira pasara ela o tempo naquela morada. Díxonos que era dunha dozura anxélica; que nunca recibira dela unha palabra de dureza; que derramara lágrimas de continuo as seis primeiras semanas, trala súa chegada, pero que, xa había algún tempo que parecía tomar a súa desgracia con máis paciencia e que estaba ocupada cosendo da mañá á noite, salvo algunhas horas que dedicaba á lectura. Pregunteille tamén se fora convenientemente mantida. Aseguroume que o necesario, polo menos, non lle faltara nunca.

Aproximámonos á súa porta. O meu corazón batía con violencia. Díxenlle ó Sr. de T...: entrade só e avisádea da miña visita, pois temo que se impresione demasiado ó verme de pronto. Abríronnos a porta. E quedei na galería. Pero oía a súa conversa. El díxolle que ía levarlle un pouco de consolo, que era amigo meu e que tiña moito interese pola nosa felicidade. Ela preguntoulle, co máis vivo afán, se lle podería dicir que fora de min. El prometeulle levarme ós seus pés, tan tenro e tan fiel como puidera desexar. Cando?, preguntou ela. Hoxe mesmo, dixo el; ese benaventurado momento non vai tardar; vai aparecer ó instante, se así o desexades. Ela comprendeu que eu estaba á porta. Entrei, cando xa ela acudía con precipitación. Abrazámonos con esa efusión de

tenrura que unha ausencia de tres meses fai parecer tan encantadora a uns amantes perfectos. Os nosos suspiros, as nosas exclamacións interrompidas, mil nomes de amor repetidos languidamente dunha parte e da outra, formaron durante un cuarto de hora, unha escena que conmovía ó Sr. de T... Como vos envexo, díxome, facéndonos sentar; non hai sorte gloriosa á que eu non preferise unha amante tan bonita e apaixonada. Pois eu desprezaría todos os imperios do mundo, respondín eu, por asegurar a felicidade de ser amado por ela.

Todo o resto dunha conversación tan desexada non podía deixar de ser infinitamente tenro. A pobre Manon contoume as súas aventuras e eu expliqueille as miñas. Choramos amargamente falando do estado en que ela se encontraba e do que eu non facía senón saír. O Sr. de T... consolounos con novas promesas de aplicarse ardentemente en acabar coas nosas miserias. Aconsellounos non alongar demasiado aquela primeira entrevista para darlle máis facilidade en procurarnos outras. Custoulle moito traballo facernos apreciar aquel consello; Manon, sobre todo, non se daba decidido a deixarme marchar. Mandoume sentar mil veces na cadeira; termaba de min pola roupa e polas mans. Ai!, en que lugar me deixades, dicía. Quen me pode asegurar que vos volverei a ver? O Sr. de T... prometeulle visitala a miúdo comigo. En canto ó lugar, engadiu con amabilidade, non hai que chamarlle o Hôpital; é Versalles, desde o momento en que unha persoa que merece o imperio de todos os corazóns está aquí encerrada.

Ó saír, fun xeneroso co criado que a servía, para animalo a prestarlle os seus coidados con esmero. Aquel mozo tiña a alma menos baixa e menos dura cós seus semellantes. El fora testemuña da nosa entrevista; aquel tenro espectáculo conmovérao. Un luís de ouro, que lle regalei, acabou por vinculalo a min. Ó baixar ós patios, levoume á parte: señor, dixo, se me queredes tomar ó voso servizo, ou darme unha boa gratificación para recompensarme da perda do emprego que ocupo aquí, creo que me será doado liberar á señorita Manon. Fun todo oídos a aquela proposición e, aínda que estaba desproveito de todo, fíxenlle promesas moi por riba dos seus desexos. Contaba con que sempre me sería fácil recompensar a un home daquela especie. Convéncete, amigo meu, díxenlle, de que non hai nada que eu non faga por ti e que a túa fortuna está tan asegurada como a miña. Quixen saber que medios tiña a intención de empregar. Ningún outro, dixo, que o de abrirlle á noite a porta do seu cuarto e conducirlla ata a da

rúa, onde será preciso que esteades vós preparado para recibila. Pregunteille se non era de temer que fose recoñecida o atravesar as galerías e os patios. Confesou que había naquilo algún perigo, pero dixo que algo había que arriscar. Se ben quedei encantado de velo tan resolto, chamei polo Sr. de T... para comunicarlle aquel proxecto e a única razón que parecía tornalo dubidoso. El atopou máis dificultades ca min. Conveu en que podería escapar perfectamente daquela maneira; Pero, se a recoñecen, continuou, se a deteñen fuxindo, se cadra queda alí para sempre. Ademais, teriades que abandonar París ó instante, pois nunca estariades ocultos abondo ás investigacións. Redobraríanas, tanto por vós coma por ela. Un home escapa facilmente cando está só, pero é case imposible pasar desapercibido cunha muller bonita. Por moi sólido que me parecese aquel razoamento, non puido ganar, no meu espírito, á esperanza tan próxima de poñer a Manon en liberdade. Díxenllo ó Sr. de T... e rogueille que lle perdoase ó amor un pouco de imprudencia e de temeridade. Engadín que a miña intención era, en efecto, abandonar París, para determe, como xa fixera, nalgún pobo próximo. Así que acordamos, co criado, non adiar a súa empresa para máis tarde que o día seguinte, e para facela tan segura como estivese no noso poder, decidimos traer roupa de home, con vistas a facilitar a nosa saída. Non era doado introducila alí, pero non me faltou invención para encontrar a maneira. Só lle pedín ó Sr. de T... que puxera ó día seguinte dúas chaquetas lixeiras, unha sobre a outra, e eu encargueime de todo o resto.

Volvemos pola mañá ó Hôpital. Eu levaba comigo, para Manon, roupa interior, medias, etc., e por riba da camisa, unha capa que impedía ver os meus petos demasiado avultados. Só estivemos un momento no seu cuarto. O Sr. de T... deixoulle unha das súas dúas chaquetas; eu dinlle a miña camisa, bastándome a capa para saír. Resultou que non lle faltaba nada ó arranxo salvo as calzas que eu, desgraciadamente, esquecera. O esquezo daquela prenda necesaria faríanos rir, se o apuro que nos creaba fose menos serio. Desesperábame que unha bagatela daquela natureza fose capaz de deternos. Porén, tomei un partido, que foi o de marchar eu mesmo sen calzas. Deixeille as miñas a Manon. A capa era bastante longa e, coa axuda duns alfinetes, quedei en estado de pasar decentemente a porta. O resto do día pareceume insoportablemente longo. En fin, chegada a noite, fomos nunha carroza ata un pouco máis abaixo da porta do Hôpital. Non estivemos moito tempo alí sen ver aparecer a Manon co seu guía. Como tiñamos a porta aberta entraron os dous ó instante. Recibín a miña querida amante nos brazos. Tremía coma unha folla. O cocheiro preguntoume onde había que ir. Vai ó cabo do

mundo, dixen eu, lévame a calquera parte onde non poida nunca estar separado de Manon.

Aquel arrebato, do que non fun dono, estivo a piques de custarme un molesto problema. O cocheiro reparou nas miñas palabras, e cando despois lle dixen o nome da rúa á que queriamos ser conducidos, respondeume que temía que o comprometese nun mal asunto, que ben vía que aquel fermoso mozo, que se chamaba Manon, era unha moza que eu sacaba do Hôpital e que non tiña ganas de perderse por amor de min. A delicadeza daquel canalla non era máis có desexo de facerme pagar o coche máis caro. Estabamos demasiado preto do Hôpital para non apandar. Cala, díxenlle, tes un luís de ouro a ganar. Houbérame axudado, despois daquilo, a queimar o mesmo Hôpital. Chegamos á casa onde residía Lescaut. Como era tarde, o Sr. de T... deixounos polo camiño, coa promesa de volver a vernos ó outro día. O criado quedou só con nós.

Eu levaba a Manon tan estreitamente apertada entre os brazos que non ocupabamos máis ca unha praza na carroza. Choraba de alegría e eu sentía as súas bágoas que me mollaban a cara pero, cando houbo que baixar para entrar na casa de Lescaut, tiven co cocheiro unha nova disputa, de funestas consecuencias. Arrepentinme de lle ter prometido un luís, non só porque o agasallo era excesivo, senón por outra razón ben máis importante, que era a imposibilidade de pagarllo. Mandei chamar por Lescaut. Baixou do seu cuarto para vir á porta. Díxenlle ó oído en que apuro me encontraba. Como era de humor brusco e non estaba nada acostumado a andar con contemplacións cos coches de punto, preguntoume se me burlaba del. Un luís de ouro!, engadiu. Vinte vareadas a ese galopín! Por máis que lle expliquei suavemente que nos ía perder, arrebatoume o bastón, con ademán de ir bater no cocheiro. Este, a quen se cadra xa lle tocara algunha vez caer en mans dun garda de corps ou dun mosqueteiro, fuxiu coa súa carroza espavorecido, berrando que o enganara, pero que xa tería noticias del. Repetinlle inutilmente que parara. A súa fuxida causoume unha extrema inquietude. Non dubidei en absoluto de que ía advertir ó comisario. Perdédesme, díxenlle a Lescaut. Na vosa casa xa non estaría en seguridade; temos que afastarnos de inmediato. Dinlle o brazo a Manon para andar e saímos rapidamente daquela perigosa rúa. Lescaut acompañounos. É cousa admirable a maneira en que a Providencia encadea os acontecementos. Mal andaramos cinco ou seis minutos, cando un home, do que non descubrín a cara, recoñeceu a Lescaut. Seguramente o andaba buscando, polos arredores

da súa casa, co malfadado propósito que executou. É Lescaut, dixo, disparando contra el; esta noite ira cear cos anxos. Desapareceu inmediatamente. Lescaut caeu, sen o menor movemento de vida. Cominei a Manon a fuxir, pois os nosos socorros éranlle inútiles a un cadáver, e temía ser detido pola rolda, que non podía tardar en aparecer. Collín, con ela e máis co criado, polo primeiro carril que cruzaba. Ía tan trastornada que me custaba traballo sostela en pé. Por fin, vin un coche de punto ó cabo da rúa. Montamos nel, pero cando o cocheiro me preguntou onde había que levarnos, vinme apurado para responderlle. Non tiña asilo seguro nin amigo de confianza a quen me atrevese a recorrer. Estaba sen diñeiro, non tendo máis ca medio dobrón na bolsa. O terror e a fatiga indispuxeran de tal xeito a Manon que ía medio desmaiada xunto a min. Ademais eu tiña a imaxinación enchida co asasinato de Lescaut e aínda non perdera o medo en canto á rolda. Que partido tomar? Por sorte, lembrei a pousada de Chaillot, onde pasara algúns días con Manon, cando foramos vivir a aquel pobo. Alí esperaba, no só estar en seguridade, senón poder vivir algún tempo, sen que me urxiran a pagar. Lévanos a Chaillot, díxenlle ó cocheiro. Negouse a ir alí tan tarde, por menos dun dobrón: outro motivo de apuro. En fin, conviñemos en seis francos; era todo o que me quedaba na bolsa.

Eu consolaba a Manon, segundo iamos avanzando; pero, no fondo, tiña a desesperación no corazón. Daríame mil veces a morte, se non tivese entre os brazos o único ben que me ataba á vida. Só aquel pensamento me reanimaba. Polo menos téñoa, dicía eu; ámame, é miña. Por moito que diga Tiberge, esto non é un espellismo de felicidade. Vería perecer todo o universo sen prestarlle interese. Por que? Porque non me queda afecto para nada máis. Aquel sentimento era verdadeiro. Porén, mentres facía tan pouco caso dos bens do mundo, sentía que necesitaba, ao menos, unha pequena parte deles, para desprezar aínda máis soberanamente todo o resto. O amor é máis forte cá abundancia, máis forte cós tesouros e as riquezas, pero necesita da súa axuda; e non hai nada máis desesperante, para un amante delicado, que verse, ó seu pesar, levado por culpa diso á grosería das almas máis baixas.

Eran as once cando chegamos a Chaillot. No albergo recibíronos como persoas coñecidas; non se sorprenderon de ver a Manon con roupa de home, porque en París e arredores están afeitos a verlles ás mulleres adoptar toda sorte de formas. Mandei que a serviran tan cumpridamente coma se fose posuidor da mellor das fortunas. Ela ignoraba

que eu andaba mal de diñeiro; gardeime ben de dicirlle nada, resolto a volver só a París, ó día seguinte, para buscar algún remedio a aquela enfadosa especie de doenza.

Mentres ceabamos, Manon pareceume pálida e máis delgada. Non reparara nilo no Hôpital, porque o cuarto no que a vira non era dos máis luminosos. Pregunteille se non sería un efecto máis do terror que sentira ó ver asasinar o seu irmán. Aseguroume que, por moi impresionada que estivera por aquel accidente, a súa palidez non proviña senón de ter soportado durante tres meses a miña ausencia. E logo, quéresme en extremo?, díxenlle eu. Mil veces máis do que poida dicir, seguiu ela. E logo, non me deixarás nunca? Non, nunca, replicou. E aquela seguridade foi confirmada por tantas caricias e xuramentos, que me pareceu imposible, en efecto, que puidese esquecelas nunca. Sempre estiven convencido de que era sincera; que razón tería para finxir ata ese punto? Pero aínda era máis voluble, ou máis ben xa non era nada, e non se recoñecía a si mesma, cando, tendo ante os ollos mulleres que vivían na abundancia, ela se encontraba na pobreza e na necesidade. Eu estaba en vésperas de ter unha derradeira proba que superou todas as demais e que produciu a máis estraña aventura que lle teña sucedido xamais a un home da miña condición e da miña fortuna.

Como lle coñecía aquel humor, apresureime a ir a París ó outro día. A morte do seu irmán e a necesidade de conseguir roupa interior e traxes para ela e para min eran tan boas razóns que non necesitei pretextos. Saín da pousada, coa intención, díxenlles a Manon e ó pousadeiro, de alugar un coche; pero era unha fanfurriñada. Obrigándome a necesidade a ir a pé, andei rápido ata Cours-la-Reine, onde tiña o proxecto de parar. Cumpría un momento de soidade e de calma para organizarme e ver que ía facer en París.

Sentei na herba. Entrei nun mar de razoamentos e reflexións, que se reduciron pouco a pouco a tres artigos principais. Necesitaba un socorro inmediato para un número infinito de necesidades inmediatas. Tiña que buscar algún camiño que puidese, polo menos, abrirme esperanzas para o futuro e, cousa que non era de menos importancia, tiña que informarme e adoptar medidas para a seguridade de Manon e para a miña. Tras esgotarme en proxectos e combinacións sobre aqueles tres puntos, pareceume axeitado cortar os dous últimos. Non estabamos mal a cuberto nun cuarto de

Chaillot e, en canto as necesidades futuras, crin que xa habería tempo de pensar nelas cando satisfixera as presentes.

Así que, actualmente, era cuestión de encher a bolsa. O Sr. de T... ofrecérame xenerosamente a súa, pero sentía unha extrema repugnancia en recordarlle eu mesmo aquela materia. Que papel, irlle expoñer a propia miseria a un estraño e pedirlle que reparta con nós o seu ben! Só unha alma covarde é capaz diso, por unha baixeza que lle impide sentir a indignidade, ou un cristián humilde, por un exceso de xenerosidade que o fai superior a esa vergonza. Eu non era nin un covarde nin un bo cristián; daría a metade do meu sangue por evitar aquela humillación. Tiberge, dicía, o bo de Tiberge, negarase a darme o que estea na súa man? Non, apiadarase da miña miseria; pero asasinarame coa súa moral. Terei que aguantar os seus reproches, as súas exhortacións, as súas ameazas; farame comprar tan caros os seus socorros, que aínda daría outra parte do meu sangue antes que expoñerme a esa embarazosa escena, que me ha deixar axitación e remordementos. Ben!, seguía eu, hai, acaso, que renunciar a toda esperanza, xa que non me queda outra vía e que estou tan lonxe de parar nunha desas dúas, que daría con máis gusto a metade do meu sangue antes que coller unha delas, é dicir, todo o meu sangue antes ca coller ámbalas dúas? Si, todo o meu sangue, engadín despois de reflexionar un momento; daríao con máis gusto, non cabe dúbida, ca rebaixarme a baixas súplicas. Pero, trátase aquí do meu sangue! Trátase da vida e do coidado de Manon, trátase do seu amor e da súa fidelidade. Que teño que vacilar con ela? Ata agora non vacilei en nada. Ela é a miña gloria, a miña felicidade e a miña fortuna. Hai moitas cousas polas que daría a vida, sen dúbida, ou por obtelas ou por evitalas, pero estimar unha cousa máis cá miña vida non é unha razón para estimala tanto como a Manon. Tras este razoamento non tardei moito en determinarme. Continuei o camiño, decidido a ir primeiro á casa de Tiberge e de alí á do Sr. de T...

Ó entrar en París aluguei un coche, aínda que non tiña con que pagalo; contaba cos socorros que ía solicitar. Fíxenme conducir ó Luxembourg[9], desde onde lle mandei aviso a Tiberge de que o estaba esperando. Satisfixo a miña impaciencia coa súa prontitude. Informeino do extremado das miñas necesidades, sen ningún rodeo. Preguntoume se os cen dobróns que lle devolvera me bastarían e, sen opoñer unha soa palabra de dificultade, foinos buscar ó momento, con ese aire aberto e ese pracer en dar que non se coñece máis ca no amor e na verdadeira amizade. Aínda que eu non tivera a

menor dúbida do éxito da miña demanda, sorprendinme de obtela por tan pouco prezo, é dicir, sen que me rifase pola miña impenitencia. Pero enganábame, créndome completamente a salvo dos seus reproches, pois cando rematou de contarme o diñeiro e xa eu me preparaba para deixalo, pediume que dera unha volta pola alameda con el. Non lle falara de Manon; el ignoraba que estaba en liberdade; así que o seu sermón só recaeu sobre a fuga temeraria de Saint-Lazare e sobre o temor en que el estaba de que, en lugar de aproveitar as lecciónes de sabedoría que alí recibira, volvese ó hábito do desorde. Díxome que, tendo ido visitarme a Saint-Lazare, ó día seguinte da miña evasión, quedara sorprendido máis aló de toda expresión ó coñecer de que modo saíra de alí; que tivera unha conversa sobre aquilo co Superior; que ese bo padre aínda non se repuxera do seu abraio; que, porén, tivera a xenerosidade de disfrazarlle ó señor Tenente Xeral de Policía as circunstancias da miña partida, e que impedira que a morte do porteiro fose coñecida no exterior; así que, por ese lado non tiña nada que temer, pero que, se me quedaba o menor sentimento de prudencia, aproveitaría aquel afortunado xiro que o ceo lle daba ós meus asuntos; que debía comezar por escribirlle ó meu pai, e volver a poñerme a ben con el; e que, se por unha vez quería seguir o seu consello, a súa recomendación era que abandonase París, para retornar ó seo da miña familia.

Escoitei o seu discurso ata o final. Había nel moitas cousas satisfactorias. En primeiro lugar, quedei encantado de non ter nada que temer pola parte de Saint-Lazare. As rúas de París volvían ser un país libre para min. En segundo lugar, alegreime de que Tiberge non tivera a menor idea da liberación de Manon e da súa volta xunto a min. Mesmo me decatei de que evitara falarme dela, na opinión, aparentemente, de que estaba menos interesado por ela, xa que eu parecía tan tranquilo ó seu respecto. Decidín, se non retornar á miña familia, polo menos escribirlle ó meu pai, como el mo aconsellaba, e darlle testemuño de que estaba disposto a volver á orde dos meus deberes e das súas vontades. A miña esperanza era a de incitalo a enviarme diñeiro, co pretexto de facer os meus exercicios na Academia, pois habíame custar caro convencelo de que estaba na disposición de volver ó estado eclesiástico. E, no fondo non estaba moi afastado do que lle quería prometer. Agradábame, ó contrario, aplicarme a algo honrado e razoable, sempre que ese proxecto se puidera harmonizar co meu amor. Contaba con vivir coa miña amante e facer, ó mesmo tempo, os meus exercicios; iso era moi compatible. Compracéronme tanto todas aquelas ideas, que lle prometín a Tiberge enviarlle, ese mesmo día, unha carta a meu pai. Entrei, en efecto, nunha escribanía,

cando o deixei, e escribín dunha maneira tan tenra e tan submisa que, relendo a carta, estiven certo de conseguir algo do corazón paterno.

Aínda que estivese en disposición de coller e pagar un coche de aluguer, despois de abandonar a Tiberge, saboreei o pracer de ir orgullosamente a pé ata a casa do Sr. de T... Encontraba ledicia naquel exercicio de liberdade, pola que o meu amigo me asegurara que non me quedaba nada que temer. Porén, veume de pronto á cabeza que esas seguridades só tiñan que ver con Saint-Lazare e que, ademais diso, pesaba sobre min o asunto do Hôpital, sen contar a morte de Lescaut, na que estaba implicado, ao menos como testemuña. Ese recordo amedrentoume tan vivamente que me retirei pola primeira alameda, desde onde mandei chamar unha carroza. Fun dereito á casa do Sr. de T... a quen fixen rir co meu pavor. O cal me pareceu irrisorio a min tamén, cando me informou de que non tiña nada que temer, nin pola parte do Hôpital, nin pola de Lescaut. Díxome que, pensando que el podería ser sospeitoso de participar no rapto de Manon, fora pola mañá ó Hôpital e que solicitara vela, finxindo ignorar o que pasara; que estaban tan lonxe de acusarnos, a el ou a min, que se apresuraran, polo contrario, a contarlle aquela aventura como unha estraña noticia, e que se admiraban de que unha moza tan bonita coma Manon tomara o partido de fuxir cun criado; que el se contentara con responder friamente que non estaba sorprendido e que un fai o que sexa pola liberdade. Continuou a contarme que fora de alí á casa de Lescaut, coa esperanza de atoparme coa miña encantadora amante; que o dono da casa que era cocheiro, lle asegurara que non nos vira, nin a ela nin a min; pero que non era estraño que non apareceramos por alí, se era por Lescaut por quen tiñamos que ir, porque seguramente souberamos que acababa de ser asasinado máis ou menos no mesmo momento. Con respecto ó cal, non se negara a explicar o que sabía da causa e das circunstancias daquela morte. Dúas horas antes, máis ou menos, un garda de corps, amigo de Lescaut, fora velo e propuxéralle xogar. Lescaut ganara con tanta rapidez que o outro se encontrara nunha hora con cen escudos de menos, é dicir, todo o seu diñeiro. Aquel desgraciado, que se vía sen un pataco, rogáralle a Lescaut que lle emprestase a metade da suma que perdera; e por certas dificultades nacidas pola cuestión, discutiran cunha animosidade extrema. Lescaut negárase a saír para botar man á espada, e o outro xurara, ó marchar, fenderlle a testa: cousa que executara aquela mesma noite. O Sr. de T... tivo a lealdade de engadir que estivera moi inquedo por nós e que continuaba a ofrecerme os

seus servizos. Eu non vacilei en comunicarlle o lugar do noso retiro. Pediume que aceptara que fose alí cear con nós.

Como non me quedaba máis que coller roupa interior e vestidos para Manon, díxenlle que podiamos partir ó momento mesmo, se quería ter a amabilidade de parar un momento comigo nalgunhas tendas. Non sei se creu que lle facía esa proposición con vistas a excitar a súa xenerosidade ou se foi polo simple impulso dunha alma nobre, pero tras consentir en partir inmediatamente, levoume ás tendas que fornecían a súa casa; fíxome escoller varias telas dun prezo máis considerable do que eu me propuxera e, cando me dispoñía a pagalas, prohibiulles terminantemente ós comerciantes recibir un céntimo de min. Aquela galantería fíxose con tanta gracia que crin poder aproveitala sen vergonza. Tomamos xuntos o camiño cara Chaillot, onde cheguei con menos inquietude que cando partira.

Como o cabaleiro des Grieux empregara máis dunha hora neste relato, rogueille que tomara un pouco de descanso e que nos acompañase a cear. A nosa atención fíxolle xulgar que o escoitaramos con pracer. Asegurounos que atopariamos algo aínda máis interesante na continuación da súa historia e, cando acabamos de cear, continuou nestes termos.

FIN DA PRIMEIRA PARTE

SEGUNDA PARTE

A miña presencia e as atencións do Señor de T... disiparon todo o que lle podía quedar de aflición a Manon. Esquezamos os nosos terrores pasados, miña alma, díxenlle eu ó chegar, e comecemos a vivir outra vez, máis felices ca nunca. Despois de todo, o amor é un bo mestre; a fortuna non podería causarnos tantas penas coma praceres nos fai gustar. A nosa cea foi unha verdadeira escena de ledicia. Eu estaba máis orgulloso e máis ledo con Manon e cos meus cen dobróns, que o máis rico financeiro de París cos seus tesouros amontoados. As riquezas débense contar polos medios que ten un de satisfacer os seus desexos. A min non me quedaba nin un só por satisfacer; o futuro mesmo preocupábame pouco. Estaba case seguro de que o meu pai non poría dificultades en darme con que vivir honorablemente en París, porque estando no meu vixésimo ano, entraba no dereito de esixir a miña parte dos bens de miña mai. Non lle ocultei a Manon que os meus fondos só consistían en cen dobróns. Era abondo para agardar tranquilamente por unha fortuna mellor, que parecía non poder faltarme, sexa polos meus dereitos naturais ou polos recursos do xogo.

Así, durante as primeiras semanas, non pensei máis ca en gozar da miña situación; e a forza do honor, tanto coma un resto de precaución pola policía, facíanme aprazar dun día para outro o restablecer os lazos cos asociados do hotel de T..., limiteime a xogar nalgunhas asembleas menos deshonrosas, onde o favor da sorte me aforrou a humillación de ter que recorrer á industria. Ía pasar á vila unha parte da tarde, volvía cear a Chaillot, acompañado con moita frecuencia do Señor de T... do que a amizade por nós medraba día a día. Manon encontrou recursos contra o aburrimento. Fixo amizade na veciñanza con algunhas mozas que trouxera por alí a primavera. O paseo e os pequenos exercicios do seu sexo ocupábana alternativamente. Unha partida de xogo, do que elas regularan os límites, pagaba os gastos do coche. Ían tomar o aire ó bosque de Bolonia e, ó serán, á miña volta, atopaba a Manon máis fermosa, máis contenta e máis apaixonada ca nunca.

Porén levantáronse algunhas nubes que semellaron ameazar o edificio da miña felicidade. Pero foron netamente disipadas e o humor rebuldeiro de Manon fixo o desenlace tan cómico, que aínda encontro dozura nun recordo que me representa a súa tenrura e os encantos do seu enxeño. O único criado que compoñía o noso servicio levoume un día a parte para dicirme, con moitos reparos, que tiña un segredo de importancia que comunicarme. Animeino a falar libremente. Despois dalgúns circunloquios, deume a entender que un señor estranxeiro parecía terlle tomado moito amor á señorita Manon. Axitóuseme o sangue por tódalas veas. Teno ela por el?, interrompín eu máis bruscamente do que a prudencia permitía para aclararme. A miña impetuosidade asustouno. Respondeu, con aire inquieto, que a súa agudeza non fora tan lonxe, pero que tendo observado, dende había varios días, que o estranxeiro aquel viña asiduamente ó bosque de Bolonia, que baixaba da súa carroza e que, meténdose só polos carreiros, parecía buscar a ocasión de ver ou de encontrarse coa señorita, ocorréraselle trabar amizade coas súas xentes, para coñecer o nome do seu amo; que o cualificaban de príncipe italiano e que eles mesmos lle sospeitaban algunha aventura galante; que non puidera conseguir outras aclaracións, engadiu tremendo, porque o Príncipe saíndo daquela do bosque, se achegara familiarmente a el e lle preguntara o seu nome; tralo cal, coma se adiviñara que estaba ó noso servizo o felicitara por pertencer á persoa máis encantadora do mundo.

Eu esperaba impacientemente a continuación daquel relato. Rematou con tímidas escusas que só atribuín ás miñas imprudentes axitacións. Apremeino en van a que continuara sen disimulos. Aseguroume que non sabía nada máis e que, como o que me acababa de contar ocorrera a véspera, non volvera ver as xentes do príncipe. Tranquiliceino, non só con eloxios, senón cunha boa recompensa e, sen mostrarlle a menor desconfianza sobre Manon, recomendeille, cun ton máis tranquilo, que vixiase todo o proceder do estranxeiro.

No fondo, o seu temor deixoume crueis dúbidas. Se cadra fixéralle suprimir unha parte da verdade. Con todo, despois dalgunhas reflexións, repúxenme da miña alarma, ata lamentar ter dado ese sinal de debilidade. Non lle podía reprochar como un crime a Manon ser amada. Todas as aparencias indicaban que ignoraba a súa conquista; e, que vida ía levar eu se era capaz de abrirlles con tanta facilidade a entrada do meu corazón ós celos? Volvín a París ó día seguinte sen ter formado outro plan que o de

apresurar o progreso da miña fortuna xogando máis forte, para poñerme en situación de abandonar Chaillot á primeira causa de inquietude. Á noite non souben nada que prexudicara o meu descanso. O estranxeiro reaparecera polo bosque de Bolonia, e aproveitando o que pasara a véspera para aproximarse ó meu confidente, faláralle do seu amor, pero en termos que non supoñían ningunha intelixencia con Manon. Interrogárao sobre mil detalles. En fin, intentara poñelo da súa parte con promesas considerables e, sacando unha carta que levaba preparada, ofrecéralle inutilmente uns luíses de ouro por entregarlla a súa ama.

Pasaron dous días sen ningún outro incidente. O terceiro foi máis tormentoso. Souben ó chegar da vila bastante tarde, que Manon durante o paseo se apartara un momento das súas acompañantes, e que o estranxeiro, que a seguía a pouca distancia, se lle acercara, a un sinal dela, e que esta lle entregara unha carta que el recibira con transportes de alegría. Non tivera tempo de expresalos máis ca bicando amorosamente os carácteres, porque Manon se escapulira inmediatamente. Pero que ela se mostrara extraordinariamente alegre durante o resto do día, e des que volvera á casa, aquel humor non a abandonara. Estremecín, a non dubidar, con cada palabra. Estás ben seguro, díxenlle eu tristemente ó meu criado, de que os teus ollos non te enganaran? Puxo ó Ceo por testemuña da súa boa fe. Non sei onde me levarían os tormentos do meu corazón se Manon, que me oíra volver, non me viñese ó encontro con aire impaciente e queixas sobre a miña lentitude. Non esperou pola miña resposta para cubrirme de caricias e, cando se viu soa comigo, reprochoume vivamente o costume que estaba collendo de volver tan tarde. Deixándolle o meu silencio a liberdade de continuar, díxome que había tres semanas que non pasaba un día enteiro con ela; que non podía soportar tan longas ausencias; que me pedía cando menos un día, a intervalos; e que, desde o día seguinte, me quería ver preto dela da mañá á noite. Estarei, non teñades dúbida, respondín eu cun ton bastante brusco. Non fixo moito caso da miña pena, e no impulso da súa alegría, que me pareceu, en efecto, dunha vivacidade singular, fíxome mil pinturas divertidas sobre a maneira en pasara o día. Estraña moza!, dicía eu para min; que debo esperar deste preludio? Volveume á mente a aventura da nosa primeira separación. Con todo, cría ver, no fondo da súa alegría e das súas caricias, un aire de verdade que concordaba coas aparencias.

Non me foi difícil atribuír a tristeza, da que non puiden defenderme durante a cea, a unha perda que me queixei de ter feito ó xogo. Parecérame unha vantaxe extrema que a idea de non deixar Chaillot ó día seguinte viñera dela mesma. Era ganar tempo para as miñas deliberacións. A miña presencia afastaba toda clase de temores polo día seguinte e, se non reparaba en nada que me obrigase a sacar á luz os meus descubrimentos, xa estaba resolto a transportar, ó outro día, o meu aloxamento á cidade, a un barrio onde non tivese nada que resolver con príncipes. Aquel arranxo fíxome pasar unha noite máis tranquila, pero non me quitaba a dor de ter que temer unha nova infidelidade.

Ó acordar, Manon declaroume que, non por pasar o día no noso apartamento pretendía que eu tivese un aspecto máis abandonado, e que quería acomodarme o cabelo coas súas propias mans. Eu tíñao moi fermoso. Era unha diversión á que ela se entregara varias veces; pero puxo máis coidados dos que nunca lle vira observar. Vinme obrigado, para satisfacela, a sentarme ante o seu tocador e a soportar todas as pequenas invencións que imaxinou para o meu amaño. No curso do seu traballo, facíame volver de vez en cando o rostro cara ela e, apoiándose coas dúas mans nos meus ombreiros, mirábame cunha curiosidade ávida. Logo, expresando a súa satisfacción con un ou dous bicos, facíame volver á mesma posición para continuar coa súa obra. Aquel pasatempo ocupounos ata a hora do xantar. A satisfacción que aquelo lle procurara parecérame tan natural, e a súa ledicia ulía tan pouco a artificio, que non podendo conciliar tales aparencias de constancia co proxecto dunha negra traizón, estiven tentado varias veces a abrirlle o meu corazón e descargarme dun fardo que comezaba a pesarme. Pero gabábame, a cada instante, de que a apertura viría dela, e saboreábao por adiantado coma un delicioso triunfo.

Volvemos ó seu gabinete. Púxose de novo a axeitarme o cabelo, e a miña compracencia facíame ceder a todas as súas vontades, cando viñeron avisala de que o príncipe de... quería vela. Aquel nome irritoume en extremo. O que?, exclamei rexeitándoa. Quen? Que príncipe? Ela non respondeu ás miñas preguntas. Facédeo subir, díxolle ó criado con frialdade e, volvéndose cara min: querido amante, a ti que adoro, continuou cun ton feiticeiro, pídoche un momento de compracencia, un momento, un só momento. Heite amar por iso mil veces máis. Heicho agradecer toda a miña vida.

A indignación e a sorpresa atáronme a lingua. Ela repetía as súas instancias, e eu buscaba expresións para rexeitalas con desprezo. Pero, cando oíu abrir a porta da antecámara, agarroume cunha man os cabelos, que me caían soltos sobre os ombreiros, colleu coa outra o seu espello de man; empregou toda a súa forza para arrastrarme naquel estado ata a porta do gabinete e, abríndoa co xeonllo, ofreceulle ó estranxeiro, a quen o ruído parecera deter no medio do cuarto, un espectáculo que lle debeu causar non pouco asombro. Vin un home moi ben vestido, pero con bastante mala cara. No desconcerto no que o poñía aquela escena, non deixou de facer unha profunda reverencia. Manon non lle deixou tempo nin a abrir a boca. Presentoulle o seu espello: vede, cabaleiro, dixo, mirádevos ben e facédeme xustiza. Vos pedídesme amor. Velaquí o home a quen amo e a quen xurei amar toda a miña vida. Facede a comparación vós mesmo. Se credes poder disputarlle o meu corazón, dicídeme logo con que fundamento, pois eu declárovos que ós ollos da vosa humilde servidora, todos os príncipes de Italia non valen por un dos cabelos que teño na man.

Durante aquela tola arenga, que aparentemente tiña meditada, eu facía inútiles esforzos por desprenderme e, compadecéndome dun home de categoría, sentíame impulsado a reparar aquela pequena afronta coas miñas cortesías. Pero, repoñéndose con bastante facilidade, a súa resposta, que eu encontrei un pouco groseira, fíxome perder aquela disposición. Señorita, señorita, díxolle el cun sorriso forzado, abro en efecto os ollos e encóntrovos ben menos noviza do que me figurara. Retirouse de contado, sen botarlle unha mirada, engadindo, en voz máis baixa, que as mulleres de Francia non valían máis cas de Italia. Nada me invitaba, naquela ocasión, a facerlle adoptar unha opinión mellor sobre o *beau sexe*.

Manon soltoume o cabelo, deixouse caer nunha butaca e fixo resoar o cuarto con longas gargalladas. Non disimularei que me conmoveu ata o fondo do corazón, cun sacrificio que non podía atribuír máis có amor. Con todo, a broma pareceume excesiva. Reprocheillo. Contoume que o meu rival, tras acosala durante varios días no bosque de Bolonia, e facerlle adiviñar os seus sentimentos por xestos, tomara o partido de facerlle unha declaración aberta, acompañada do seu nome e de todos os seus títulos, nunha carta que lle fixera chegar polo cocheiro que a levaba canda as súas compañeiras; que lle prometía, alén dos montes, unha brillante fortuna e adoración eterna; que ela

regresara a Chaillot coa resolución de comunicarme aquela aventura, pero que, pensando que podíamos sacar algunha diversión daquilo, non puidera resistir á súa imaxinación; que lle ofrecera ó Príncipe italiano, cunha resposta afagadora, a liberdade de vela na súa casa, que imaxinara un segundo pracer en incluírme no seu plan, sen que eu tivera a menor sospeita. Eu non lle dixen palabra das luces que me viñeran por outra vía e a embriaguez do amor triunfante fíxome aprobar todo.

Teño reparado en que, toda a miña vida, o Ceo sempre escolleu, para golpearme cos máis duros castigos, o momento en que a miña fortuna me parecía mellor establecida. Críame tan ditoso, coa amizade do Sr. de T... e a tenrura de Manon, que ninguén me podería facer entender que tivese algunha nova desgracia que temer. Porén, preparábase unha tan funesta, que me reduciu ó estado en que vós me vistes en Pacy e, gradualmente, a extremos tan deplorables que vos ha custar traballo crer o meu fiel relato.

Un día en que tiñamos o Sr. de T... a cear, escoitamos o ruído dunha carroza que paraba á porta da pousada. A curiosidade fíxonos desexar saber quen podía chegar a aquela hora. Dixéronnos que era G... M... o novo, é dicir, o fillo do noso máis cruel inimigo, daquel vello libertino que me metera a min en Saint-Lazare e a Manon no Hôpital. O seu nome fíxome subir ó sangue á cara. É o Ceo quen mo envía, díxenlle ó Sr. de T..., para castigalo pola covardía do seu pai. Non ha escapar sen que midamos as nosas espadas. O Sr. de T..., que o coñecía e que incluso era un dos seus mellores amigos, esforzouse por facerme adoptar outros sentimentos por el. Aseguroume que era un mozo moi amable, e tan pouco capaz de ter tomado parte na acción do seu pai que eu mesmo non o había ver un momento sen concederlle a miña estima e sen desexar a súa. Tras engadir mil cousas a favor del, rogoume que consentira en que fose propoñerlle vir sentar canda nós e acomodarse co resto da nosa cea. Adiantouse á obxección do perigo ó que se expoñía Manon descubrindo o seu paradoiro ó fillo do noso inimigo, replicando, polo seu honor e pola súa fe, que cando nos coñecese, non habiamos ter defensor máis ardente. Non puxen ningunha obxección, despois de tales garantías. O Sr. de T... non nolo trouxo sen botar un momento en informalo de quen eramos. Entrou cun aire que nos predispuxo, en efecto, ó seu favor. Abrazoume. Sentamos. Admirou a Manon, a min, todo o que nos pertencía, e comeu cun apetito que fixo honor á nosa cea. Recollida a mesa, a conversa fíxose máis seria. Baixou os ollos para falarnos dos

excesos ós que seu pai se entregara contra nós. Presentou as máis humildes escusas. Abrévioas, díxonos, para non renovar un recordo que me causa unha vergoña excesiva. Se foron sinceras dende o comezo, fórono moito máis despois, pois non pasara nin media hora daquela conversa, cando me decatei da impresión que os encantos de Manon exercían sobre el. As súas olladas e as súas maneiras fóronse entenrecendo gradualmente. Pese a todo, non deixou escapar nada nas súas palabras, pero eu, sen deixarme axudar polos celos, tiña demasiada experiencia en amor como para non discernir o que proviña daquela fonte. Acompañounos durante unha parte da noite e só nos abandonou despois de felicitarse por ternos coñecido e solicitar o noso permiso para vir de vez en cando renovarnos o ofrecemento dos seus servizos. Marchou de mañá co Sr. de T... que montou canda el na súa carroza.

Eu non sentía, como xa dixen, inclinación ningunha ós celos. Daba máis creto ca nunca, ós xuramentos de Manon. Aquela encantadora criatura era tan absolutamente dona da miña alma que a min non me cabía un só sentimento que non fose estima e amor. Lonxe de facerlle un crime por terlle gustado ó mozo G... T..., estaba compracido do efecto dos seus encantos e celebraba ser amado por unha rapaza que todo o mundo encontraba amable. Nin sequera xulguei oportuno comunicarlle as miñas sospeitas. Estivemos ocupados varios días na tarefa de mandar axustar a súa roupa e en deliberar se poderiamos ir á Comédie sen temor a ser recoñecidos. O Sr. de T... volveu a vernos antes de rematar a semana. Consultámosllo. El ben viu que había que dicir que si, para agradar a Manon. Resolvemos ir aquela mesma noite con el.

Porén, aquela resolución non se puido executar pois, levándome de inmediato a parte: véxome, dixo, nun compromiso extremo desde a última vez que vos vin, e a visita que vos fago hoxe é por mor diso. G... M... quere á vosa amante. Fíxome esa confidencia. Eu son íntimo amigo del e disposto a servilo en todo; pero non o son menos voso. Considerei que as súas intencións son inxustas e condeneinas. Gardaría o seu segredo se el non estivese disposto a empregar, por agradar, máis que as vías comúns, pero está ben informado do carácter de Manon. Soubo, non sei por onde, que a ela lle gustan a abundancia e os praceres e, como xa goza duns bens considerables, declaroume que a quere tentar, primeiro cun gran agasallo e co ofrecemento de dez mil libras de pensión. Nas mesmas condicións, tal vez me fora moito máis violento traizoalo, pero a xustiza uniuse á amizade no voso favor; tanto máis que, tendo sido a

causa imprudente da súa paixón ó introducilo aquí, estou obrigado a previr os efectos do mal que causei.

Agradecinlle ó Sr. de T... un favor daquela importancia e confeseille, con perfecta reciprocidade de confianza, que o carácter de Manon era tal como G... M... se figuraba, é dicir, que non podía soportar a palabra pobreza. Con todo, díxenlle, se só é cuestión dun pouco máis ou menos, non a creo capaz de abandonarme por outro. Estou en disposición de non deixar que lle falte de nada, e conto con que a miña fortuna vai medrar día a día. Só temo unha cousa, engadín, e é que G... M... non utilice o coñecemento que ten do noso domicilio para xogarnos algunha mala pasada. O Sr. de T... aseguroume que por aí non tiña nada que temer; que G... M... era capaz dunha loucura amorosa, pero que non o era dunha baixeza; que se tiña a covardía de cometer unha, el sería o primeiro, el que me estaba falando, en castigalo e en reparar con iso a desgracia que tivera de dar lugar a aquilo. Agradézovos ese sentimento, seguín eu, pero o mal estaría feito e o remedio sería moi incerto. Así que, o partido máis prudente é previlo, deixando Chaillot para coller outra vivenda. Si, proseguiu o Sr. de T... Pero havos custar traballo facelo coa presteza que cumpriría, porque G... M... debe estar aquí ó medio día; díxomo onte e iso foi o que me impulsou a vir aquí tan cedo, para informarvos das súas intencións. Pode chegar en calquera momento.

Un aviso tan urxente fíxome contemplar o asunto aquel baixo unha ollada máis seria. Como me parecía imposible evitar a visita de G... M... e tamén mo ía ser, sen dúbida, impedir que se abrise a Manon, tomei o partido de avisala eu mesmo das intencións daquel novo rival. Imaxinei que, sabéndome coñecedor das proposicións que lle ía facer e recibíndoas ante os meus ollos, tería forza abondo para rexeitalas. Desveleille o meu pensamento ó Sr. de T... que me respondeu que aquelo era extremadamente delicado. Recoñézoo, dixen eu, pero todas as razóns que se poden ter de estar seguro dunha amante, téñoas eu de contar co cariño da miña. Só a grandeza das ofertas a podería cegar e xa vos dixen que ela non coñece o interese. Ama a boa vida, pero tamén me ama a min e, na situación na que están os meus negocios, non podería crer que prefira, antes que a min, o fillo dun home que a meteu no Hôpital. Nunha palabra, persistín no meu plan e, retirándome a un lado con Manon, declareille con naturalidade todo o que acababa de saber.

Deume as gracias pola boa opinión que tiña dela, e prometeume recibir os ofrecementos de G... M... dunha maneira que lle había quitar as ganas de renovarllos. Non, díxenlle eu, non convén irritalo cunha brusquidade. Pódenos prexudicar. Pero ti, pillabana, engadín rindo, ti sabes ben abondo como desfacerte dun amante desagradable ou incómodo. Ela proseguiu, despois de cavilar un pouco: ocórreseme un plan admirable, exclamou, estou moi orgullosa da invención. G... M... é o fillo do noso máis cruel inimigo; cómpre vingarnos do pai, non sobre o fillo, pero si sobre a súa bolsa. Quero escoitalo, aceptar os seus agasallos e burlarme del. O proxecto está ben, dixen eu, pero non pensas, pobriña, que é o camiño que nos conduciu dereitos ó Hôpital. Por máis que lle representei o perigo daquela empresa, díxome que non se trataba máis que de tomar as medidas adecuadas e foi respondendo a todas as miñas obxeccións. Dádeme un home namorado que non entre cegamente en todos os caprichos dunha amante adorada, e convirei en que fixen mal ó ceder tan facilmente. Tomamos a resolución de facer de G... M... a vítima dun engano e, por un estraño capricho da miña sorte, ocorreu que eu me convertín na súa.

Vimos aparecer a súa carroza aló contra as once. Desculpouse dun xeito moi rebuscado pola liberdade que tomaba en vir xantar canda nós. Non se sorprendeu de atopar alí ó Sr. de T..., que lle prometera a véspera ir tamén e que finxira ter algunhas ocupacións para dispensarse de vir no mesmo coche. Aínda que non había nin un de todos nós que non levara a traizón no corazón, puxémonos á mesa cun aire de confianza e de amizade. G... M... encontrou facilmente a ocasión de declararlle os seus sentimentos a Manon. Non lle debín parecer moi molesto, pois ausenteime adrede uns minutos. Decateime, á volta, de que non o desesperaran cun exceso de rigor. Estaba do mellor humor do mundo. Finxín que eu tamén. El ría interiormente da miña simplicidade e eu da súa. Durante toda a tarde, representamos o un para o outro unha escena moi agradable. Aínda lle arranxei, antes da súa partida, un momento de conversa en privado con Manon, de sorte que tivo ocasión de felicitarse pola miña compracencia tanto coma pola boa mesa.

En canto subiu na carroza co Sr. de T... , Manon acudiu onda min, cos brazos abertos, e bicoume rompendo a rir. Repetiume as súas palabras e as súas proposicións, sen cambiar unha palabra. Reducíanse a isto: adorábaa. Quería compartir con ela corenta mil libras de renda das que xa gozaba, sen contar o que esperaba trala morte do

pai. Ela ía ser a dona do seu corazón e da súa fortuna, e como prenda da súa xenerosidade, estaba disposto a darlle carroza, un palacete amoblado, unha doncela, tres lacaios e un cociñeiro.

Velaí un fillo, díxenlle eu a Manon, ben máis xeneroso có pai. Falemos de boa fe, engadín; non estades tentada pola oferta? Eu?, respondeu ela, axustando ó seu pensamento dous versos de Racine:

Eu! sonvos sospeitosa de perfidia tal?
Eu! Podería sufrir un odioso rostro,
Que segue a recordar o Hôpital ós meus ollos?

Non, proseguín eu, continuando a parodia:

Custaríame pensar que fose o Hôpital, Señora
O sinal co que o Amor gravara a vosa alma

Pero é un, ben sedutor, un palacio amoblado cunha carroza e tres lacaios; e o amor ten poucos tan fortes. Ela aseguroume que o seu corazón era meu para sempre, e que non recibiría nunca outros sinais cós meus. As promesas que me fixo, dixo ela, son un aguillón de vinganza, máis ca un sinal de amor. Pregunteille se estaba coa idea de aceptar o palacio e maila carroza. Respondeu que só lle interesaba o seu diñeiro. A dificultade estaba en obter o un sen o outro. Determinamos esperar pola explicación completa do proxecto de G... M... nunha carta que prometera escribirlle. Recibiuna, en efecto, ó día seguinte, de mans dun lacaio sen librea, que buscou habilmente a ocasión de falarlle sen testemuñas. Ela díxolle que agardara pola súa resposta, e veume traer de inmediato a carta. Abrímola xuntos. Ademais dos lugares comúns de tenrura, contiña o detalle das promesas do meu rival. Non aforraba gastos. Comprometíase a contarlle dez mil francos ó tomar posesión do palacio, e a ir reparando a diminución daquela fortuna de maneira que sempre a tivese diante, en metálico. Non atrasaba moito o día da inauguración: só lle pedía dous para os preparativos e sinaláballe o nome da rúa e do palacio, no que lle prometía esperala na tarde do segundo día, se podía furtarse ás miñas mans. Era o único punto sobre o que a conxuraba a sacalo de inquietudes; parecía

seguro de todo o resto, pero engadía que, se ela prevía dificultades en escapar de min, el encontraría o medio de facerlle doada a fuxida.

G... M... era máis fino có seu pai; quería ter a súa presa nas mans antes de pagar en metálico. Deliberamos sobre a conduta que Manon debía seguir. Aínda me esforcei por quitarlle aquela empresa da cabeza e amoseille todos os perigos. Nada foi capaz de minar a súa resolución.

Escribiulle unha breve resposta a G... M... para asegurarlle que non había encontrar dificultade en acudir a París o día sinalado, e que a podía esperar con certeza. Trazamos despois que eu partiría de inmediato para alugar unha nova casa nalgún pobo, ó outro lado de París, e que transportaría canda min a nosa pequena equipaxe; que ó día seguinte pola tarde, que era o momento da súa cita, ela iría cedo a París; que despois de recibir os agasallos de G... M..., rogaríalle insistentemente que a levara á Comédie; que collería todo o que puidera levar da suma, e que encargaría do resto ó meu criado, que quería levar con ela. Este seguía sendo o mesmo que a librara do Hôpital e que nos era infinitamente fiel. Eu debía encontrarme, cun coche de punto, á entrada da rúa Saint-André-des-Arcs, e deixalo alí contra as sete, para adiantarme na escuridade ata a porta da Comédie. Manon prometíame inventar pretextos para saír un instante do seu palco, e empregalo en baixar para reunirse comigo. A execución do resto era doada. Alcanzariamos o meu coche nun momento e sairiamos de París polo arrabaldo de Saint-Antoine, que era o camiño da nosa nova residencia.

Aquel plan, por extravagante que fora, pareceunos bastante ben arranxado. Pero, no fondo, había unha imprudencia tola en imaxinar que, aínda que tivera o mellor éxito do mundo, puidesemos quedar nunca a salvo das consecuencias. Porén, expuxémonos coa máis temeraria confianza. Manon partiu con Marcel, que así se chamaba o noso criado. Vina marchar con dor. Díxenlle abrazándoa: Manon, non me enganedes; serédesme fiel? Queixouse tenramente da miña desconfianza, e renovoume todos os seus xuramentos.

O seu cálculo era chegar a París aí polas tres. Eu marchei despois dela. Ía languidecer, o resto da tarde, no café de Féré, na ponte de Saint-Michel; estiven alí ata a noite. Entón saín para alugar un coche, que apostei, seguindo o noso proxecto, á entrada

da rúa Saint-André-des-Arcs; despois alcancei a pé a porta da Comédie. Estrañoume non atopar alí a Marcel, que debía estar agardándome. Esperei pacientemente durante unha hora, confundido entre unha morea de lacaios, e cos ollos ben abertos sobre todos os que pasaban. En fin, dadas as sete e sen ter visto nada que tivese relación cos nosos plans, collín unha entrada de patio para ir ver se descubría a Manon e a G... M... nos palcos. Non estaban alí, nin o un nin o outro. Volvín á porta, na que pasei aínda outro cuarto de hora, transportado de impaciencia e de inquietude. Non vendo aparecer nada, regresei ó coche, sen ser quen de tomar a máis mínima resolución. O cocheiro, ó verme, adiantouse uns pasos cara min para dicirme, cun aire misterioso, que unha bonita dama agardaba por min na carroza dende había unha hora; que preguntara por min por indicios que el recoñecera e que, ó saber que eu debía volver, dixera que non se impacientaría por esperarme. Figureime de inmediato que era Manon. Acerqueime, pero vin unha bonita cariña, que non era a súa. Era unha estraña, que me preguntou primeiro se tiña o honor de falar co Sr. Cabaleiro des Grieux. Díxenlle que ese era o meu nome. Teño unha carta para entregarvos, seguiu, que vos instruirá sobre o asunto que me trae, e por que relación teño a honra de coñecer o voso nome. Rogueille que me deixara o tempo de lela nunha taberna próxima. Quixo seguirme e aconselloume pedir un cuarto a parte. De quen ven esta carta?, pregunteille eu mentres subiamos: ela remitiume á súa lectura. Recoñecín a man de Manon. Eis, pouco máis ou menos, o que me indicaba: G... M... recibíraa cunha cortesía e unha magnificencia máis alá de todas as súas ideas. Colmáraa de agasallos; facíalle ver unha situación digna dunha raíña. Asegurábame, con todo, que non me esquecía naquel novo esplendor; pero que, como non puidera facer consentir a G... M... en levala aquela noite á Comédie, deixaba para outro día o pracer de verme; e que, para consolarme un pouco da mágoa que prevía que esa noticia me podía causar, encontrara o medio de procurarme unha das mozas máis bonitas de París, que sería a portadora do seu billete. *Asinado*, a vosa fiel amante, MANON LESCAUT.

Había algo tan cruel e tan insultante para min naquela carta que, suspendido algún tempo entra a cólera e a dor, intentei facer un esforzo por esquecer eternamente a miña ingrata e perxura amante. Alcei os ollos cara a moza que estaba ante min: era extremadamente bonita, e desexaría que o fora abondo como para volverme perxuro e infiel á miña vez. Pero non encontrei nela eses ollos finos e lánguidos, ese porte divino, ese cute da composición do Amor, en fin, ese fondo inesgotable de encantos que a natureza lle prodigara á pérfida Manon. Non, non, díxenlle, deixando de mirala, a

ingrata que vos envía ben sabía que vos mandaba dar un paso inútil. Volvede onda ela e dicídelle da miña parte que goce do seu crime, e que goce del, se é posible, sen remorsos. Abandónoa sen remisión, e renuncio ó mesmo tempo a todas as mulleres, que non saberían ser tan amables coma ela e que son, sen dúbida, tan covardes e de tan mala fe. Entón estiven a piques de baixar e retirarme, sen pretender máis a Manon, e como os mortais celos que me desgarraban o corazón se disfrazaron cunha triste e sombría tranquilidade, crinme tanto máis próximo da curación canto que non sentía ningún deses impulsos violentos que me axitaran en iguais ocasións. Ai! era tan vítima do amor como cría selo de G... M... e de Manon.

Aquela rapaza que me trouxera a carta, véndome disposto a baixar a escaleira, preguntoume que quería logo que lle respondera ó Sr. de G... M... e á dama que estaba con el. Volvín entrar no cuarto, ante esa pregunta, e por un cambio incrible para quen non teña nunca sentido paixóns violentas, encontreime, de golpe, da tranquilidade na que cría estar, nun terrible arrebato de furor. Vai, díxenlle, cóntalle ó traidor G... M... e á súa pérfida amante a desesperación na que a túa maldita carta me botou, pero dilles que non han rir por moito tempo, e que os hei acoitelar ós dous cos miñas propias mans. Derrubeime nunha cadeira. Caeume o sombreiro a un lado e o bastón ó outro. Dous ríos de bágoas amargas comezaron a fluír dos meus ollos. O acceso de rabia que acababa de sentir transformouse nunha dor profunda; non fixen máis ca chorar, lanzando xemidos e suspiros. Achégate, nena, achégate, exclamei falándolle á moza; achégate, xa que es ti a que envían para consolarme. Dime se sabes dalgún consolo contra a rabia e a desesperación, contra as ganas de darse a morte a si mesmo, despois de matar dous pérfidos que non merecen vivir. Si, achégate, continuei, vendo que daba algúns pasos tímidos e inseguros cara min. Ven enxugar as miñas bágoas, ven devolverlle a paz ó meu corazón, ven dicirme que me amas, para que me afaga a selo por outra, que non pola miña infiel. Es bonita, se cadra eu tamén te podería amar. Aquela pobre rapariga, que non tiña dezaseis ou dezasete anos, e que parecía ter máis pudor cás súas semellantes, estaba sorprendida en extremo dunha escena tan estraña. Achegouse, non obstante, para facerme algunhas caricias, pero repelina de seguida, apartándoa coas mans. Que queres de min?, díxenlle. Ah! Ti es muller, ti es dun sexo que detesto e que xa non podo soportar. A dozura do teu rostro ameázame con algunha outra traizón. Vaite, e déixame só aquí. Fíxome unha reverencia, sen ousar dicir nada e volveuse para saír. Berreille que se detivera. Pero, cóntame polo menos, continuei, por que, como, con

que obxecto te enviaron aquí. Como descubriches o meu nome e o lugar onde me podías encontrar?

Díxome que había moito que coñecía ó Señor de G... M...; que a mandara buscar ás cinco e que, tras seguir ó lacaio que a avisara, fora a unha grande casa, onde o atopara xogando ós centos cunha dama moi bonita, e que lle encomendaran ambos entregarme a carta que me trouxera, despois de explicarlle que me atoparía nunha carroza ó cabo da rúa de Saint-André. Pregunteille se non lle dixeran nada máis. Respondeume, ruborizándose, que lle deran esperanzas de que eu a collería para que me fixese compañía. Enganáronte, díxenlle eu, pobre neniña, enganáronte. Ti es unha muller, cómpreche un home; pero cómpreche un que sexa rico e feliz e non é aquí onde o vas atopar. Volve, volve co Sr. de G... M... El ten todo o que fai falla para ser amado das mulleres guapas; ten palacios amoblados, servidume e coches, para regalar. En canto a min, que non teño máis que amor e constancia para ofrecer, as mulleres desprezan a miña miseria e xogan coa miña simpleza.

Engadín mil cousas, xa tristes, xa violentas, segundo as paixóns que me axitaban unha tras outra cedían ou ganaban. Porén, a forza de atormentarme, os meus arrebatos diminuíron o suficiente para deixar lugar a algunhas reflexións. Comparei aquel último infortunio ós que xa sufrira antes do mesmo xénero, e non encontrei que houbese que desesperarse máis ca nos primeiros. Coñecía a Manon; por que aflixirme tanto por unha desgracia que debera ter previsto?, por que non aplicarme máis ben en buscar remedio? Aínda estaba a tempo. Cando menos non debía escatimar esforzos, se non quería ter que reprocharme o ter contribuído, pola miña neglixencia, ás miñas propias penas. Así que me puxen a considerar todos os medios que podían abrirme un camiño á esperanza.

Tentar arrincala con violencia das mans de G... M... era unha opción desesperada, que só serviría para perderme, e que non tiña as mínimas trazas de éxito. Pero parecíame que, se me puidese procurar a mínima conversación con ela, ganaría, infaliblemente, algo no seu corazón. Coñecíalle tan ben todos os puntos sensibles! Estaba tan seguro de ser amado por ela! Esa mesma extravagancia de enviarme unha moza bonita para consolarme, apostaría a que era da súa invención, e un efecto da súa compaixón polas miñas penas. Resolvín empregar toda a miña destreza para vela. Entre a cantidade de vías que examinei unha tras outra, detívenme nesta. O Sr. de T...

empezara a axudarme con demasiado afecto como para deixarme a menor dúbida sobre a súa sinceridade e o seu celo. Propúxenme ir á súa casa ó instante e comprometelo a que mandase chamar a G... M... co pretexto dun asunto importante. Só necesitaba media hora para falarlle a Manon. O meu plan era facerme introducir no seu mesmo cuarto, e crin que me sería doado en ausencia de G... M... Xa máis tranquilo con aquela resolución, pagueille con largueza á rapaza, que aínda estaba comigo, e para quitarlle as ganas de volver á casa dos que ma enviaran, collín o seu enderezo, dándolle esperanzas de que iría pasar a noite con ela. Montei no meu coche de punto e mandei que me levaran a toda velocidade á casa do Sr. de T... Tiven bastante sorte como para atopalo nela. Polo camiño fora bastante preocupado por iso. En poucas palabras púxeno ó tanto das miñas penas e do favor que lle viña pedir. Quedou tan asombrado ó informarse de que G... M... conseguira seducir a Manon que, ignorando que eu mesmo colaborara á miña desgracia, ofreceume xenerosamente reunir todos os seus amigos, e empregar os seus brazos e as súas espadas na liberación da miña amante. Fíxenlle comprender que aquel escándalo nos podía ser prexudicial, a Manon e a min. Reservemos o noso sangue, díxenlle, para un caso extremo. Ando cavilando nunha vía máis tranquila e da que non espero menos éxito. Comprometeuse, sen reparos, a facer todo o que eu pedira del; e tras repetirlle que só se trataba de mandar avisar a G... M... de que tiña que falar con el, e de mantelo fóra unha hora ou dúas, saíu de contado comigo para darme satisfacción.

Buscamos que escusa podería utilizar para detelo tanto tempo. Aconselleille escribir primeiro unha nota simple, datada nunha taberna, na que lle pediría que acudise alí de inmediato, para un asunto tan importante que non podía admitir demora. Eu observarei, engadín, o momento da vosa saída e introducireime sen dificultade na casa, pois alí non son coñecido máis que por Manon e por Marcel, que é o meu criado. En canto a vós, que estaredes entre tanto con G... M..., poderedes dicirlle que ese asunto importante, polo que queredes falar con el, é unha necesidade de diñeiro, que acabades de perder o voso no xogo, e que xogastes moito máis baixo palabra, coa mesma mala sorte. Necesitará un tempo para levarvos á súa caixa forte e eu tereino abondo para executar o meu plan.

O Sr. de T... seguiu aquel arranxo punto por punto. Deixeino nunha taberna onde escribiu prestamente a carta. Eu fun situarme a uns pasos da casa de Manon. Vin chegar ó portador da mensaxe, e a G... M... saír a pé, un momento despois, seguido dun lacaio.

Tras deixarlle o tempo de afastarse da rúa, adianteime ata a porta da miña infiel e, malia toda a miña cólera, petei co respecto que se ten por un templo. Felizmente, foi Marcel quen veu abrir. Fíxenlle sinais de que calara. Aínda que non tivese nada que temer dos outros criados, pregunteille polo baixo se me podía conducir ó cuarto onde estaba Manon, sen que me vira ninguén. Díxome que iso era doado subindo a modo a gran escaleira. Imos logo axiña, díxenlle eu, e trata de impedir que suba ninguén, mentres eu estea alí. Penetrei sen obstáculos ata os apousentos.

Manon entretíñase lendo. Aí tiven ocasión de admirar o carácter daquela estraña moza. Lonxe de asustarse e de intimidarse ó verme, só deu eses lixeiros sinais de sorpresa dos que non se é dono á vista dunha persoa que se cre lonxe. Ah!, sodes vós, meu amor, dixo, vindo abrazarme coa súa tenrura habitual. Meu Deus!, que atrevido sodes! Quen vos ía esperar hoxe e neste lugar? Eu desprendinme dos seus brazos e, sen responder ás súas caricias, rexeiteina con desdén, e retrocedín dous ou tres pasos para afastarme dela. Aquel movemento non deixou de desconcertala. Quedou na posición na que estaba e dirixiu os ollos cara min mudando de cor. Eu estaba, no fondo, tan encantado de volvela ver, que con tantos xustos motivos de cólera, mal tiña forzas para abrir a boca e rifarlle. Porén, sangrábame o corazón pola cruel afronta que me fixera. Traíaa vivamente á memoria, para excitar o meu despeito, e intentaba facer brillar nos ollos outro lume có do amor. Como permanecín un tempo en silencio e ela reparou na miña axitación, vina tremer, aparentemente por efecto do medo.

Non puiden soportar aquel espectáculo. Ah! Manon, díxenlle cun ton tenro, infiel e perxura Manon! Por onde comezarei a queixarme? Véxovos pálida e trémula e aínda son tan sensible ás vosas máis mínimas penas, que temo aflixirvos demasiado cos meus reproches. Pero Manon, dígovolo, teño o corazón traspasado pola dor da vosa traizón. Eses son golpes que non se lle dan a un amante, se non se decidiu a súa morte. Velaquí a terceira vez, Manon, téñoas ben contadas; iso é imposible de esquecer. Sodes vós quen tedes que considerar, agora mesmo, que partido queredes escoller, pois o meu triste corazón xa non resiste a proba dun trato tan cruel. Sinto que sucumbe e que está presto a partirse de dor. Non podo máis, engadín sentando nunha cadeira; mal teño forzas para falar e para sosterme.

Ela non me respondeu, pero, cando estiven sentado, deixouse caer de xeonllos e apoiou a cabeza nos meus, ocultando a súa cara nas miñas mans. Sentín nun instante que mas mollaba coas súas lágrimas. Deuses!, que impulsos non me axitaban! Ah! Manon, Manon, proseguín cun suspiro, é ben tarde para darme lágrimas, cando me tedes causado a morte. Simulades unha tristeza que non podedes sentir. O máis grande dos vosos males é, sen dúbida, a miña presencia, que sempre foi inoportuna para os vosos praceres. Abride os ollos, mirade quen son eu; non se verten lágrimas tan tenras por un desgraciado a quen se traizoou, e que se abandona cruelmente. Ela bicábame as mans sen cambiar de postura. Inconstante Manon, aínda seguín eu, moza ingrata e sen palabra, onde están as vosas promesas e os vosos xuramentos? Amante mil veces voluble e cruel, que fixeches dese amor que aínda me xurabas hoxe? Xusto Ceo, engadín, é así como unha infiel ri de vós, despois de poñervos santamente por testemuña? Recompensades, logo, o perxurio! A desesperación e o abandono son para a constancia e a fidelidade.

Esas palabras foron acompañadas dunha reflexión tan amarga, que deixei escapar, a pesar meu, algunhas bágoas. Manon deuse conta polo cambio da miña voz. Rompeu por fin o silencio. Teño que ser ben culpable, dixo tristemente, xa que vos causei tanta dor e emoción; pero que o Ceo me castigue se pensei selo, ou se tiven esa intención! Aquelas palabras parecéronme tan desproveitas de sentido e de boa fe que non puiden evitar un vivo movemento de cólera. Horrible disimulo!, exclamei. Vexo, mellor ca nunca, que non es máis ca unha pícara e unha pérfida. É agora cando coñezo o teu miserable carácter. Adeus, covarde criatura, continuei levantándome; prefiro morrer mil veces antes ca ter, de agora en diante, o mínimo trato contigo. Que o Ceo me castigue a min mesmo se te honro xamais coa máis mínima ollada! Queda co teu novo amante, ámao, ódiame, renuncia ó honor, ó sentido común; río diso, todo me é igual.

Tanto se asustou daquel arrebato que, aínda de xeonllos xunto á cadeira da que eu me levantara, mirábame tremendo e sen ousar respirar. Aínda din uns pasos cara a porta, volvendo a cabeza, e mantendo os ollos fixos nela. Pero, sería necesario que tivese perdido todo sentimento de humanidade para endurecerme ante tantos encantos. Estaba tan lonxe de ter esa forza bárbara que, pasando de súpeto ó extremo oposto, volvín cara ela, ou máis ben, precipiteime sen reflexionar. Collina entre os meus brazos, dinlle mil tenros bicos. Pedinlle perdón polo meu arrebato. Confesei que era unha besta

e que non merecía a sorte de ser amado por unha moza coma ela. Fíxena sentar e, de xeonllos eu agora, conxureina a que me escoitara naquel estado. Alí, todo o que un amante submiso e apaixonado pode imaxinar de máis respectuoso e tenro, resumino en poucas palabras coas miñas desculpas. Rogueille que dixera que me perdoaba. Deixou caer os brazos arredor do meu colo, dicindo que era ela a que necesitaba da miña bondade para facerme esquecer as penas que me causaba, e que empezaba a temer, con razón, que non me gustase o que tiña que dicirme para xustificarse. A min!, interrompina eu inmediatamente, ah!, non vos pido xustificacións. Aprobo todo o que fixestes. Non me corresponde a min esixirvos as razóns da vosa conduta; que contento e que feliz se a miña querida Manon non me quita o amor do seu corazón!, Pero, continuei, reflexionando sobre o estado da miña sorte, todopoderosa Manon!, vós que facedes á vosa vontade as miñas alegrías e as miñas penas, despois de satisfacervos coas miñas humillacións e cos sinais do meu arrepentimento, non me será permitido falarvos da miña tristeza e dos meus pesares? Saberei por vós que haberá de ser hoxe de min e se ides asinar a miña morte, sen remisión, pasando a noite co meu rival?

Botou algún tempo meditando a súa resposta: meu Cabaleiro, dixo recobrando un aire de tranquilidade, se vos explicarades dende o principio tan claramente, teriádesvos aforrado ben preocupacións, e a min unha escena ben aflitiva. Xa que a vosa pena non procede máis ca dos vosos celos, eu teríaa curado ofrecéndome a seguirvos de inmediato á fin do mundo. Pero, supuxen que fora a carta que vos escribín ante os ollos do Señor de G... M..., e a moza que vos enviamos o que causaba o voso desgusto. Crin que poderiades ter visto a miña carta como unha broma, e esa moza, imaxinando que fora encontrarse con vós da miña parte, coma unha declaración de que eu renunciaba a vós para unirme a G... M... Foi esa idea a que me sumiu de pronto na consternación, pois, por moi inocente que eu fose, atopaba, ó pensalo, que as aparencias non me eran favorables. Con todo, continuou, quero que sexades o meu xuíz, cando vos explique a verdade do feito.

Entón fíxome sabedor de todo o que lle acontecera des que se encontrara con G... M..., que a esperaba no lugar onde estabamos. Recibíraa, efectivamente, coma a primeira princesa do mundo. Mostráralle todos os apousentos, que eran dun gusto e dunha limpeza admirables. Contáralle dez mil libras no seu gabinete, e a iso engadira algunhas xoias, entre as que estaba o colar e as pulseiras de perlas que ela xa recibira de

seu pai. Levváraa de alí a un salón que aínda non vira, onde atopara unha colación exquisita. Fixéraa servir polos novos criados que collera para ela, ordenándolles que a mirasen, de agora en diante, como a súa ama. En fin, ensináralle a carroza, os cabalos e todo o resto dos seus presentes; tralo cal, propuxéralle xogar unha partida, para agardar pola cea. Confésovos, continuou, que me sorprendeu esa magnificencia. Reflexionei en que sería mágoa privármonos de golpe de tantos bens, contentándome con levar os dez mil francos e as xoias, que aquilo era unha absoluta fortuna para vós e para min e que poderiamos vivir agradablemente a expensas de G... M... En lugar de propoñerlle a Comédie, metéuseme na cabeza sondalo sobre a cuestión relativa a vós, para entrever que facilidades teriamos para vernos, supoñendo a execución do meu sistema. Encontreino dun carácter moi tratable. Preguntoume que pensaba eu de vós e se non tivera algo de pena en deixarvos. Eu díxenlle que erades tan amable e que sempre vos portarades con tanta honradez comigo, que non era natural que vos puidese odiar. El recoñeceu que tiñades mérito, e que se sentira inclinado a desexar a vosa amizade. Quixo saber de que maneira cría eu que tomariades a miña partida, sobre todo cando viñesedes a saber que eu estaba nas súas mans. Eu respondinlle que a data do noso amor era xa tan antiga que tivera tempo de arrefecer un pouco, que ademais vós nos estabades moi a gusto, e que se cadra non veriades a miña perda coma unha gran desgracia, porque vos descargaría dun fardo que vos pesaba. Engadín que, estando totalmente convencida de que vós actuariades pacificamente, non tivera dificultade en dicirvos que viña a París por algúns asuntos, que vós consentirades e que, vindo aquí vós mesmo, non parecerades extremadamente preocupado cando eu vos deixara. Se eu crera, díxome el, que tivese disposición para vivir comigo, sería o primeiro en ofrecerlle os meus servizos e os meus respectos. Asegureille que, co carácter que eu vos coñecía, non dubidaba en absoluto de que responderiades honradamente, sobre todo, díxenlle eu, se el vos podía servir nos vosos negocios que andaban moi perturbados desde que vos puxerades a mal coa vosa familia. Interrompeume, para testemuñarme que vos faría todos os favores que dependeran del, e que incluso se quixerades embarcarvos noutro amor, vos procuraría unha bonita amante, que el deixara para unirse a min. Aplaudín a súa idea, engadiu ela, para previr máis perfectamente todas as súas sospeitas e, confirmándome cada vez máis no meu proxecto, non desexaba máis ca poder atopar o modo de informarvos sobre el, por temor a que non vos alarmasedes demasiado cando me virdes faltar á nosa cita. Foi con esa intención polo que lle propuxen enviarvos esa nova amante aquela mesma noite, coa fin de ter ocasión de escribirvos; víame obrigada

a recorrer a esa argucia, porque non podía esperar que me deixase libre un momento. El riu da miña proposición. Chamou polo seu lacaio, e tras preguntarlle se podería atopar inmediatamente a súa antiga amante, mandouno a un lado e a outro a buscala. Imaxinaba que era a Chaillot a onde ela debía ir para encontrarvos, pero eu conteille que, cando vos deixara, vos prometera reunirme con vós na Comédie, ou que, se algunha razón me impedía ir aló, vós quedarades en esperarme nunha carroza ó cabo da rúa S(aint)-André; que máis valía, por conseguinte, enviarvos alí a vosa nova amante, aínda que non fose máis que para impedirvos languidecer alí toda a noite. Tamén lle dixen que era conveniente escribirvos unha nota para avisarvos dese cambio que, doutro modo, vos custaría comprender. Consentiu, pero vinme obrigada a escribir na súa presencia, e coideime moito de explicarme demasiado abertamente na miña carta. Velaí, engadiu Manon, de que maneira ocorreron as cousas. Non vos oculto nada, nin da miña conduta nin das miñas intencións. Veu a moza, pareceume bonita, e como non dubidaba en absoluto de que a miña ausencia vos causaría pesar, desexaba sinceramente que puidese servir para entretervos por algúns momentos, pois a fidelidade que desexo de vós é a do corazón. Encantaríame ter podido enviarvos a Marcel, pero non puiden encontrar un momento para instruílo do que vos tiña que facer saber. Concluíu, por fin, o seu relato contándome o enfado que lle causara a G... M... recibir a nota do Sr. de T... Vacilou, díxome, se debía deixarme ou non, e aseguroume que non tardaría nada en volver. Iso é que fai que non vos vexa aquí sen inquietude, e que manifestase sorpresa á vosa chegada.

Escoitei aquel discurso con moita paciencia. Encontraba nel certamente cantidade de riscos crueis e mortificantes para min, pois o desexo da súa infidelidade estaba tan claro que nin sequera tivera o coidado de disfrazalo. Ela non podía esperar que G... M... a fose deixar, toda a noite, coma unha vestal. Así que, era con el con quen contaba pasala. Que confesión para un amante! Porén, considerei que eu era en parte a causa da súa culpa, polo coñecemento que lle dera, ó inicio, sobre os sentimentos de G... M... cara ela, e pola compracencia que tivera en entrar cegamente no temerario plan da súa aventura. Por outra parte, por un xiro natural de carácter que me é propio, conmovéronme a inxenuidade do seu relato, e esa maneira boa e aberta coa que me contaba ata as circunstancias máis ofensivas para min. Peca sen malicia, dicía eu para min; é lixeira e imprudente, pero é recta e sincera. Engadide que o amor bastaba el só para pecharme os ollos a todas as súas faltas. Estaba demasiado satisfeito coa esperanza

de roubarlla aquela mesma noite ó meu rival. Con todo, díxenlle: e a noite, con quen a iades pasar? Esta pregunta, que lle fixen tristemente, causoulle embarazo. Só me respondeu entrecortadamente: pero..., se... Deume pena o seu apuro, e rompendo aquel discurso, declareille con naturalidade que esperaba dela que me seguise ó instante mesmo. Con moito gusto, dixo; pero non aprobades logo o meu proxecto? Ah!, repuxen, non é abondo que aprobe todo o que fixestes ata o presente? Que!, non imos levar sequera os dez mil francos?, replicou ela. Deumos. Son meus. Aconselleille abandonar todo e non pensar máis ca en afastármonos axiña, porque, aínda que mal había media hora que estaba con ela, temía o retorno de G... M... Porén, apremoume tanto para que consentira en non saír coas mans baleiras, que crin deber ceder en algo despois de conseguir tanto dela.

Mentres nos preparabamos para marchar, escoitei petar na porta da rúa. Non dubidei en absoluto de que fose G... M... e na axitación que me produciu aquela idea, díxenlle a Manon que era home morto se aparecía. Efectivamente, aínda non me recuperara o suficiente dos meus arrebatos como para moderarme ante a súa vista. Marcel acabou coa miña inquedanza traéndome unha nota que recibira para min á porta. Era do Sr. de T... Indicábame que, como G... M... fora buscarlle diñeiro á súa casa, aproveitaba a súa ausencia para comunicarme unha idea moi divertida: que lle parecía que non me podía vingar máis agradablemente do seu rival ca comendo a súa cea e deitándome, esa mesma noite, no leito que el esperaba ocupar coa miña amante; que iso lle parecía bastante doado, se podía conseguir tres ou catro homes que tivesen resolución abondo como para detelo na rúa e fidelidade abondo para custodialo ata ó día seguinte; que, canto a el, prometía entretelo unha hora máis, polo menos, con argumentos que tiña preparados para a súa volta. Mostreille a carta a Manon e conteille de que argucia me servira para introducirme libremente na súa casa. A miña invención e a do Sr. de T... parecéronlle admirables. Rimos a pracer uns momentos. Pero, cando lle falei da última como dunha broma, sorprendeume que insistise seriamente en propoñerma como algo que lle encantaba. Pregunteille, en van, onde quería que atopase, de pronto, uns homes dispostos a deter a G... M... e a gardalo fielmente. Díxome que ao menos había que intentalo, xa que o Sr. de T... nos garantía unha hora máis e, en resposta ás miñas outras obxeccións, díxome que estaba facendo de tirano e que non era nada compracente con ela. Non vía nada tan bonito coma ese proxecto. Teredes o seu

cuberto da cea, repetíame, durmiredes nas súas sabas e, mañá moi cedo, levarédeslle a súa amante e o seu diñeiro. Quedaredes ben vingado, do pai e do fillo.

Cedín ás súas instancias, malia os impulsos secretos do meu corazón que parecían presaxiarme unha desgraciada catástrofe. Saín, coa idea de pedirlles a dous ou tres gardas de corps, cos que Lescaut me puxera en contacto, que se encargaran do traballo de deter a G... M... Só atopei un na casa, pero era un home emprendedor, que mal soubo de que se trataba xa me asegurou o éxito. Só me pediu dez dobróns, para recompensar tres soldados da garda que decidiu empregar, poñéndose el á cabeza. Pedinlle que non perdera tempo. Reuniunos en menos dun cuarto de hora. Eu esperábao na súa casa e, cando estivo de volta cos seus asociados, conducino eu mesmo á esquina dunha rúa pola que G... M... tiña que volver necesariamente á de Manon. Recomendeille que non o maltratasen, senón que o vixiasen tan estreitamente ata as sete da mañá, que puidese eu estar seguro de que non lles escaparía. Díxome que a súa intención era conducilo ó seu cuarto e obrigalo a espirse, ou mesmo a deitarse na súa cama, mentres que el e os seus tres valentóns pasarían a noite bebendo e xogando. Permanecín canda eles ata o momento en que vin aparecer a G... M..., e entón retireime uns pasos máis abaixo, a un lugar escuro, para ser testemuña dunha escena tan extraordinaria. O garda de corps abordouno, pistola en man, e explicoulle con cortesía que non quería nin a súa vida nin o seu diñeiro, pero que se opoñía a mínima dificultade en seguilo, ou se lanzaba o menor berro, lle ía saltar a tapa dos miolos. G... M..., ó velo apoiado por tres soldados, e temendo, sen dúbida, o taco da pistola, non opuxo resistencia. Vino levar coma un cordeiro.

Regresei de contado á casa de Manon, e para impedir toda sospeita dos criados, dixen, ó entrar, que non había que esperar polo Sr. de G... M... para cear, que lle xurdiran uns asuntos que o retiñan ó seu pesar e que me pedira vir presentarlle as súas desculpas e cear con ela, cousa que eu consideraba como un gran favor xunto a tan fermosa dama. Ela secundou con habilidade o meu plan. Puxémonos á mesa. Adoptamos un aire grave, mentres que os lacaios nos servían. En fin, despois de despedilos, pasamos unha das veladas máis encantadoras da nosa vida. Ordeneille en secreto a Marcel alugar un coche e advertirlle ó cocheiro que se encontrase ó día seguinte á porta, antes das seis da mañá. Finxín deixar a Manon contra a media noite; pero volvendo entrar en silencio, coa axuda de Marcel, prepareime para ocupar o leito

de G... M..., como ocupara o seu sitio na mesa. Durante ese tempo, o noso xenio malo traballaba para perdernos. Estabamos no delirio do pracer, e a espada pendía sobre as nosas cabezas. O fío que a sostiña ía romper. Mais, para facer entender mellor todas as circunstancias da nosa ruína, cómpre aclarar a causa.

G... M... ía seguido dun lacaio, cando fora detido polo garda de corps. Aquel mozo, espantado polo lance do seu amo, deu a volta fuxindo sobre os seus pasos, e o primeiro que fixo, para socorrelo, foi ir avisar o vello G... M... do que acababa de acontecer. Tan desagradable noticia non podía deixar de alarmalo moito: non tiña máis ca aquel fillo, e a súa vivacidade era extrema para a súa idade. Quixo saber primeiro polo lacaio todo o que fixera o seu fillo aquela tarde, se pelexara con alguén, se participara na disputa de outro, se estivera nalgunha casa sospeitosa. Este, que cría o seu amo nun perigo extremo e que imaxinaba que non debía ocultar nada para procurarlle socorro, descubriu todo o que sabía do seu amor por Manon e do gasto que fixera por ela, a maneira como pasara a tarde na súa casa ata arredor das nove, a súa saída e a desgracia ó regreso. Foi abondo para facerlle sospeitar ó vello que o asunto do seu fillo era unha querela amorosa. Se ben xa eran polo menos as dez e media da noite, non vacilou en acudir inmediatamente á casa do Tenente de Policía. Rogoulle que dera ordes especiais a todas as brigadas da rolda e, pedíndolle unha para acompañalo, correu el mesmo cara a rúa onde o seu fillo fora detido. Visitou todos os lugares da vila nos que esperaba poder encontralo e, ó non dar descuberto trazas del, mandou que o conduciran, en fin, á casa da súa amante, a onde se figurou que podía ter regresado.

Eu íame meter no leito, cando chegou. Como a porta do cuarto estaba pechada, non oín petar na da rúa; pero entrou seguido de dous arqueiros, e informándose sen resultados do que pasara co seu fillo, quixo ver a súa amante, para sacar algunha luz dela. Sube ós apousentos, sempre acompañado dos seus arqueiros. Estabamos para meternos na cama. Abre a porta, e a súa vista xéanos o sangue. Oh Deus! É G... M... o vello, díxenlle a Manon. Salto cara a miña espada; estaba desgraciadamente enganchada no cinto. Os arqueiros, que viron o meu movemento, acercáronse inmediatamente para quitarma. Un home en camisa non pode resistirse. Quitáronme todos os medios de defenderme.

G... M..., aínda que turbado por aquel espectáculo, non tardou nada en recoñecerme. E con máis facilidade aínda recordou a Manon. É unha ilusión?, díxonos gravemente; Non vexo aquí ó cabaleiro des Grieux e a Manon Lescaut? Eu estaba tan rabioso de vergonza e de dor, que non lle respondín. Pareceu, durante algún tempo, darlle voltas na cabeza a diversos pensamentos e, como se estes lle acendesen subitamente a cólera, exclamou dirixíndose a min: ah!, desgraciado!, estou seguro de que matastes ó meu fillo! Aquel aldraxe picoume vivamente. Vello criminal, respondín eu con altivez, se tivese que matar a alguén da túa familia, é por ti por quen empezaría. Agarrádeo ben, díxolles el ós arqueiros. Ten que me dar razón do meu fillo; mañá mendareino aforcar, se non me di agora mesmo o que fixo con el. Que me mandarás aforcar?, repuxen eu. Infame! Son os teus semellantes os que hai que buscar na forca. Sabe que son dun sangue máis nobre e máis puro có teu. Si, engadín, sei o que lle pasou ó teu fillo, e se me irritas máis, mandarei que o estrangulen antes de mañá e a ti prométoche a mesma sorte despois del.

Cometín unha imprudencia confesándolle que sabía onde estaba o seu fillo; pero o exceso de cólera levoume a incorrer naquela indiscreción. Inmediatamente chamou a outros cinco ou seis arqueiros, que agardaban por el á porta, e ordenoulles que apresaran a todos os criados da casa. Ah! Señor cabaleiro, proseguiu cun ton burlón, que sabedes onde está o meu fillo e que o ides mandar estrangular, decides? Contade con que nós imos poñer orde niso. Sentín ó instante o erro que cometera. Aproximouse a Manon, que estaba sentada no leito chorando; díxolle algunhas galanterías irónicas acerca do imperio que exercía sobre o pai e o fillo, e sobre o bo uso que facía del. Aquel vello monstro de incontinencia quixo permitirse algunhas familiaridades con ela. Gárdate de tocala!, exclamei eu, nin o máis sagrado te podería salvar das miñas mans. Saíu deixando tres arqueiros no cuarto, ós que ordenou que nos obrigaran a poñer a roupa rapidamente.

Non sei cales eran daquela as súas intencións cara nós. Quizá teriamos conseguido a liberdade dicíndolle onde estaba o seu fillo. Eu meditaba, mentres me vestía, se non sería ese o mellor partido. Pero, se estaba nesa disposición cando saíu do cuarto, cambiaraa ben cando volveu. Fora interrogar ós criados de Manon, que os arqueiros detiveran. Non puido descubrir nada polos que ela tiña recibido do seu fillo,

pero cando soubo que Marcel nos servira antes, resolveu obrigalo a falar intimidándoo con ameazas.

Marcel era un mozo fiel, pero simple e vulgar. O recordo do que fixera no Hôpital, para librar a Manon, unido ó terror que lle inspiraba G... M..., causou tal impresión no seu espírito débil que imaxinou que o ían conducir á forca ou á roda. Prometeu desvelar todo o que chegara ó seu coñecemento, se querían salvarlle a vida. G... M... convenceuse, ante aquilo, de que había algo, nos nosos asuntos, máis serio e máis criminal do que el se puidera figurar ata entón. Ofreceulle a Marcel, no soamente a vida, senón recompensas pola súa confesión. Aquel infeliz contoulle unha parte dos nosos plans, sobre os que nós non puxeramos dificultade en falar diante del, xa que tamén debía intervir en algo. Ben é certo que ignoraba totalmente os cambios que fixeramos en París; pero fora informado, ó marchar de Chaillot, do plan da operación e do papel que tiña que desempeñar nela. Así que lle declarou que a nosa intención era enganar o seu fillo, e que Manon debía recibir, ou xa recibira, dez mil francos que, segundo o noso proxecto, non volvería nunca ós herdeiros da casa de G... M...

Despois daquel descubrimento, o ancián, furioso, volveu subir bruscamente ó noso cuarto. Pasou, sen falar, ó gabinete, onde non lle custou nada atopar o diñeiro e as xoias. Volveu onda nos co rostro inflamado e, mostrándonos o que se compraceu en chamar o noso botín, abafounos de reproches insultantes. Amosoulle de cerca, a Manon, o colar de perlas e as pulseiras. Recoñecédelos?, dixo cun sorriso burlón. Non era a primeira vez que os viades. Os mesmos, abofé. Eran do voso gusto, filliña; estou ben convencido. Pobres rapaciños!, engadiu; son ben xentís, en efecto, o un e a outra; pero un algo ruíns. Estoupábame o corazón de rabia, ante aquelas palabras insultantes. Por quedar libre un momento, tería dado... Xusto Ceo!, que non tería dado! En fin, domineime para dicirlle, cunha moderación que non era máis ca un refinamento da miña furia: terminemos, señor, esas insolentes burlas. De que se trata? A ver, que pretende facer con nós? Trátase, señor cabaleiro, respondeu el, de ir sen máis ó Châtelet[10]. Mañá será outro día, veremos máis claro nos nosos asuntos, e espero que me faga o favor de explicarme dunha vez onde está o meu fillo.

Comprendín, sen moitas reflexións, que era cousa de terribles consecuencias para nós chegar a ser encerrados no Châtelet. Prevín, tremendo, todos os perigos. Malia

todo o meu orgullo, recoñecín que cumpría pregarse baixo o peso da miña fortuna e afagar ó meu máis cruel inimigo, para obter algo pola submisión. Pregueille, cun ton humilde, que me escoitase un momento. Fágome xustiza, señor, díxenlle. Recoñezo que a xuventude me fixo cometer grandes faltas e que estades doído abondo por elas como para queixarvos. Pero, se coñecedes a forza do amor, se podedes xulgar o que sufre un desgraciado mozo ó que se lle quita todo aquelo que ama, quizá me atopedes perdoable por buscar o pracer dunha pequena vinganza ou, ao menos, crerédesme suficientemente castigado coa afronta que acabo de recibir. Non hai necesidade nin de prisión nin de suplicio para forzarme a descubrir onde está o voso señor fillo. Está a salvo. A miña intención non foi prexudicalo nin ofendervos. Estou disposto a nomearvos o lugar onde pasa tranquilamente a noite, se me concededes a gracia de outorgarnos a liberdade. Aquel vello tigre, fóra de conmoverse coa miña súplica, volveume as costas rindo. Só soltou algunhas palabras, para facerme comprender que sabía o noso plan desde a orixe. No tocante ó seu fillo, engadiu brutalmente que xa aparecería, dado que non o asasinara. Levádeos ó Petit-Châtelet, díxolles ós arqueiros, e tede coidado de que o Cabaleiro non vos escape. É un espelido que xa fuxiu de Saint-Lazare. Saíu e deixoume no estado que podedes imaxinar. Oh Ceo!, exclamei eu, recibirei mansamente todos os golpes que veñan da túa man, pero que un desgraciado canalla teña o poder de tratarme con esta tiranía, é o que me reduce á última desesperación. Os arqueiros pedíronnos que non os fixeramos agardar máis. Tiñan unha carroza á porta. Tendinlle a man a Manon para baixar. Vide, miña raíña querida, díxenlle, vide sometervos a todo o rigor da nosa sorte. Quizá lle praza ó Ceo facernos máis felices algún día.

Marchamos na mesma carroza. Ela púxose nos meus brazos. Non lle oíra pronunciar palabra desde o primeiro momento da chegada de G... M...; pero, ó atoparse a soas entón comigo, díxome mil palabras tenras reprochándose ser a causa da miña desgracia. Asegureille que nunca me queixaría da miña sorte, en tanto que ela non deixara de amarme. Non son eu quen é digno de compaixón, continuei; uns meses de prisión non me asustan en absoluto, e sempre preferirei o Châtelet a Saint-Lazare. Pero é por ti, alma querida, por quen se preocupa o meu corazón. Que destino para unha criatura tan encantadora! Ceo, como tratades con tanto rigor a máis perfecta das vosas obras? Por que non nacemos, o un e a outra, con calidades conformes coa nosa miseria? Recibimos intelixencia, gusto, sentimentos. Ai! que triste uso facemos deles, mentres que tantas almas baixas e dignas da nosa sorte gozan de todos os favores da fortuna!

Aquelas reflexións enchíanme de dor; pero non era nada en comparación coas que miraban ó futuro, pois morría de medo por Manon. Ela xa estivera no Hôpital e, aínda que tivese saído pola porta boa, eu sabía que as recaídas dese xénero eran dunhas consecuencias extremadamente perigosas. Gustaríame expresarlle os meus terrores; pero temía causarlle demasiados. Tremía por ela, sen ousar advertila do perigo e abrazábaa suspirando, para asegurarlle, polo menos, o meu amor, que era case o único sentimento que me atrevía a expresar. Manon, díxenlle, falade con sinceridade, amarédesme sempre? Respondeu que a facía ben desgraciada que puidese dubidalo. Pois ben, continuei eu, non o dubido e quero retar a todos os nosos inimigos con esa seguridade. Empregarei a miña familia para saír do Châtelet e todo o meu sangue non servirá para nada se non vos saco de alí en canto estea libre.

Chegamos á prisión. Puxéronnos a cada un nun lugar separado. Aquel golpe foi menos duro, porque xa o tiña previsto. Recomendeille Manon ó porteiro, informándoo de que eu era home de algunha distinción e prometéndolle unha recompensa considerable. Abracei a miña querida amante, antes de separarme dela. Conxureina a non aflixirse excesivamente e a non temer nada mentres eu estivera no mundo. Eu non carecía de diñeiro; dinlle unha parte e pagueille ó porteiro, co que me quedaba, un mes de boa pensión por adiantado, para ela e para min.

O meu diñeiro causou moi bo efecto. Puxéronme nun cuarto apropiadamente amoblado e aseguráronme que Manon tiña un semellante. De inmediato ocupeime dos medios de apresurar a miña liberdade. Estaba claro que non había nada de absolutamente criminal no meu caso e, mesmo supoñendo que os plans do noso roubo fosen probados pola declaración de Marcel, eu ben sabía que non se castigan as simples intencións. Resolvín escribirlle axiña ó meu pai, para rogarlle que viñese en persoa a París. Dábame ben menos vergonza, como xa dixen, estar no Châtelet ca en Saint-Lazare; por outra banda, aínda que conservase todo o respecto debido á autoridade paterna, a idade e a experiencia diminuíran moito a miña timidez. Así que lle escribín, e non puxeron dificultade ningunha, no Châtelet, para deixar saír a miña carta; pero foi un traballo que puiden ter aforrado, de saber que meu pai debía chegar ó día seguinte a París.

Recibira a que eu lle escribira oito días antes. Sentira unha ledicia extrema, pero se ben eu o afagara con algunha esperanza sobre a cuestión da miña conversión, no crera deber fiarse totalmente das miñas promesas. Tomara o partido de vir asegurarse do meu cambio cos seus propios ollos, e de ordenar a súa conduta segundo a sinceridade do meu arrepentimento. Chegou ó día seguinte do meu encarceramento. A súa primeira visita foi a que lle fixo a Tiberge, a quen eu lle rogara que dirixise a súa resposta. Non puido saber por el nin o meu domicilio nin a miña condición presente; só se informou das miñas principais aventuras, des que escapara de Saint-Sulpice. Tiberge faloulle moi vantaxosamente das disposicións que eu lle mostrara cara o ben, na nosa última entrevista. Engadiu que que me cría enteiramente desligado de Manon, pero que o sorprendía, porén, que non lle dera noticias miñas dende había oito días. Meu pai non era parvo; comprendeu que había algo que escapaba á penetración de Tiberge, naquel silencio do que el se queixaba, e tantos medios empregou para descubrir as miñas trazas que, dous días despois da súa chegada, soubo que estaba no Châtelet.

Antes de recibir a súa visita, que eu estaba lonxe de esperar tan pronto, recibín a do Sr. Tenente Xeral de Policía, ou, para chamarlles as cousas polo seu nome, sufrín o interrogatorio. Fíxome algúns reproches, pero non eran nin duros nin ofensivos. Díxome, con suavidade, que sentía a miña mala conduta; que carecera de prudencia ganando un inimigo coma o Sr. de G... M...; que, en verdade, era doado decatarse de que había, no meu caso, máis imprudencia e lixeireza ca malicia; pero que, con todo, era a segunda vez que me encontraba suxeito ó seu tribunal, e que el esperara que me volvese máis prudente despois de tomar dous ou tres meses de lecciónes en Saint-Lazare. Encantado de tratar cun xuíz razoable, expliqueime con el dunha maneira tan respectuosa e tan moderada, que pareceu extremadamente satisfeito das miñas respostas. Díxome que non me debía abandonar demasiado ó pesar, e que el se sentía disposto a axudarme, polo meu berce e pola miña xuventude. Arrisqueime a recomendarlle a Manon, e a eloxiarlle a súa dozura e o seu bo natural. Respondeume, rindo, que aínda non a vira, pero que a representaban coma unha persoa perigosa. Aquela palabra excitou de tal modo a miña tenrura que lle dixen mil cousas apaixonadas en defensa da miña pobre amante, e non puiden evitar derramar algunhas bágoas. Ordenou que me reconduciran ó meu cuarto. Amor, amor!, exclamou aquel grave maxistrado cando me viu saír, non te reconciliarás nunca coa cordura?

Estaba eu a darlle voltas tristemente ás miñas ideas, e a reflexionar sobre a conversa que tivera co Tenente Xeral de Policía, cando oín abrir a porta do cuarto: era meu pai. Aínda que debía estar medio preparado para aquela visión, xa que a esperaba uns días máis tarde, non deixei de sorprenderme tan vivamente que me houbera precipitado ó fondo da terra, se se entreabrira ós meus pés. Fun abrazalo, con todas as mostras dunha extrema confusión. Sentou, sen que nin el nin eu abríramos aínda a boca.

Como eu permanecía de pé, coa vista baixa e a cabeza descuberta: sentade, cabaleiro, díxome el moi serio, sentade. Gracias ó escándalo da vosa libertinaxe e das vosas desvergoñas, descubrín o lugar onde residides. A vantaxe dun mérito coma o voso é a de non poder permanecer oculto. Ides á fama por un camiño infalible. Espero que ó termo será pronto a Grève[11] e que teredes, efectivamente, a gloria de ser exposto alí á admiración de todo o mundo.

Eu non respondín nada. Continuou: que desgraciado é un pai cando, despois de amar tenramente un fillo e non ter escatimado nada para facer del un home honrado, non encontra nel, á fin, máis ca un canalla que o deshonra! Un consólase dunha desgracia da fortuna: o tempo bórraa e a pena diminúe; pero, que remedio hai contra un mal que medra día a día, coma os desordes dun fillo vicioso que perdeu todo o sentido do honor? Non dis nada, desgraciado, engadiu; vede esta modestia finxida e ese aire de dozura hipócrita: non o tomaría un polo home máis honrado da súa raza?

Se ben eu estaba obrigado a recoñecer que merecía unha parte daqueles aldraxes, pareceume, con todo, que era levalos ó exceso. Crin que me estaba permitido explicar con naturalidade o meu pensamento. Asegúrovos, señor, dixen, que a modestia na que me vedes ante vós non é nada afectada; é a situación natural dun fillo ben nacido, que respecta infinitamente ó seu pai e sobre todo, a un pai irritado. Tampouco pretendo pasar polo home máis formal da nosa raza. Recoñézome digno dos vosos reproches, pero conxúrovos a poñer neles un pouco máis de bondade e a non tratarme coma o máis infame dos homes. Non merezo nomes tan duros. É o amor, vós sabédelo, o que causou todas as miñas faltas. Fatal paixón! Ai!, non coñecedes a súa forza e é posible que o voso sangue, que é a fonte do meu, non sentira nunca os mesmos ardores? O amor fíxome demasiado tenro, demasiado apaixonado, demasiado fiel e, tal vez, demasiado compracente cos desexos dunha amante encantadora; eis os meus crimes. Vedes neles

algún que vos deshonre? Vamos, querido pai, engadín tenramente, un pouco de piedade por un fillo que sempre vos estivo cheo de respecto e de afección, que non renunciou, como pensades, ó honor e ó deber, e que é mil veces máis digno de compaixón do que imaxinades. Deixei caer algunhas bágoas segundo remataba aquelas palabras.

Un corazón de pai é a obra mestra da natureza; reina sobre el, por así dicir, con compracencia e gobérnalle ela mesma todos os resortes. O meu, que era tamén home intelixente e fino, quedou tan conmovido co ton que eu lle dera ás miñas desculpas, que non foi dono de ocultarme ese cambio. Ven, meu pobre cabaleiro, dixo, ven abrazarme; dásme pena. Abraceino; apertoume dun xeito que me fixo xulgar sobre o que pasaba polo seu corazón. Pero, que medio adoptaremos logo, proseguiu, para sacarte de aquí? Explícame todos os teus asuntos sen disfrazar nada. Como non había nada, despois de todo, no groso da miña conduta, que puidese deshonrarme absolutamente, polo menos medíndoa pola dos mozos con certo mundo, e como unha amante non pasa en absoluto por ser unha infamia no século en que estamos, nin tampouco un pouco de habilidade en atraerse a fortuna ó xogo, conteille sinceramente ó meu pai os detalles da vida que levara. A cada falta que lle confesaba, procuraba irlle engadindo exemplos célebres, para diminuír a vergonza. Vivo cunha amante, dicíalle eu, sen estar ligado polas cerimonias do matrimonio: o Sr. duque de... mantén dúas, ós ollos de todo París; o Sr. de... hai dez anos que ten unha, que ama cunha fidelidade que nunca lle tivo á súa muller; os dous terzos das xentes honradas de Francia hónranse de telas. Fixen uso dalgún engano no xogo: o Sr. marqués de... e o conde de... non teñen outros ingresos; o Sr. Príncipe de... e o Sr. duque de... son os xefes dunha banda de cabaleiros da mesma Orde. No concernente ós meus plans sobre a bolsa dos dous G... M... podería probar coa mesma facilidade que non me faltaban modelos; pero aínda me quedaba honor abondo como para non condenarme a min mesmo, con todos aqueles dos que podería tomar exemplo, de maneira que lle roguei a meu pai que lles perdoara aquela debilidade ás dúas violentas paixóns que me axitaran, a vinganza e o amor. Preguntoume se podía darlle algunha idea sobre os medios máis inmediatos de obter a miña liberdade, e dun xeito que puidese facerlle evitar o escándalo. Fíxeno sabedor dos sentimentos de bondade que tiña o Tenente Xeral de Policía cara min. Se atopades algunhas dificultades, díxenlle, só poden vir da parte dos G... M...; así que creo que sería bo que tomasedes a molestia de velos. Prometeumo. Non me atrevín a rogarlle que intercedese por Manon. Non foi por falta de valor, mais por efecto do temor no que eu estaba de

incomodalo con aquela proposición e de facerlle concibir algún plan funesto para ela e para min. Aínda hoxe non sei se aquel temor non causou os meus meirandes infortunios impedíndome tentear as disposicións do meu pai, e esforzarme por inspirarlle algunhas favorables á miña desventurada amante. Se cadra excitaría unha vez máis a súa compaixón. Teríao posto en garda contra as impresións que ía recibir demasiado facilmente de G... M... o vello. Que sei eu? O meu mal fado quizá vencería sobre todos os meus esforzos, pero, polo menos, só o podería acusar da miña desgracia, a el e á crueldade dos meus inimigos.

Ó deixarme, meu pai foille facer unha visita ó Sr. de G... M... Atopouno co seu fillo, a quen o garda de corps devolvera honradamente a liberdade. Nunca souben as particularidades da súa conversa, pero ben doado me foi xulgalas polos seus mortais efectos. Foron xuntos, os dous pais quero dicir, onda o Sr. Tenente Xeral de Policía, ó cal lle pediron dous favores: un, que me fixera saír ó instante do Châtelet; o outro, que encerrara a Manon polo resto dos seus días, ou que a enviara a América. Comezábase, por aquela mesma época, a embarcar cantidade de xente sen escrúpulos para o Misisipí. O Sr. Tenente Xeral de Policía deulles palabra de facer partir a Manon no primeiro navío. O Sr. de G... M... e meu pai viñeron ó punto traerme xuntos a nova da miña liberdade. O Sr. de G... M... dedicoume un cortés eloxio sobre o pasado e, felicitándome pola sorte de ter tal pai, exhortoume a aproveitar, en adiante, as súas lecciónes e os seus exemplos. Meu pai ordenoume presentarlle as miñas desculpas pola pretendida inxuria que lle fixera á súa familia, e darlle as gracias por aplicarse canda el na miña excarceración. Saímos xuntos, sen dicir palabra da miña amante. Non me atrevín sequera a falarlles dela os carcereiros na súa presencia. Ai! As miñas tristes recomendacións serían ben inútiles! A cruel orde chegara ó mesmo tempo cá da miña liberación. Aquela infortunada rapaza foi conducida, unha hora despois, ó Hôpital, para xuntarse alí con algunhas infelices que estaban condenadas a sufrir a mesma sorte. Como meu pai me obrigara a seguilo á casa na que paraba, xa eran case as seis da tarde cando atopei o momento de furtarme ós seus ollos para regresar ó Châtelet. Só pretendía facerlle chegar algún alivio a Manon e recomendarlla ó porteiro, pois non esperaba que se me concedese a liberdade de vela. Aínda non tivera tempo, tampouco, de reflexionar nos medios de librala.

Solicitei falar co porteiro. Quedara contento da miña prodigalidade e dozura, de maneira que, tendo algunha disposición a servirme, faloume da sorte de Manon como dunha desgracia que lamentaba moito porque podía aflixirme. Non comprendín aquela linguaxe. Conversamos uns momentos sen entendernos. Por fin, decatándose de que eu necesitaba unha explicación, deuma, tal como xa tiven o horror de dicírvola e como aínda o teño de repetila. Xamais violenta apoplexía causou efecto máis súbito e máis terrible. Caín, cunha palpitación de corazón tan dolorosa que, no instante en que perdín o coñecemento, crin que me tiña librado da vida para sempre. Mesmo me quedaba algo dese pensamento ó volver en min. Dirixín a mirada cara todas as partes do cuarto e cara min mesmo, para asegurarme de se aínda era portador da desgraciada condición de home vivo. É certo que, non seguindo máis có movemento natural que leva a un a buscar librarse das propias penas, nada me podía parecer máis doce ca morte, naquel momento de desespero e de consternación. A relixión mesma non me podía mostrar nada máis insoportable, despois da vida, que as convulsións crueis que me atormentaban. Porén, por un milagre propio ó amor, recobrei axiña suficiente forza para agradecerlle ó Ceo o terme devolto o coñecemento e a razón. A miña morte só me sería útil a min. Manon necesitaba a miña vida para liberala, para socorrela, para vingala. Xurei dedicarme a iso sen aforrar esforzos.

O porteiro prestoume toda a asistencia que podería esperar do mellor dos meus amigos. Recibín os seus socorros cun vivo recoñecemento. Ai!, díxenlle eu, Así que vos conmoven as miñas penas? Todo o mundo me abandona. O meu propio pai é, sen dúbida, un dos meus máis crueis perseguidores. Ninguén ten piedade de min. Só vós, na morada da dureza e da barbarie, mostrades compaixón polo máis miserable de todos os homes! El aconsellábame non aparecer na rúa sen repoñerme un pouco da axitación na que me encontraba. Deixade, deixade, respondín eu saíndo; heivos volver a ver antes do que pensades. Preparádeme o máis negro dos vosos calabozos; vou traballar para merecelo. En efecto, as miñas primeiras resolucións non ían a nada menos que a desfacerme dos dous G... M... e do Tenente Xeral de Policía, e caer despois a man armada no Hôpital, con todos os que puidera implicar na miña querela. O meu propio pai mal sería respectado, nunha vinganza que me parecía tan xusta, pois o porteiro non me ocultara que el e máis G... M... eran os autores da miña perda. Pero, en canto din uns pasos polas rúas, e o aire me arrefriou un pouco o sangue e os humores, o meu furor deixou paso, pouco a pouco, a sentimentos máis razoables. A morte dos nosos inimigos

sería de pouca utilidade para Manon e, sen dúbida, estaría exposto a verme arrebatar todos os medios de socorrela. Ademais, recorrería eu a un covarde asasinato? Que outra vía me podía eu abrir á vinganza? Xuntei todas as miñas forzas e todo o meu entendemento para traballar primeiro pola liberación de Manon, deixando todo o resto para despois do éxito daquela importante empresa. Quedábame pouco diñeiro. Era, porén, un fundamento necesario, polo que había que comezar. Non vía máis ca tres persoas das que podería esperalo: o Sr. de T..., o meu pai e Tiberge. Había poucas trazas de obter algo dos dous últimos, avergonzábame fatigar ó outro coas miñas importunidades. Pero na desesperación non se anda un con miramentos. Fun ó instante ó Seminario de Saint-Sulpice, sen preocuparme por se me recoñecían alí. Mandei chamar por Tiberge. As súas primeiras palabras déronme a entender que aínda ignoraba as miñas últimas aventuras. Aquela idea fíxome cambiar a intención que tiña de abrandalo pola compaixón. Faleille, en xeral, do pracer que sentira en volver a ver a meu pai, rogueille logo que me prestase algún diñeiro, co pretexto de pagar, antes da miña partida de París, algunhas débedas que desexaba manter ignoradas. Presentoume ó momento a súa bolsa. Collín cincocentos francos, de seiscentos que atopei nela. Ofrecinlle un billete de empréstito; era demasiado xeneroso para aceptalo.

De alí fun á casa do Sr. de T... Non tiven reservas con el. Expúxenlle as miñas desventuras e as miñas penas: el xa sabía ata as mínimas circunstancias, polo ansia que tivera de seguir a aventura do mozo G... M...; escoitoume, non obstante, e compadeceume moito. Cando lle pedín consello sobre o medio de librar a Manon, respondeume tristemente que vía tan pouca luz que, sen un socorro extraordinario do Ceo, había que renunciar á esperanza, que el pasara adrede polo Hôpital, desde que ela estaba alí encerrada, que nin el mesmo puidera conseguir a liberdade de vela; que as ordes do Tenente Xeral de Policía eran do máis rigoroso, e que, para colmo de infortunio, a desventurada banda na que ela debía entrar estaba destinada a partir dous días despois daquel mesmo no que estabamos. Eu estaba tan consternado polas súas palabras que podería ter falado unha hora sen que pensase en interrompelo. Continuou dicíndome que non me fora ver ó Châtelet, para ter máis facilidades de servirme cando considerasen que non tiña ningún vínculo comigo; que, nas poucas horas que pasaran des que eu saíra, tivera a dor de ignorar a onde me retirara, e que estaba desexando verme pronto para darme o único consello do que parecía que eu puidese esperar algún cambio na sorte de Manon, pero un consello perigoso, no cal me pedía que ocultase

eternamente que el tiña participado: era escoller algúns matóns que tivesen o valor de atacar ós gardas de Manon des que saíran de París con ela. Non esperou a que lle falase da miña indixencia. Aí tedes cen dobróns, dixo presentándome unha bolsa, que poderán servos dalgunha utilidade. Xa mos devolveredes, cando a fortuna restableza os vosos negocios. Engadiu que, se o coidado da súa reputación lle permitise emprender el mesmo a liberación da miña amante, ofreceríame o seu brazo e a súa espada.

Aquela excesiva xenerosidade conmoveume ata as lágrimas. Para mostrarlle o meu agradecemento, empreguei toda a vivacidade que a aflición me deixaba. Pregunteille se non había nada que esperar pola vía das intercesións ante o Tenente Xeral de Policía. Díxome que xa pensara niso, pero que cría aquel recurso inútil, porque unha graza desa natureza non se podía pedir sen motivo, e que el non vía ben que motivo se podería empregar para conseguir unha persoa seria e poderosa como intercesor; que, se algo se podía esperar por esa banda, só podía ser facendo cambiar o sentimento do Sr. de G... M... e de meu pai, incitándoos a que lle pedisen eles mesmos ó Sr. Tenente xeral de Policía que revocase a súa sentencia. Ofreceuse a facer todos os esforzos para convencer a G... M..., o mozo, aínda que o cría un pouco frío con respecto a el por algunhas sospeitas que concibira con ocasión do noso asunto, e exhortoume a non omitir nada, pola miña banda, para aplacar o ánimo do meu pai.

Non era aquilo lixeira empresa para min, non o digo só pola dificultade que naturalmente debía encontrar para vencelo, senón por outra razón que me facía mesmo temer achegarme a el: escapara do seu aloxamento contra as súas ordes, e estaba resolto a non regresar desde que soubera o triste destino de Manon. Temía, con razón, que me fixera reter contra a miña vontade, e que me reconducise do mesmo xeito á provincia. O meu irmán maior xa usara antano ese método. É verdade que agora eu tiña máis idade, pero a idade era unha débil razón contra a forza. Con todo, encontrei unha vía que me salvaba do perigo; era a de mandalo chamar a un lugar público e anunciarme a el baixo outro nome. Tomei inmediatamente ese partido. O Sr. de T... marchou á casa de G... M... e eu ó Luxembourg, desde onde mandei avisar a meu pai de que un xentilhome, dos seus servidores, estaba agardando por el. Temía que lle custase traballo vir, porque se aproximaba a noite. Porén, apareceu pouco despois, seguido do seu lacaio. Pedinlle que colleramos unha alameda na que puidesemos estar sós. Dimos cen pasos, polo menos,

sen falar. El seguramente imaxinaba que tantos preparativos non se fixeran sen un plan de importancia. Esperaba pola miña arenga e eu meditábaa.

Por fin, abrín a boca. Señor, dixen tremendo, vós sodes un bo pai. Tédesme colmado de gracias e perdoado un número infinito de faltas. O Ceo é testemuña de que teño por vós todos os sentimentos do fillo máis tenro e máis respectuoso. Pero seméllame... que o voso rigor... O que! O meu rigor?, interrompeu meu pai que sen dúbida encontraba que eu falaba moi lentamente para a súa impaciencia. Ah, señor!, proseguín eu, seméllame que o voso rigor é extremo, no trato que lle destes á infortunada Manon. Fixestes caso do Sr. de G... M... O seu odio representóuvola coas máis negras cores. Formástesvos unha idea horrible dela. Porén, é a máis doce e a máis amable criatura que houbo nunca. Por que non quixo o Ceo inspirarvos o desexo de vela un momento! Non estou máis seguro de que é encantadora, do que o estou de que volo parecería. Poñeriádesvos da súa parte; detestariades os negros artificios de G... M...; compadeceriádesvos dela e de min. Ai!, estou seguro. O voso corazón non é insensible; deixariádesvos entenrecer. Volveume interromper, ó ver que eu falaba cun ardor que non me permitiría rematar tan pronto. Quixo saber a onde quería ir dar cun discurso tan apaixonado. A pedirvos a vida, respondín eu, que non podo conservar un momento se Manon chega a marchar para América. Non, non, dixo el cun ton severo; prefiro verte sen vida ca sen siso e sen honor. Entón, non vaiamos máis lonxe!, exclamei eu, deténdoo por un brazo. Quitádema, esta vida odiosa e insoportable, pois, na desesperación á que me botades, a morte será un favor para min. É un presente digno da man dun pai.

Só che daría o que mereces, replicou el. Coñezo moitos pais que non terían esperado tanto tempo para ser eles mesmos os teus verdugos, pero é a miña excesiva bondade o que te perdeu.

Caín ante os seus xeonllos. Ah!, se aínda vos queda algunha, dixen abrazándollos, non vos endurezades contra o meu pranto. Pensade que son fillo voso... Ai! Lembrádevos de miña mai. Amabádela con tanta tenrura! Teriades soportado que vola arrincaran dos brazos? Teriádela defendido ata a morte. Os demais, non teñen un corazón coma o voso? Pódese ser bárbaro despois de ter sentido unha vez o que é a tenrura e a dor?

Non me fales máis da túa mai, repuxo con voz irritada; ese recordo aumenta a miña indignación. Os teus desordes faríana morrer de dor, se vivise abondo para velos. Acabemos esta conversa, engadiu; importúname e non me fará cambiar de resolución. Volvo para a casa; ordénoche que me sigas. O ton seco e duro daquela orde intimidatoria fíxome comprender demais que o seu corazón era inflexible. Afasteime algúns pasos, co temor de que lle entraran ganas de determe coas súas propias mans. Non aumentedes a miña desesperación, díxenlle, forzándome a desobedecervos. Éme imposible seguirvos. Non o é menos que viva, despois da dureza coa que me tratades. Así que vos digo un adeus eterno. A miña morte, que axiña coñeceredes, engadín tristemente, quizá vos faga recuperar por min sentimentos de pai. Segundo me volvía de costas para marchar: négaste, logo, a seguirme?, exclamou el, cheo de cólera. Vai, corre á túa perda. Adeus, fillo ingrato e rebelde. Adeus, dixen eu no meu arrebato, adeus, pai bárbaro e desnaturalizado.

Saín ó instante do Luxembourg. Andei polas rúas coma un poseso ata a casa do Sr. de T... Segundo camiñaba, alzaba ollos e mans para invocar todas as potencias celestiais. Oh, Ceo!, dicía eu, seredes tan desapiadado coma os homes? Non teño outro socorro que esperar máis có voso. O Sr. de T... aínda non regresara á casa, pero volveu tras uns momentos de espera. A súa negociación non dera mellor resultado cá miña. Díxomo con rostro abatido. O mozo G... M..., aínda que menos irritado có seu pai contra Manon e contra min, non quixera tratar de interceder ante el en favor noso. Negárase polo temor que lle tiña el mesmo a aquel ancián vindicativo, que xa se enfadara moitísimo con el reprochándolle os seus proxectos de trato con Manon. De maneira que non me quedaba máis có camiño da violencia, de acordo co plan que me trazara o Sr. de T...; a el reducín todas as miñas esperanzas. Son ben incertas, díxenlle, pero a máis sólida e a máis consoladora para min é a de perecer, ao menos, no intento. Deixeino rogándolle que me socorrese cos seus mellores votos e non pensei máis ca en procurarme uns camaradas ós que comunicar unha faísca do meu valor e da miña resolución.

O primeiro que se me presentou ó espírito foi o mesmo garda de corps que empregara para deter a G... M... Tamén planeaba ir pasar a noite no seu cuarto, pois non tivera o espírito libre abondo, durante a tarde, para procurar un aloxamento. Encontreino

só. Alegrouse de ver que saíra do Châtelet. Ofreceume afectuosamente os seus servizos. Expliqueille os que me podía proporcionar. Tiña sentidiño abondo para percibir todas as súas dificultades, pero foi o bastante xeneroso como para tratar de superalas. Empregamos unha parte da noite en meditar o proxecto. Faloume de tres soldados da garda, que xa utilizara na última ocasión, como de tres valentes a toda proba. O Sr. de T... informárame exactamente do número de arqueiros que debían conducir a Manon; só eran seis. Cinco homes afoutos e resoltos, bastaban para espantar a aqueles miserables, que non son capaces de defenderse con honorabilidade cando poden evitar o perigo do combate cunha covardía. Como diñeiro non me faltaba, o garda de corps aconselloume non aforrar nada para asegurar o éxito do noso ataque. Necesitamos cabalos, dixo, con pistolas, e cada un seu mosquetón. Eu encárgome de ocuparme mañá deses preparativos. Tamén nos farán falta tres traxes de paisano para nosos soldados, que non se atreverían a aparecer nun asunto desa natureza co uniforme do rexemento. Púxenlle nas mans os cen dobróns que recibira do Sr. de T... Foron empregados, ó día seguinte, ata o último céntimo. Pasei revista ós tres soldados. Animeinos con grandes promesas e, para quitarlles toda desconfianza, comecei por agasallar, a cada un, con dez dobróns. Chegado o día da execución, enviei un de mañá cedo ó Hôpital, para instruírse, polos seus propios ollos, do momento en que os arqueiros sairían coa súa presa. Se ben eu só tomara aquela precaución por un exceso de inquietude e de previsión, resultou que fora absolutamente necesaria. Eu contara cunhas falsas informacións que me deran sobre a súa ruta e, convencido de que era na Rochelle onde aquela deplorable tropa debía embarcar, tería perdido todo o traballo agardándoa no camiño de Orleáns. Non obstante, souben, polo informe do soldado da garda, que tomaba o camiño de Normandía e que era do Havre-de-Grâce de onde debía partir para América.

Acudimos de inmediato á porta de Saint-Honoré, coidando de andar por rúas diferentes. Reunímonos ó cabo do arrabaldo. Os nosos cabalos estaban descansados. Non tardamos en descubrir os seis gardas e os dous miserentos carros que vistes vós en Pacy, hai dous anos. Aquel espectáculo estivo a piques de quitarme a forza e o coñecemento. Oh, fortuna!, exclamei, cruel fortuna!, concédeme aquí, polo menos, a morte ou a vitoria. Celebramos consello un momento sobre a maneira en que fariamos o ataque. Os arqueiros mal ían catrocentos pasos por diante de nós, e podíamos cortarlle-lo paso atallando a través dun pequeno campo, arredor do cal xiraba o camiño principal. O garda de corps foi da opinión de emprender esa vía, para sorprendelos caendo de

pronto sobre eles. Aprobei a súa idea e fun o primeiro en esporear o cabalo. Pero a fortuna rexeitara desapiadadamente os meus desexos. Os arqueiros, ó ver os cinco xinetes correr cara eles, non dubidaron de que fose para atacalos. Puxéronse á defensiva, preparando baionetas e fusiles cun aire bastante decidido. Aquela visión, que non fixo senón animarnos ó garda de corps e máis a min, quitoulles de golpe o valor ós nosos tres covardes compañeiros. Pararon coma de concerto e, tras dicirse entre eles unhas palabras que non oín, volveron as cabezas dos seus cabalos, para retomar o camiño de París a todo galope. Deuses!, díxome o garda de corps, que parecía tan atónito coma min por aquela infame deserción, que imos facer? Só somos dous. Eu perdera a voz, de furor e de asombro. Detívenme, incerto de se debía aplicar a miña primeira vinganza á persecución e castigo dos covardes que me abandonaban. Víaos fuxir e dirixía a mirada ó outro lado, ós arqueiros. Se me fose posible dividirme, lanzaríame a un tempo sobre aqueles dous obxectos da miña carraxe; devorábaos todos xuntos. O garda de corps, que xulgaba da miña incerteza polo extraviado movemento dos meus ollos, pediume que escoitara o seu consello. Non sendo máis ca dous, dixo, sería cousa de tolos atacar seis homes tan ben armados coma nós e que parecen esperarnos a pé firme. Cómpre regresar a París e tratar de ter máis éxito na elección dos nosos homes. Os arqueiros non poden facer grandes desprazamentos diarios con dous pesados carros; alcanzarémolos mañá sen traballo.

Reflexionei un momento sobre aquel partido, pero, non vendo por todas partes máis ca obxecto de desespero, tomei unha resolución verdadeiramente desesperada. Foi agradecerlle ó meu compañeiro os seus servizos e, fóra de atacar ós arqueiros, resolvín ir, submiso, rogarlles que me recibiran na súa banda para acompañar a Manon canda eles ata o Havre-de-Grâce e pasar despois alén dos mares con ela. Todo o mundo me persigue ou me traizoa, díxenlle ó garda de corps. Xa non podo confiar en ninguén. Xa non espero nada, nin da fortuna, nin do socorro dos homes. As miñas desgracias chegaron ó seu colmo; non me queda máis ca someterme a elas. Así, pecho os ollos a toda esperanza. Que o Ceo recompense a vosa xenerosidade! Adeus, voulle axudar á miña mala sorte a consumar a miña ruína, correndo eu mesmo cara ela voluntariamente. El esforzouse inutilmente por inducirme a regresar á París. Rogueille que me deixara seguir as miñas resolucións e que marchara axiña, por medo a que os arqueiros continuasen crendo que o noso plan era atacalos.

Fun só cara eles, con paso lento e o rostro tan consternado que non deberon encontrar nada alarmante na miña aproximación. Con todo, mantíñanse á defensiva. Acougade, señores, díxenlles abordándoos; non vos traio a guerra, véñovos pedir gracia. Rogueilles que continuaran o camiño sen desconfianza e comuniqueilles, segundo andabamos, os favores que esperaba deles. Deliberaron todos xuntos de que maneira debían recibir aquela explicación. O xefe da banda tomou a palabra polos outros. Respondeume que as ordes que tiñan de velar polas súas prisioneiras eran dun rigor extremo; que eu lle parecía, porén, home tan amable, que el e os seus compañeiros relaxarían un pouco o seu deber; pero que debía comprender que me tería que custar algo. Quedábanme uns quince dobróns; díxenlles con toda naturalidade en que consistía o fondo da miña bolsa. Pois ben!, dixo o arqueiro, usarémola xenerosamente. Só vos custará un escudo por hora conversar con aquela das nosas mozas que máis vos guste; é o prezo corrente de París. Eu non lles falara de Manon en particular, porque non tiña intención de que coñecesen a miña paixón. Eles imaxinaron, ó inicio, que aquilo non era máis ca unha fantasía de rapaz que me facía buscar un pasatempo con aquelas criaturas; pero, cando creron decatarse de que estaba namorado, aumentaron de tal modo o tributo, que a miña bolsa encontrouse esgotada saíndo de Mantes, onde durmiramos, o día que chegamos a Pacy.

Direivos cal foi o deplorable tema das miñas conversacións con Manon durante aquel camiño? Ou que impresión me causou a súa vista cando obtiven dos gardas a liberdade de aproximarme á súa carreta? Ah!, as expresións só revelan a medias os sentimentos do corazón. Pero, figurádevos a miña pobre amante encadeada polo medio do corpo, sentada nunha presa de palla, coa cabeza apoiada languidamente contra un lado do carro, a cara pálida e mollada cun torrente de bágoas que se abrían paso a través das súas pálpebras, aínda que tivese os ollos constantemente pechados. Nin sequera tivera a curiosidade de abrilos cando oíra o alboroto dos seus gardas, que temían ser atacados. Levaba a roupa interior sucia e en desorde, as súas mans delicadas expostas á inxuria do aire; en fin, todo aquel conxunto encantador, aquela figura capaz de devolver o universo á idolatría, aparecía nun desorde e nun abatemento indescritibles. Botei un tempo contemplándoa, mentres ía a cabalo ó lado da carreta. Estaba tan pouco en min mesmo que houben de caer varias veces, perigosamente. Os meus suspiros e as miñas frecuentes exclamacións atraéronme as súas olladas. Recoñeceume, e notei que, no primeiro impulso, tentou precipitarse fóra do carro e vir onda min; pero, ó estar suxeita

pola cadea, recaeu na súa primeira actitude. Roguei ós arqueiros que pararan un momento, por compaixón; consentiron por avaricia. Deixei o cabalo para sentar xunto a ela. Estaba tan lánguida e tan debilitada que lle levou moito tempo poder utilizar a lingua e mover as mans. Eu mollábaas, entre tanto, coas miñas bágoas e, sen poder proferir eu mesmo unha soa palabra, achabámonos o un e o outro nunha das situacións máis tristes das que xamais teña habido exemplo. As nosas expresións non o foron menos, cando recuperamos a liberdade de falar. Manon falou pouco. Semellaba que a vergonza e a dor lle alteraran os órganos da voz; o seu son era débil e trémulo. Deume as gracias por non tela esquecido e pola satisfacción que lle daba, dixo suspirando, de verme polo menos unha vez máis e de dicirme o derradeiro adeus. Pero, cando lle asegurei que nada era capaz de separarme dela e que estaba disposto a seguila ata o fin do mundo para coidala, para servila, para amala e para unir inseparablemente o meu miserable destino ó seu, aquela pobre moza entregouse a sentimentos tan tenros e dolorosos, que temín algo pola súa vida, ante tan violenta emoción. Todos os movementos da súa alma parecían concentrarse nos seus ollos. Tíñaos fixos en min. Ás veces abría a boca, sen ter forza para rematar as palabras que comezaba. Escapábanlle, porén, algunhas. Eran mostras de admiración polo meu amor, tenras queixas polo seu exceso, dúbidas de poder ser tan afortunada como para inspirarme unha paixón tan perfecta, rogos para facerme renunciar ó proxecto de seguila e buscar noutra parte unha felicidade digna de min que, dicía, non podería esperar con ela.

A despeito da máis cruel de todas as sortes, encontraba a miña felicidade nas súas miradas e na certeza que tiña do seu cariño. Eu perdera, en verdade, todo o que o resto dos homes estima; pero era dono do corazón de Manon, o único ben que estimaba. Vivir en Europa, vivir en América, que me importaba en que lugar vivir se estaba seguro de ser feliz vivindo alí coa miña amante? Non é acaso todo o universo a patria de dous amantes fieis? Non encontran, o un no outro, pai, mai, parentes, amigos, riquezas e felicidade? Se algo me causaba inquietude era o temor de ver a Manon exposta ás necesidades da indixencia. Xa me vía con ela nalgunha rexión inculta e habitada por salvaxes. Estou seguro, dicía eu, de que non os pode haber tan crueis coma G... M... e meu pai. Polo menos deixarannos vivir en paz. Se os relatos que se nos fan son fieis, eles seguen as leis da natureza. Non coñecen nin os furores da avaricia, que posúe a G... M..., nin as ideas fantásticas sobre o honor, que fixeron de meu pai o meu inimigo. Non estorbarán a dous amantes ós que verán vivir con tanta simplicidade coma eles. Por esa

banda estaba, pois, tranquilo. Pero non me facía ideas novelescas con respecto ás necesidades comúns da vida. Demasiado a miúdo sentira que hai necesidades insoportables, sobre todo para unha moza delicada que está afeita a unha vida cómoda e abundante. Desesperábame por ter esgotado inutilmente a miña bolsa e porque o pouco diñeiro que me quedaba estivese a punto, outra vez, de serme arrebatado pola ruindade dos arqueiros. Concibía que cunha pequena suma podería esperar, non só manterme algún tempo contra a miseria en América, onde o diñeiro era escaso, senón incluso fundar alí algunha empresa para un establecemento duradeiro. Aquela consideración deume a idea de escribirlle a Tiberge, que sempre atopara tan disposto a ofrecerme os socorros da amizade. Escribín, desde a primeira vila pola que pasamos. Non lle aducín outro motivo cá perentoria necesidade na que prevía que me ía encontrar no Havre-de-Grâce, a onde lle confesaba que fora conducir a Manon. Pedíalle cen dobróns. Facédemos chegar ó Havre, dicíalle eu, polo xefe do correo. Ben vedes que é a derradeira vez que importuno o voso afecto e que, séndome arrebatada para sempre a miña infortunada amante, non a podo deixar marchar sen algún conforto que dulcifique a súa sorte e a miña mortal amargura.

Os arqueiros volvéronse tan intratables, cando descubriron a violencia da miña paixón, que, redobrando continuamente o prezo dos seus mínimos favores, axiña me reduciron a unha extrema indixencia. O amor, por outra banda, non me permitía coidar da miña bolsa. Abandonábame da mañá á noite xunto a Manon, e xa non me era medido o tempo por horas, senón pola lonxitude enteira dos días. Por fin, coa bolsa completamente baleira, atopeime exposto ós caprichos e á brutalidade de seis miserables, que me trataban cunha altivez insoportable. Vós fostes testemuña diso en Pacy. O voso encontro foi un feliz momento de distensión que me concedeu a fortuna. A vosa compaixón, á vista das miñas penas, foi a miña única recomendación ante o voso xeneroso corazón. O socorro que me concedestes con largueza, serviu para facerme alcanzar o Havre, e os arqueiros mantiveron a súa promesa con máis fidelidade do que eu esperaba.

Chegamos ó Havre. Fun primeiro ó correo. Tiberge aínda non tivera tempo de responderme. Informeime exactamente de que día podía esperar a súa carta. Só podía chegar dous días máis tarde e, por unha estraña disposición da miña mala sorte, resultaba que o noso navío debía partir na mañá daquel no que eu esperaba o correo

ordinario. Non podo representarvos a miña desesperación. Como!, exclamei, na desgracia mesma, aínda terei que ser distinguido polos seus excesos! Manon respondeu: Ai!, unha vida tan desgraciada, merece a ansia que temos por ela? Morramos no Havre, querido cabaleiro. Que a morte acabe de golpe coas nosas miserias! Iremos, acaso, arrastralas a un país descoñecido do que debemos esperar, sen dúbida, horribles calamidades, xa que determinaron que ese fose o meu suplicio? Morramos, repetiu; ou senón dáme a morte e vai buscar outra sorte nos brazos dunha amante máis venturosa. Non, non, dixen eu, para min é unha sorte digna de envexa ser desgraciado contigo. As súas palabras fixéronme tremer. Xulguei que estaba abatida polos seus males. Esforceime por adoptar un aire máis tranquilo, para quitarlle aqueles funestos pensamentos de morte e desesperación. Resolvín seguir a mesma conduta no futuro; e comprobei, no sucesivo, que nada é máis capaz de inspirarlle valor a unha muller ca intrepidez dun home que ela ama.

Cando perdín a esperanza de recibir a axuda de Tiberge, vendín o cabalo. Os cartos que saquei del, unidos ó que me restaba aínda das vosas liberalidades, compuxéronme a pequena suma de dezasete dobróns. Empreguei sete na compra dalgúns alivios necesarios para Manon e gardei con sumo coidado os outros dez, como fundamento da nosa fortuna e das nosas esperanzas en América. Non me custou moito facer que me aceptaran no navío. Daquela buscaban xente nova que estivese disposta a unirse voluntariamente á colonia. A pasaxe e a comida concedéronseme gratis. Como o correo para París debía saír ó día seguinte, deixei nel unha carta para Tiberge. Era conmovedora e, sen dúbida, capaz de apiadalo ata un punto extremo, xa que lle fixo tomar unha decisión que só podía proceder dun fondo infinito de afecto e de xenerosidade cara un amigo desgraciado.

Izamos as velas. O vento non deixou de sernos favorable. Conseguín do capitán un sitio a parte para Manon e para min. Tivo a bondade mirarnos con outros ollos que ó común dos nosos miserables asociados. Eu collérao a parte desde o primeiro día e, para atraerme algo de consideración da súa parte, descubríralle unha parte dos meus infortunios. Non crin facerme culpable dunha mentira vergonzosa por dicirlle que estaba casado con Manon. Finxiu crelo, e concedeume a súa protección. Recibimos mostras dela durante toda a navegación. Coidou de que nos alimentaran en condicións e as atencións que tivo con nós serviron para facernos respectar dos compañeiros da nosa

miseria. Eu estaba atento continuamente a non deixarlle sufrir a mínima incomodidade a Manon. Ela advertíao e, esa visión, unida ó vivo sentimento da insólita extremidade á que eu me reducira por ela, facíaa tan tenra e tan apaixonada, tan atenta tamén ás miñas mínimas necesidades, que había, entre ela e eu, unha perpetua porfía de atencións e de amor. Eu non botaba a faltar Europa. Ó contrario, canto máis avanzabamos cara América, máis sentía o meu corazón abrirse e sosegarse. Se puidese asegurarme de que non me habían faltar alí as necesidades absolutas da vida, daríalle as gracias á fortuna por ter dado un xiro tan favorable ás nosas desventuras.

Despois dunha navegación de dous meses, abordamos, por fin, a desexada ribeira. O país non nos ofreceu nada agradable, a primeira vista. Eran campos estériles e deshabitados onde mal se vían algunhas canas e algunhas árbores despoxadas polo vento. Nin traza de homes ou de animais. Porén, como o capitán mandase disparar algunhas pezas da nosa artillería, non tardamos moito en albiscar un grupo de cidadáns do Novo Orleáns, que se aproximaron a nós con vivas mostras de ledicia. Non descubriramos a vila. Está escondida, por aquel lado, detrás dun pequeno cerro. Fomos recibidos coma quen baixa do Ceo. Aqueles pobres habitantes afanábanse en facernos mil preguntas sobre o estado de Francia e das diferentes provincias en que naceran. Abrazábannos como irmáns e como queridos compañeiros que viñan compartir a súa miseria e a súa soidade. Emprendemos o camiño da vila canda eles pero, segundo avanzabamos, quedamos sorprendidos ó descubrir que, o que nos eloxiaran ata entón como unha boa vila, non era máis có agrupamento dunhas pobres cabanas. Estaban habitadas por cincocentas ou seiscentas persoas. A casa do Gobernador pareceunos un algo distinguida pola súa altura e situación. Está defendida por unhas obras de terra, arredor das cales reina un ancho foso.

Primeiro fomos presentados a el. Conversou longo tempo en secreto co capitán e, volvendo despois cara nós, observou, unha tras outra, todas as mozas que chegaran no navío. O seu número era de trinta, pois atoparamos no Havre outro grupo, que se unira ó noso. O Gobernador, despois de examinalas tempo abondo, mandou chamar por diversos mozos da vila que languidecían na espera dunha esposa. Deulles as máis bonitas ós principais e o resto sorteouse. Aínda non lle falara a Manon, pero, cando lles deu ós outros a orde de retirarse, fíxonos quedar, a ela e a min. Sei polo capitán, díxonos, que estades casados e que vos recoñeceu na viaxe como dúas persoas de

enxeño e de mérito. Non entro nas razóns que causaron a vosa desgracia, pero, se é verdade que tedes tanto mundo como a vosa figura o promete, non aforrarei esforzos para suavizar a vosa sorte e vós mesmos contribuiredes a facerme a encontrar algo agradable neste lugar salvaxe e deserto. Eu respondinlle da maneira que crin máis propia para confirmalo na idea que tiña de nós. Deu algunhas ordes para facernos preparar un aloxamento na vila, e retívonos a cear con el. Atopeille moita educación, para un xefe dun infelices desterrados. Non nos fixo ningunha pregunta, en público, sobre a esencia das nosas aventuras. A conversación foi xeral e, malia a nosa tristeza, esforzámonos, Manon e eu, en contribuír a facela agradable.

Pola noite, mandou que nos conduciran ó aloxamento que nos tiñan preparado. Atopamos unha miserable cabana, composta de táboas e de barro, que consistía en dúas ou tres pezas na planta baixa, cun faiado por encima. Mandara poñer alí cinco ou seis cadeiras e algunhas comodidades necesarias para vivir. Manon pareceu abraiada á vista de tan triste morada. Era por min por quen se aflixía, moito máis ca por ela mesma. Cando quedamos sós, sentou e botouse a chorar amargamente. Ó primeiro, púxenme a consolala, pero en canto me fixo comprender que só se aflixía por min e que, nas nosas desgracias comúns, só consideraba o que tiña que sufrir eu, finxín mostrar bastante valor e mesmo bastante alegría como para inspirarlla a ela. De que me había queixar?, díxenlle eu. Posúo todo o que desexo. Vós querédesme, non? Que outra felicidade procurei eu nunca? Deixemos ó Ceo o coidado da nosa fortuna. Eu non a encontro tan desesperada. O Gobernador é un home cortés; deunos mostras de consideración; non permitirá que carezamos do necesario. En canto á pobreza da nosa cabana e á vulgaridade dos mobles, teredes notado que hai poucas persoas aquí que parezan mellor aloxadas e mellor amobladas ca nós. Ademais, ti es unha química admirable, engadín bicándoa, transformas todo en ouro.

Logo, seredes a persoa máis rica do universo, respondeu ela, pois se non houbo nunca amor coma o voso, tamén é imposible ser amado máis tenramente do que vós o sodes. Fágome xustiza, continuou. Ben sinto que nunca merecín esa prodixiosa atadura que vos une a min. Téñovos causado pesares que non me poderiades perdoar sen unha bondade extrema. Fun lixeira e voluble e, mesmo amándovos con loucura, como sempre fixen, non era máis ca unha ingrata. Pero non poderiades crer canto cambiei. As bágoas, que me vistes derramar tan a miúdo desde a nosa partida de Francia, non tiveron nin

unha soa vez os meus infortunios por obxecto. Deixei de sentilos en canto vós empezastes a compartilos. Só chorei de tenrura e compaixón por vós. Non me consolo de tervos podido desgustar un momento na miña vida. Non deixo de reprocharme as miñas inconstancias e de conmoverme, admirando de que vos fixo capaz o amor por unha desgraciada que non era digna del e que non pagaría con todo o seu sangue, engadiu, chorando abundantemente, a metade das penas que vos causou. O seu pranto, as súas palabras e o ton co que as pronunciou, provocáronme unha impresión tan extraordinaria, que crin sentir unha especie de división na miña alma. Ten coidado, dixen, ten coidado, miña querida Manon. Non teño forza abondo para soportar tan vivos sinais do teu cariño; non estou acostumado a estes excesos de ledicia. Oh, Deus!, exclamei, non vos pido nada máis. Teño por seguro o corazón de Manon. É tal como o desexei para ser feliz; agora xa non podo deixar de selo. Por fin vexo a miña felicidade ben afincada. Estao, repuxo ela, se a facedes depender de min e xa sei onde podo contar con encontrar sempre a miña. Deiteime con aqueles encantadores pensamentos, que fixeron da miña cabana un palacio digno do primeiro rei do mundo. América pareceume un lugar de delicias, despois daquilo. É ao Novo Orleáns a onde hai que vir, dicíalle a miúdo a Manon, se se quere gustar das verdadeiras dozuras do amor. É aquí onde se ama sen interese, sen celos, sen inconstancia. Os nosos compatriotas veñen aquí buscar ouro; non imaxinan que nós atopamos tesouros ben máis estimables. Cultivamos coidadosamente a amizade co Gobernador. Unhas semanas despois da nosa chegada, tivo a bondade de darme un pequeno emprego que veu quedar vacante no forte. Aínda que non fose moi distinguido, acepteino como un favor do Ceo. Poñíame en situación de vivir sen estar ó cargo de ninguén. Collín un criado para min e unha servente para Manon. A nosa pequena fortuna arranxouse. Eu levaba unha vida ordenada; a de Manon non o era menos. Non deixabamos escapar a ocasión de facer favores e de facer o ben ós nosos veciños. Aquela disposición servizal e a dozura das nosas maneiras atraéronnos a confianza e o afecto de toda a colonia. Fomos, en pouco tempo, tan considerados, que pasabamos por ser as primeiras persoas da vila, despois do Gobernador.

A inocencia das nosas ocupacións e a tranquilidade na que viviamos de continuo, serviron para facernos relembrar, insensiblemente, ideas de relixión. Manon nunca fora unha rapaza impía. Eu tampouco era deses libertinos a ultranza que se gaban de sumar a irrelixión á depravación dos costumes. O amor e a xuventude causaran todos os nosos desordes. A experiencia comezaba a suplir a idade; fíxonos o mesmo efecto

cós anos. As nosas conversas, que sempre eran reflexivas, fóronnos levando insensiblemente ó gusto por un amor virtuoso. Eu fun o primeiro que lle propuxen aquel cambio a Manon. Coñecía os principios do seu corazón. Ela era recta e natural en todos os seus sentimentos, calidade que sempre dispón á virtude. Fíxenlle comprender que lle faltaba algo á nosa felicidade. É, díxenlle, que estea aprobado polo Ceo. Temos a alma demasiado fermosa e o corazón demasiado ben feito, o un e o outro, para vivir voluntariamente no esquecemento do deber. Pase que teñamos vivido así en Francia, onde nos era igualmente imposible deixar de amarnos e satisfacernos por unha vía lexítima; pero en América, onde non dependemos máis ca de nós mesmos, onde non temos que velar polas leis arbitrarias do rango e das conveniencias, onde mesmo nos cren casados, quen impide que non o esteamos pronto realmente e que non ennobrezamos o noso amor cos xuramentos que autoriza a relixión? En canto a min, engadín, non vos ofrezo nada novo ofrecéndovos o meu corazón e a miña man, pero estou disposto a renovarvos o meu don ó pé dun altar. Pareceume que aquelas palabras a enchían de alegría. Creriades, respondeu ela, que o teño pensado mil veces, des que estamos en América? O temor de desagradarvos levoume a encerrar ese desexo no meu corazón. Non teño a presunción de aspirar á calidade de esposa vosa. Ah, Manon!, repliquei eu, pronto serías a dun rei, se o Ceo me fixera nacer cunha coroa. Non dubidemos máis. Non temos ningún obstáculo que temer. Quérolle falar diso hoxe mesmo ó Gobernador e confesarlle que o enganamos ata este día. Deixémoslles temer ós amantes ordinarios, engadín, as cadeas indisolubles do matrimonio. Non as temerían se estiveran seguros, coma nós, de levar por sempre as do amor. Deixei a Manon colmada de ledicia, tras aquela resolución.

Estou convencido de que non hai home honrado no mundo que non tería aprobado as miñas intencións nas circunstancias en que estaba, é dicir, suxeito fatalmente a unha paixón que non podía vencer e asaltado por remordementos que non debía en absoluto afogar. Pero, encontrarase alguén que acuse as miñas queixas de inxustiza, se me laio do rigor do Ceo en rexeitar un proxecto que eu non concibira senón por agradarlle? Ai! Que digo, rexeitar? Castigouno coma un crime. Soportárame con paciencia mentres eu andaba cegamente polo camiño do vicio, e os seus máis rudos castigos estábanme reservados para cando comezaba a volver á virtude. Temo que me falten as forzas para rematar o relato do máis funesto acontecemento que teña sucedido xamais.

Fun á casa do Gobernador, como acordara con Manon, para rogarlle que consentira na cerimonia do noso casamento. Ben tería evitado falarlle daquilo, nin a el nin a ninguén, se puidese confiar en que o seu capelán, que era daquela o único sacerdote da vila, me fixera ese favor sen a súa participación; pero, non ousando esperar que aquel se quixera comprometer ó silencio, tomei o partido de actuar abertamente. O Gobernador tiña un sobriño, chamado Synnelet, que lle era moi querido. Era un home de trinta anos, valente, pero arrebatado e violento. Non estaba casado. A beleza de Manon impresionárao desde o día da nosa chegada; e as ocasións sen número que tivera de vela, durante nove ou dez meses, foran inflamando de tal maneira a súa paixón, que se consumía en secreto por ela. Porén, como estaba convencido, co seu tío e con toda a vila, de que eu estaba realmente casado, dominara o seu amor ata o punto de non deixar translucir nada del, e incluso se declarara o seu celo por min, en varias ocasións de serme útil. Atopeino co seu tío, cando cheguei ó forte. Non tiña ningunha razón que me obrigara a facerlle un segredo do meu proxecto, de sorte que non opuxen ningunha dificultade en explicarme na súa presencia. O Gobernador escoitoume coa súa bondade habitual. Conteille unha parte da miña historia, que el oíu con pracer e, cando lle roguei que asistise á cerimonia que andaba meditando, tivo a xenerosidade de comprometerse a correr con todos os gastos da festa. Retireime moi contento.

Unha hora despois, vin entrar o capelán na miña casa. Imaxinei que viña darme algunhas instrucións para a voda; pero, despois de saudarme friamente, declaroume, en dúas palabras, que o Sr. Gobernador me prohibía pensar naquilo e que tiña outros plans para Manon. Outros plans para Manon!, díxenlle eu cunha aprehensión mortal no corazón, e logo que plans son eses, Señor Capelán? Respondeume que eu non ignoraba que o Sr. Gobernador era o amo; que, sendo Manon enviada de Francia para a colonia, a el lle tocaba dispoñer dela; que non o fixera ata entón porque a cría casada, pero que, téndose informado por min mesmo de que non o era, xulgaba oportuno darlla ó Sr. Synnelet, que estaba namorado dela. A miña vivacidade puido coa miña prudencia. Ordeneille orgullosamente ó capelán que saíse da miña casa, xurando que o Gobernador, Synnelet e toda a vila xunta non se atreverían a poñer a man na miña muller, ou amante, como lle quixeran chamar.

Informei inmediatamente a Manon da funesta mensaxe que acababa de recibir. Xulgamos que Synnelet seducira o espírito do seu tío despois da miña volta e que aquilo era efecto dalgún plan meditado desde había moito tempo. Eles eran os máis fortes. Nós atopabámonos no Novo Orleáns coma no medio do mar, é dicir, separados do resto do mundo por espazos inmensos. A onde fuxir? A un país descoñecido, deserto ou habitado por animais feroces e por salvaxes tan bárbaros coma eles? Eu era estimado na vila, pero non podía esperar conmover o suficiente ó pobo no meu favor, como para esperar del un socorro proporcionado ó mal. Faría falta diñeiro; eu era pobre. Ademais, o éxito dunha conmoción popular era incerto e, se a fortuna nos fallara, a nosa tornaríase nunha desgracia sen remedio. Dáballe voltas a todas estas ideas na cabeza. Comunicáballe unha parte delas a Manon. Formaba outras novas sen escoitar a súa resposta. Tomaba un partido; rexeitábao para tomar outro. Falaba só, respondía en voz alta ós meus pensamentos; en fin, achábame nunha axitación que non podería comparar con nada porque nunca a houbo igual. Manon tiña os ollos fixos en min. Xulgaba, pola miña axitación, a enormidade do perigo e, tremendo máis por min ca por ela mesma, aquela doce moza non se atrevía nin a abrir a boca para expresarme os seus temores. Tras infinidade de reflexións, resolvín ir ver o Gobernador para esforzarme por conmovelo con razóns de honor e co recordo do meu respecto e da súa afección. Manon quixo opoñerse á miña saída. Dicíame, con bágoas nos ollos: ides á morte. Vanvos matar. Non vos verei máis. Quero morrer antes ca vós. Fixeron falla moitos esforzos para persuadila da necesidade en que estaba de saír e da que había para ela de quedar na casa. Prometinlle que me volvería ver nun instante. Ela ignoraba, e eu tamén, que era sobre ela mesma sobre quen debía recaer toda a cólera do Ceo e a rabia dos nosos inimigos.

Acudín ó forte. O Gobernador estaba co seu capelán. Rebaixeime, para conmovelo, a submisións que me farían morrer de vergonza se as fixera por calquera outra causa. Soliciteino con todos os motivos que deben facer unha impresión certa sobre un corazón que non sexa o dun tigre feroz e cruel. Aquel bárbaro non lle deu ás miñas queixas máis ca dúas respostas, que repetiu cen veces: Manon, dixo, dependía del; el déralle a súa palabra ó sobriño. Eu estaba resolto a moderarme ata o extremo. Contenteime con dicirlle que o cría demasiado amigo meu como para querer a miña morte, na cal eu consentiría antes que á perda da miña amante.

Saín ben convencido de que non tiña nada que esperar daquel vello testalán, que se tería condenado mil veces polo seu sobriño. Porén, persistín no plan de conservar ata o final un aire de moderación, resolto, se se chegaba a excesos de inxustiza, a darlle a América unha das máis sanguentas e horribles escenas que o amor teña producido xamais. Volvía á casa, meditando sobre aquel proxecto, cando o azar, que quería apresurar a miña ruína, me fixo dar con Synnelet. Leume nos ollos unha parte dos pensamentos. Xa dixen que era valente; veu onda min. Non me andades buscando?, dixo. Sei que os meu plans vos ofenden e xa tiña previsto que habería que cortarse o pescozo con vós. Imos ver quen será o máis afortunado. Respondinlle que tiña razón, e que só a miña morte podía acabar coas nosas diferencias. Apartámonos uns cen pasos fóra da vila. As nosas espadas cruzáronse: ferino e desarmeino case ó mesmo tempo. Púxose tan rabioso pola súa desgracia que se negou a pedirme a vida e a renunciar a Manon. Quizá eu tiña todo o dereito de quitarlle de golpe a unha e a outra, pero un sangue xeneroso non se desmente xamais. Lanceille a súa espada. Volvamos a empezar, díxenlle, e pensade que é sen cuartel. Atacoume cunha furia indicible. Teño que confesar que eu non estaba forte en armas, tendo practicado só tres meses de sala en París. O amor guiaba a miña espada. Synnelet non deixou de furarme o brazo de parte a parte, pero eu adianteime e asesteille un golpe tan vigoroso que caeu ós meus pés sen movemento.

Malia a alegría que dá a vitoria tras un combate mortal, reflexionei ó momento sobre as consecuencias daquela morte. Non había, para min, nin gracia, nin aprazamento de suplicio que esperar. Coñecendo, como coñecía eu, a paixón do Gobernador polo seu sobriño, estaba certo de que a miña morte non sería diferida nin unha hora despois de que se coñecera a súa. Por moi premente que fose aquel temor, non era a maior causa da miña inquietude. Manon, o interese de Manon, o seu perigo e a necesidade de perdela, conturbábanme ata derramar escuridade sobre os meus ollos e impedirme recoñecer o lugar no que estaba. Lamentei a sorte de Synnelet. Unha morte pronta parecíame o único remedio ás miñas penas. Porén, foi ese mesmo pensamento o que me fixo recobrar vivamente os espíritos e volveume capaz de tomar unha decisión. Que! Quero morrer, exclamei, para rematar coas miñas penas? Hai, logo, algunha que me doa máis ca perda do que amo? Ah!, suframos ata os máis crueis extremos para socorrer á miña amante e deixemos o morrer para despois de telas sufrido inutilmente. Retomei o camiño da vila. Entrei na miña casa. Alí encontrei a Manon medio morta de

terror e de inquietude. A miña presencia reanimouna. Non podía ocultarlle o terrible accidente que me acababa de ocorrer. Caeu sen coñecemento nos meus brazos, ante o relato da morte de Synnelet e da miña ferida. Empreguei máis dun cuarto de hora en facela volver en si.

Eu estaba medio morto, tamén. Non vía a mínima luz para a súa seguridade nin para a miña. Manon, que imos facer?, dixen cando recuperou un pouco as forzas. Ai! Que imos facer? Teño que afastarme necesariamente. Queredes quedar na vila? Si, quedade. Aínda podedes ser feliz aquí; e eu vou, lonxe de vós, buscar a morte entre os salvaxes ou entre as gadoupas dos animais feroces. Levantouse, malia a súa debilidade; colleume da man para conducirme ata a porta. Fuxamos xuntos, díxome, non perdamos nin un instante. Poida que teñan atopado por azar o corpo de Synnelet e non teriamos tempo de afastarnos. Pero, querida Manon, repuxen eu extraviado, decídeme, pois, onde podemos ir? Vedes algún recurso? Non valerá máis que vós tratedes de vivir aquí sen min, e que eu lle leve voluntariamente a miña cabeza ó Gobernador? Aquela proposición non fixo máis que aumentar o seu ardor por partir. Houbo que seguila. Aínda tiven bastante presencia de ánimo, ó saír, para coller algúns licores fortes que tiña no meu cuarto e todas as provisións que puiden meter nos petos. Dixémoslles ós criados, que estaban no cuarto contiguo, que saiamos para o paseo da tarde, tiñamos ese costume todos os días, e afastámonos da vila, máis rapidamente do que a delicadeza de Manon parecía permitir.

Aínda que eu non saíra da miña irresolución sobre o lugar do noso retiro, non deixaba de ter dúas esperanzas, sen as que preferiría a morte á incerteza do que lle podería suceder a Manon. Adquirira bastante coñecemento do país, nos case dez meses que levaba en América, como para non ignorar de que xeito se domean os salvaxes. Podíase poñer un nas súas mans, sen correr a unha morte certa. Mesmo aprendera algunhas palabras na súa lingua e algúns dos seus costumes nas diversas ocasións que tivera de velos. Con aquel triste recurso, tiña outro pola parte dos ingleses que teñen, coma nós, establecementos nesa parte do Novo Mundo. Pero estaba aterrado pola distancia. Tiñamos que atravesar, ata as súas colonias, estériles campos de varias xornadas de lonxitude e algunhas montañas tan altas e tan escarpadas que o seu camiño lle parecía difícil ós homes máis rudos e máis vigorosos. Gabábame, con todo, de que

poderiamos sacar partido daqueles dous recursos: dos salvaxes para axudarnos a chegar e dos ingleses para recibirnos nas súas casas.

Andamos tanto tempo como o valor de Manon a puido soster, é dicir, unhas dúas leguas, pois aquela amante incomparable negouse constantemente a deterse antes. Abatida, en fin, de cansazo, confesoume que lle era imposible avanzar máis. Xa era noite. Sentamos no medio dunha ampla chaira, sen poder atopar nin unha árbore para poñernos a cuberto. O seu primeiro coidado foi cambiar o pano da miña ferida, que ela mesma vendara antes de marchar. Opúxenme en van ás súas vontades. Acabaría por abafala mortalmente se lle negase a satisfacción de crerme a gusto e sen perigo, antes de pensar na súa propia conservación. Sometinme durante uns momentos ós seus desexos. Recibín os seus coidados en silencio e avergonzado. Pero, en canto, satisfixo a súa tenrura, con que ardor a relevou a miña! Quitei toda a miña roupa, para facerlle atopar a terra menos dura, estendéndoa debaixo dela. Obrigueina a consentir, ó seu pesar, en deixarme empregar para o seu uso, todo o que puiden imaxinar de menos incómodo. Quenteille as mans cos meus bicos ardentes e coa calor dos meus suspiros. Pasei a noite enteira velando xunto a ela, e rogándolle ó Ceo que lle concedese un sono doce e apracible. Oh Deus! Que vivos e que sinceros eran os meus votos! E por que rigoroso xuízo vós decidirades non outorgarmos!

Perdoade, se remato en poucas palabras un relato que me mata. Cóntovos unha desgracia que non tivo nunca igual. Toda a miña vida está destinada a chorala. Pero, aínda que a levo sen cesar na memoria, a miña alma semella retroceder de horror, cada vez que me poño a narrala.

Pasaramos tranquilamente unha parte da noite. Eu cría durmida a miña querida amante e non me atrevía a exhalar o mínimo alento, no temor de turbar o seu sono. Des que amenceu, decateime, ó tocarlle as mans, de que as tiña frías e trémulas. Achegueinas o meu seo para quentarllas. Ela sentiu aquel movemento e, facendo un esforzo por coller as miñas, dixo cunha voz débil, que cría chegada a súa derradeira hora. Ó primeiro non tomei aquelas palabras senón por linguaxe corrente no infortunio e só respondín a elas cos tenros consolos do amor. Pero, os seus frecuentes suspiros, o seu silencio ás miñas preguntas, a presión das súas mans, entre as que seguía tendo as miñas, fixéronme saber que a fin das súas desgracias se aproximaba. Non esixades de

min que vos describa os meus sentimentos, nin que vos cite as súas derradeiras expresións. Perdina; recibín dela mostras de amor, no momento mesmo en que expiraba. É todo o que teño a forza de narrarvos sobre aquel fatal e deplorable acontecemento.

A miña alma non seguiu a súa. Sen dúbida o Ceo non me encontrou aínda castigado con suficiente rigor. Quixo que arrastrara, dende aquela, unha vida lánguida e miserable. Renuncio voluntariamente a levar nunca outra máis feliz.

Permanecín máis de vintecatro horas coa boca presa no rostro e nas mans da miña querida Manon. O meu propósito era morrer alí; pero reflexionei, ó comezo do segundo día, en que o seu corpo estaría exposto, despois do meu pasamento, á converterse en pasto dos animais salvaxes. Formei a resolución de enterrala e agardar a morte sobre a súa fosa. Xa estaba tan cerca da miña fin, pola debilidade que o xaxún e a dor me causaran, que necesitei cantidade de esforzos para terme en pé. Vime obrigado a recorrer ós licores que levara. Déronme tanta a forza como cumpría para o triste oficio que ía executar. Non me era difícil abrir a terra, no lugar en que me encontraba. Era un campo cuberto de area. Rompín a espada para utilizala en cavar, pero foime de menos axuda cás miñas mans. Abrín unha ancha fosa. Alí coloquei o ídolo do meu corazón, despois de ter a ansia de envolvela en toda a miña roupa, para impedir que a area a tocara. Só a puxen naquel estado despois de bicala mil veces, con todo o ardor do máis perfecto amor. Aínda sentei onda ela. Botei moito tempo contemplándoa. Non me daba decidido a pechar a fosa. En fin, como as forzas comezaban a fallarme de novo, e temendo que me faltasen todas antes de rematar a miña empresa, sepultei para sempre no seo da terra o máis perfecto e máis amable que esta levara. Deiteime, logo, sobre a fosa, coa cara contra a area, e pechando os ollos co desexo de non abrilos xamais, invoquei a axuda do Ceo e esperei a morte con impaciencia. O que vos parecerá difícil de crer é que, durante todo o exercicio daquel lúgubre ministerio, non saíu unha bágoa dos meus ollos nin un suspiro da miña boca. A consternación profunda na que me achaba e o propósito determinado de morrer cortaran o curso a todas as expresións da desesperación e da dor. Así que, non permanecín moito tempo na postura en que estaba sobre a fosa sen perder o pouco de coñecemento e de sentido que me quedaba.

Despois do que acabades de oír, a conclusión da miña historia ten tan pouca importancia que non vos paga a pena o traballo que amablemente poñedes en escoitala.

Levado o corpo de Synnelet á vila, e examinadas con atención as súas feridas, encontrouse que, non só non estaba morto, senón que nin sequera recibira ningunha ferida perigosa. Contoulle ó seu tío de que maneira pasaran as cousas entre nós, e a súa xenerosidade levouno ó instante a publicar os efectos da miña. Mandáronme buscar, e a miña ausencia, con Manon, fíxome sospeitoso de ter tomado o partido da fuxida. Era demasiado tarde para enviar alguén tralas miñas pegadas; pero empregouse o outro día e o seguinte en perseguirme. Atopáronme, sen aparencia de vida, sobre a fosa de Manon, e os que me descubriron naquel estado, véndome case espido e sangrando pola ferida, non dubidaron de que me roubaran e asasinaran. Leváronme á vila. O abaneo do transporte espertoume os sentidos. Os suspiros que lancei, abrindo os ollos e xemendo por encontrarme aínda entre os vivos, fixeron coñecer que aínda estaba en estado de recibir socorro. Prestáronmo, demasiado feliz. Non deixei de ser encerrado nunha estreita prisión. Instruíuseme un proceso e, como Manon non aparecía, acusáronme de terme desfeito dela nun impulso de rabia e de celos. Contei con naturalidade a miña dolorosa aventura. Synnelet, malia os transportes de dor nos que o sumiu aquel relato, tivo a xenerosidade de solicitar o meu perdón. Obtívoo. Eu estaba tan débil que se viron obrigados a transportarme da prisión ó meu leito, no que permanecín retido durante tres meses por unha violenta doenza. O meu odio pola vida non diminuía en absoluto. Invocaba continuamente a morte e obstineime moito tempo en rexeitar todos os remedios. Mais o Ceo, despois de castigarme con tanto rigor, tiña a determinación de facerme útiles as miñas desgracias e os seus castigos. Iluminoume coas súas luces, que me fixeron recordar ideas dignas do meu berce e da miña educación. Como a tranquilidade empezara a renacer un pouco na miña alma, aquel cambio foi seguido de preto pola curación. Entregueime de cheo ás inspiracións do honor e continuei atendendo o meu pequeno emprego, esperando os navíos de Francia que van, unha vez ó ano, a esa parte de América. Estaba decidido a regresar á miña patria para reparar alí, cunha vida sensata e ordenada, o escándalo da miña conduta. Synnelet tivera ansia de mandar transportar o corpo da miña querida amante a un lugar honorable.

Foi unhas seis semanas despois do meu restablecemento cando, paseando só un día, pola ribeira, vin chegar un navío que asuntos de comercio traían ó Novo Orleáns. Estaba atento ó desembarque dos pasaxeiros. Quedei sorprendido en extremo ó recoñecer a Tiberge entre os que avanzaban cara a vila. Ese fiel amigo recoñeceume de lonxe, malia os cambios que a tristeza gravara no meu rostro. Fíxome sabedor de que o

único motivo da súa viaxe fora o desexo de verme e de exhortarme a retornar a Francia; que tendo recibido a carta que eu lle escribira desde o Havre, acudira alí en persoa para levarme a axuda que lle pedía; que sentira a máis viva dor ó coñecer a miña marcha e que tería saído ó momento para seguirme, se atopase un navío disposto a facerse á mar; que estivera buscando durante varios meses en diversos portos e que, atopando por fin un en Saint-Malo, que levaba áncora rumbo á Martinica, embarcara nel, coa esperanza de achar desde alí unha pasaxe fácil para ó Novo Orleáns; que tras ser capturado o barco de Saint-Malo, no traxecto, por uns corsarios españois e conducido a unha das súas illas, el escapara con habilidade; e que despois de diversos itinerarios, atopara a ocasión do pequeno barco que acababa de arribar, para chegar felizmente onda min.

Eu non podía mostrar agradecemento abondo por un amigo tan xeneroso e tan constante. Conducino á miña casa. Fíxeno dono de todo o que posuía. Conteille todo o que me ocorrera des que saíra de Francia, e para causarlle unha alegría que non esperaba, declareille que as sementes de virtude que noutrora botara no meu corazón comezaban a producir froitos que o ían satisfacer. Aseguroume que tan doce certeza o compensaba de todas as fatigas da viaxe.

Pasamos dous meses xuntos no Novo Orleáns, a esperar a chegada dos navíos de Francia e, facéndonos, por fin, á mar, tocamos terra hai quince días no Havre-de-Grâce. Escribinlle á miña familia nada máis chegar. Souben, pola resposta do meu irmán maior, a triste noticia da morte de meu pai, á cal me temo, con demasiada razón, que os meus extravíos teñan contribuído. Sendo o vento favorable para Calais, embarquei de contado, co desexo de chegar a unhas leguas desa vila, á casa dun xentilhome parente meu, onde meu irmán me escribe que debe agardar pola miña chegada.

FIN DA SEGUNDA PARTE

© BIVIR – Asociación de Tradutores Galegos
© da tradución, Emma Lázare

Notas

1 (Páxina 1) "Que se diga agora mesmo o que se debe dicir agora mesmo, pospoñer a maior parte e omitilo polo momento.

Estes dous versos van subordinados a un primeiro que diría: "Ou me engano ou o valor e o primor do orde estará en..." [N. da T.]

2 (P. 5) *Hôpital-Général*: prisión de mulleres.

3 (P. 21) La *Comédie*. La Comédie Française: teatro parisiense, que aínda existe.

4 (P. 22) Os beneficios eran prebendas económicas da Igrexa.

5 (P. 25) Os Recadadores de impostos (fermier général) eran homes de gran fortuna.

6 (P. 26) Chaillot, Tullerías. Hoxe barrios céntricos e elegantes de París.

7 (P. 31, P. 34) Liga da Industria: asociación dalgúns membros da nobreza, nas casas de xogo. Unha destas casas de xogo era o Hotel de Transilvania, propiedade do príncipe de Raczci de Transilvania, onde se xogaba ó faraón, xogo de azar propicio ó engano.

8 (P. 44) Saint-Lazare prisión para delincuentes comúns.

9 (P. 64) Xardín do Luxembourg, onda o palacio do mesmo nome, no Barrio latino.

10 (P. 92) O Petit Châtelet: prisión de París ata o século XVIII.

11 (P. 96) La Grève: antigo areal, hoxe praza situada á beira do Sena, diante do actual Concello de París, na que se reunían os desocupados (*grève* significa orixinariamente *area*, hoxe tamén *folga*) e onde tiñan lugar as execucións dos condenados a morte.